

INFORME MULLERES_HOMES

MUNICIPIO E CONTORNA GALEGA

Diferencias na sociedade en base aos datos estatísticos

EC_LL

*Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022*

PRESENTACION

Mulleres e homes na cidade

Como os anos anteriores presentase o estudo, referido as diferentes circunstancias básicas sociais de homes e mulleres como son a demografía, migracións, traballo, pensións e outros recursos que poden coñecerse a través dos últimos datos anuais que ofrecen as estatísticas oficiais do Instituto Galego de Estatística a nivel municipal.

Homes e mulleres na contorna galega

Como marco de referencia, complementase a información que describe a situación de homes e mulleres ampliando esta investigación, tamén baseada nas estatísticas oficiais que ofrecen datos desagregados por sexo, para poder conformar deste xeito o marco de coñecemento da realidade da vida social galega nas súas múltiples situacións reflectindo diferencias en homes e mulleres.

Móstranse diferentes aspectos e características da nosa realidade social en ámbitos como a educación, profesionalismo, actividade e ocupacións laborais, o poder e toma de decisións. O traballo por conta propia, a satisfacción co traballo e a situación profesional, o uso das novas tecnoloxías.

A conformación dos fogares, súa composición, responsabilidades e diferentes aspectos relativos a conciliación e a situación económica.

Achega tamén aspectos do desenvolvemento da nosa vida nas relacións sociais, o sentimento de satisfacción, confianza e seguridade, solidariedade e conducta cívica.

No tema da Xustizaponse de manifesto a realidade penal respecto a delitos xerais, violencia de xénero e a violencia doméstica no noso ámbito social.

Por último amosa o estado de saúde, a práctica de hábitos saudables, a morbilidade e defuncións.

EC_LL

*Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022*

INDICE DE CONTIDOS

CONCELLO DA CORUÑA	
POBOACION	9
Poboación segundo a nacionalidade	10
Estrutura por idades	11
Indicadores demográficos	12
MOVEMENTO NATURAL	14
Nacementos e defuncións	14
Fecundidade	15
MOVEMENTOS MIGRATORIOS	16
Emigración e Inmigración	16
Idade nas migracións	17
TRABALLO	19
Afiliacións en alta na Seguridade Social	19
Paro rexistrado	21
Paro por idade	22
Paro por sector de actividade	23
Por actividades económicas	24
Duración da demanda ou antigüidade	27
Poboación en relación coa actividade (EPA)	28
Taxas en relación coa actividade	29
Taxa de actividade	30
Taxa de ocupación	30
Taxa de paro	30
Contratos	31
Contratos a persoas residentes no concello	31
Duración dos contratos	32
Idades	32
Salarios por conta allea	33
Media e mediana do salario por hora 2018 e 2019	34
Media e Fenda salarial salario/hora por xornada, idade actividade económica	35
PENSIONS	36
Pensións contributivas da Seguridade Social	36
Pensións non contributivas da Seguridade Social	37
PRESTACIONS	38
Prestacións non contributivas da Xunta de Galicia	38
Outras prestacións	38

CONTORNA GALEGA

EDUCACION	43
Nivel de formación	43
Abandono escolar e taxas de graduación	44
Ensinanza universitaria por sexo	45
Educación de persoas adultas	46
PROFESIONALIZACIÓN E ACTIVIDADE LABORAL	47
Ramas de actividade	47
Grupos profesionais da actividade laboral	48
ACTIVIDADE E OCUPACIONS	51
Réximes da afiliación na Seguridade Social	51
Ocupacións na educación	53
Profesorado na educación non universitaria	53
Profesorado na educación universitaria	53
Ocupacións na sanidade	55
Ocupacións nas administracións públicas	57
PODER E TOMA DE DECISIONS	61
Representación governamental	61
Dirección e xerencia de empresas e actividades profesionais	63
Administración de Xustiza	65
Porcentaxe de paridade nas institucións e dirección xerencia nas empresas	66
O TRABALLO POR CONTA PROPIA	67
Razóns para traballar por conta propia	67
Dificultades	69
Clientela	70
Traballo en sociedade	70
Actividades económicas nas que crean empresas ou sociedades	71
EMPRENDEMENTO	72
Perfís	72
Factores psicolóxicos na decisión de emprender	73
Aspectos culturais	73
SATISFACCIÓN CO TRABALLO E SITUACIÓN PROFESIONAL	75
USO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN	76
Diferencias por grupo de idades	77
Compras por internet	77
Uso do móbil	78
CAPITAL SOCIAL :BENESTAR	79
FOGARES	79
Tamaño e composición	79
Fogares unipersoais	80
Fogares monoparentais	82
Fogares segundo teñan ou non nenos/as e mocidade a cargo	84

Mocidade que vive no fogar familiar	85
Persoa sustentadora económica principal do fogar	86
Ingresos segundo o tipo de fogar	88
Pobreza	89
CONCILIACION	90
Excedencia por coidado de fillos e por familiares	91
Responsabilidades de coidados regulares segundo a situación laboral	92
Medidas laborais de conciliación	94
Coidado de menores e conciliación familiar	94
Axuda para o coidado de menores	95
Dedicación de tempo as actividades cos fillos/as	95
RELACIONS FAMILIARES E SOCIAIS	97
Frecuencias nas relacións	97
Persoas a quen pedir axuda	99
SATISFACION XERAL	102
Grados de satisfacción en diferentes aspectos	102
Outros factores a considerar na satisfacción	104
SEGURIDADE	106
Incidencia de diversos sucesos	107
Grado no que temen diversos sucesos	107
XUSTIZA	110
Condenas	110
Condenas segundo a nacionalidade	113
Tipos de penas	114
Poboación reclusa	116
Demanda da asistencia xurídica gratuíta	117
Menores	117
VIOLENCIA DOMÉSTICA	120
Vítimas.	120
Persoas denunciadas por violencia doméstica	122
Relación vítima/persoa denunciada	122
Delitos imputados	123
Persoas condenadas por violencia doméstica	124
Condenas con sentenza firme e absolucións	125
Medidas cautelares	125
Penas e medidas ditadas con sentenza firme	126
VIOLENCIA DE XENERO	128
Mulleres mortas por violencia de xénero	128
Denuncias por violencia de xénero	128
Vítimas perceptoras da Renda Activa de Inserción	130
Asuntos incoados	131
Vítimas de violencia de xénero	131

Vítimas segundo a relación co denunciado	131
Vítimas segundo a nacionalidade	132
Delitos imputados aos denunciados	132
Medidas cautelares ditas	133
SENTENZAS FIRMES NA VIOLENCIA DE XÉNERO	134
Delitos imputados con sentenza firme	134
Penas e medidas ditas sobre o condenado por violencia de xénero en asuntos con sentenza firme	135
Idade e lugar de nacemento das vítimas e condenados	137
Absolucións	138
Axudas	139
CONFIANZA	141
Confianza nos ámbitos das relacións persoais	141
Confianza nas institucións	145
SOLIDARIEDADE E CONDUCTA CÍVICA	146
Accións solidarias	147
Cidadanía	149
SAÚDE	151
Estado de saúde	151
Discapacidade	152
Limitacións para realizar actividades habituais	154
Acceso a coidados sanitarios	155
Estado emocional	158
Morbilidade hospitalaria	164
Estadía media de hospitalización	165
Interrupcións voluntarias de embarazo	167
Casos de VIH e sida	168
Defuncións	169
Defuncións por idade	169
Defuncións segundo a causa	170
Defuncións por Alzheimer	171
Defuncións por causas externas	172
Defuncións por suicidio	172
Defuncións por accidentes de tráfico	173
DETERMINANTES DE SAÚDE	175
Características físicas	175
Consumo de tabaco	175
Consumo de alcohol	177
Actividade física	178
Alimentación	180

EC_LL

*Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022*

POBOACION

O Concello da Coruña conta cunha superficie total de 37,6 km² e segundo os datos do Padrón Municipal de Habitantes ten unha poboación de 113.806 homes (46.4%) e 131.662 mulleres (53.6%), 245.468 habitantes no ano 2021, sendo a súa densidade de poboación de 6.528,40 habitantes/km².

No último ano a poboación conta con 2.136 persoas menos (-970 homes e -1116 mulleres), un descenso de 0.9%, que é unha diferenza pouco significativa pero que rompe o pequena tendencia ao ascenso que viña producíndose dende o ano 2016.

Poboación segundo a nacionalidade

Tras un descenso no período 2014 a 2017 da porcentaxe de persoas residentes no concello con nacionalidade estranxeira, vai lentamente en aumento chegando no 2021 a ser o 6.1% da poboación, un 5.8% das mulleres e un 6.3% dos homes.

Pese ao descenso do total da poboación no municipio, a de nacionalidade estranxeira continúa aumentando, pero en menor medida que no ano anterior. Se no 2020 sumáronse 898 homes, no 2021 foron só 51. Nas mulleres incrementouse no ano 2020 en 1.013 e no 2021 restou (-21). No caso das persoas con nacionalidade española, o descenso no último ano cífrase en -970 homes e -1166 mulleres.

A poboación con nacionalidade estranxeira a constitúen, a 1 de xaneiro de 2021, unhas 7.697 mulleres e 7.269 homes, mostrando unha porcentaxe equilibrada por sexo, oscilando nas diferentes nacionalidades nun abano 40-60 %. A excepción de esta distribución é a poboación con nacionalidade africana maioría notable de homes. No caso oposto, con predominio notorio de mulleres están Polonia, Rusia e Ucraína mentres que de América do Sur unicamente as mulleres superan o 60% no caso de Paraguai e Brasil.

No 2021 reduciuse a poboación africana e de Europa, aumentando a de Perú e Colombia.

Evolución da porcentaxe de poboación estranxeira no concello									
	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
% do total poboación	5,4	4,9	4,4	4,3	4,3	4,7	5,3	6,0	6,1
% dos homes	5,7	5,2	4,8	4,6	4,6	5,0	5,5	6,2	6,3
% das mulleres	5,1	4,6	4,1	4,0	4,0	4,6	5,1	5,8	5,8

Fonte: elaboración propia cos datos do IGE

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022

Poboación con nacionalidade estranxeira segundo o sexo e país de procedencia Variación 2020-2021							
	2021			% 2021	Variación (nº) 2020- 2021		
	Total	Muller	Home	Mulleres	Total	Home	Muller
Total poboación	245.468	113.806	131.662	53,64	-2.136	-970	-1.166
Total estranxeira	14.866	7.169	7.697	51,78	30	51	-21
Total Europa	3.410	1.668	1.742	51,09	-63	-17	-46
Alemaña	120	55	65	54,17	4	2	2
Bulgaria	95	46	49	51,58	-2	-1	-1
Francia	196	101	95	48,47	8	6	2
Italia	800	427	373	46,63	24	16	8
Polonia	76	17	59	77,63	5	0	5
Portugal	568	288	280	49,30	-18	-16	-2
Reino Unido	245	142	103	42,04	2	9	-7
Rumanía	550	240	310	56,36	-60	-31	-29
Rusia	149	47	102	68,46	-11	-1	-10
Ucraina	142	54	88	61,97	-14	-4	-10
Total África	1.883	1.332	551	29,26	-37	-12	-25
Arxelia	203	160	43	21,18	3	5	-2
Marrocos	510	323	187	36,67	-4	8	-12
Nixeria	165	83	82	49,70	-4	-1	-3
Senegal	743	599	144	19,38	-15	-18	3
Total América	8.637	3.692	4.945	57,25	137	78	59
Arxentina	365	174	191	52,33	-4	6	-10
Bolivia	123	54	69	56,10	-15	-7	-8
Brasil	927	327	600	64,72	-42	-14	-28
Colombia	1.479	646	833	56,32	116	55	61
Cuba	757	360	397	52,44	-43	-24	-19
Chile	90	48	42	46,67	11	10	1
Ecuador	107	56	51	47,66	-9	-7	-2
Paraguai	155	42	113	72,90	0	1	-1
Perú	1.066	473	593	55,63	95	41	54
República Dominicana	584	257	327	55,99	-39	-15	-24
Uruguai	278	120	158	56,83	-18	-15	-3
Venezuela	2.221	944	1.277	57,50	104	42	62
Total Asia	921	467	454	49,29	-6	0	-6
China	524	260	264	50,38	-3	4	-7
Oceanía e apátridas	15	10	5	33,33	-1	2	-3

Fonte: IGE


Por outra banda, o Padrón de Residentes no estranxeiro (PERE.-INE) indica que do municipio da Coruña, hai 34.106 persoas, uns 16.826 homes e 17.280 mulleres, residindo no estranxeiro, 102 homes e 106 mulleres máis que no 2020, seguindo unha traxectoria de ascenso en ambos sexos, pero en menor medida que en anos anteriores.

Evolución do nº de persoas do municipio residindo no estranxeiro											
	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
Home	11.915	12.752	13.385	14.139	14.869	15.494	15.973	16.219	16.434	16.724	16.826
Muller	12.360	13.301	13.844	14.532	15.273	15.852	16.322	16.597	16.826	17.174	17.280

Fonte.. IGE. Padrón de Residentes no estranxeiro (PERE.-INE)

Estrutura por idades

Como resultado da evolución dos fenómenos demográficos, a poboación do municipio da Coruña mostra a seguinte estrutura: A poboación menor de 20 anos son o 16% con 19.913 mozos e 19.258 mozas. O grupo na principal idade laboral, de 20 a 64 anos, acada o 58.9 % (69.325 homes e 75.215 mulleres) e no grupo de maiores de 64 achega ao 28.2 % (24558 homes e 37189 mulleres).



Entre o ano 2020 e 2021 baixou a poboación no grupo de 0 a 20 anos, e tamén na de 20 a 64 mentres que aumenta na de maiores de 64. Os datos en relación con anos anteriores indican certa estabilidade na porcentaxe de menores de 20 anos, pero un descenso no grupo de 20-64 ao tempo que aumenta o de maiores de 64 anos.

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022

Distribución da poboación por grandes grupos de idade 2020-2021 (nº e %)									
2020					2021				
Grupo de idade	Total	Homes	Mulleres		Grupo de idade	Total	Homes	Mulleres	
Nº	<20	39801	20249	19552	N	< 20	39171	19913	19258
	20-64	146428	70102	76326		20-64	144540	69325	75215
	>64	61375	24425	36950		>64	61757	24568	37189
	Total	247604	114776	132828		Total	245468	113806	131662
%	< 20	16,1	17,6	14,7	%	< 20	16,0	17,5	14,6
	20-64	59,1	61,1	57,5		20-64	58,9	60,9	57,1
	>64	24,8	21,3	27,8		>64	25,2	21,6	28,2

Distribución da poboación por grupos quinquenais de idade e sexo. A Coruña 2021				% mulleres
Grupo de idade	Total	Homes	Mulleres	
Total	245468	113806	131662	53,6
0-4	8510	4347	4163	48,9
5-9	10000	5103	4897	49,0
10-14	10719	5403	5316	49,6
15-19	9942	5060	4882	49,1
20-24	9997	5115	4882	48,8
25-29	11483	5735	5748	50,1
30-34	12934	6323	6611	51,1
35-39	16591	8199	8392	50,6
40-44	20642	9987	10655	51,6
45-49	21081	10130	10951	51,9
50-54	18786	8942	9844	52,4
55-59	16911	7691	9220	54,5
60-64	16115	7203	8912	55,3
65-69	14577	6263	8314	57,0
70-74	14666	6160	8506	58,0
75-79	12421	5164	7257	58,4
80-84	8891	3496	5395	60,7
85 e máis	11202	3485	7717	68,9

I.G.E. - Instituto Galego de Estatística. INE. Padrón municipal de habitantes

Indicadores demográficos

Tomando como referencia o Padrón Municipal de Habitantes (IGE), o índice de envelhecimento 2021, número de persoas de 65 ou máis anos por cada 100 menores de 20 anos, é de 157,7 en xeral, pero superior nas mulleres que acada o 193,1 e nos homes 123,38.

Este índice vai aumentando notablemente ao igual que o índice xeral de sobreenvellecemento, número de persoas de 85 ou máis anos por cada 100 de 65 ou máis anos, é de 17,5, sendo máis alto nas mulleres (20,1%) que nos homes 13,5%.

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022

O índice de dependencia global, ou a relación entre os grupos de poboación potencialmente dependentes (poboación menor de 15 anos e poboación maior de 64 anos) e o grupo de poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos) continúa aumentando e sitúase en 58,87, o que ven a ser 59 persoas dependentes por cada 100 activas. Nos homes este índice é 52.96 e nas mulleres 64.35

Dada a evolución na estrutura de idade, co aumento da porcentaxe de persoas maiores e redución de menores, aumenta a dependencia senil e redúcese a xuvenil, e tamén aumenta a idade media da poboación chegando a 46.56 na actualidade (48, 47 nas mulleres e 44.34 nos homes).

Nas idades intermedias, nas que se sitúa a poboación potencialmente activa (16 a 64 anos), o índice da relación entre a poboación do tramo de 40 e 64 anos e a poboación entre 15 e 39 anos, é de 159.77 maiores de entre 40 a 64 por cada 100 xoves de 16 a 39, índice que foi aumentando nos últimos anos

Así tamén o índice de recambio da poboación activa, que mide a capacidade dunha poboación para substituír os individuos que van xubilando anos, sitúase en 186 maiores que saen da idade de actividade por cada 100 xoves que entran.

Indicadores demográficos. Concello da Coruña 2019-2020						
	Total		Homes		Mulleres	
	2019	2020	2019	2020	2019	2020
Idade media no 1 de xaneiro	46,39	46,56	44,17	44,34	48,3	48,47
Porcentaxe de poboación menor de 20 anos	16,49	16,5	18,19	18,17	15,02	15,07
Porcentaxe de poboación entre 20 e 64 anos	59,28	59,03	61,29	61,07	57,54	57,27
Porcentaxe de poboación de 65 e máis anos	24,23	24,47	20,52	20,76	27,43	27,67
Índice de envellecemento	146,94	148,26	112,81	114,24	182,64	183,66
Índice de sobreenvellecemento	15,95	16,76	11,76	12,36	18,65	19,61
Índice de dependencia global	58,5	58,87	52,72	52,96	63,87	64,35
Índice de dependencia xuvenil	20,1	20	21,37	21,21	18,91	18,88
Índice de dependencia senil	38,41	38,87	31,34	31,75	44,96	45,47
Índice de estrutura da poboación en idade activa	148,39	151,1	140,29	142,37	156,4	159,77
Índice de recambio da poboación en idade activa	167,29	164,44	146,16	143,43	189,3	186,25
Índice de masculinidade	86,37	86,26	-	-	-	-

IGE. Indicadores demográficos (26-03-2021)

MOVEMENTO NATURAL

Nacementos e defuncións

No ano 2020 houbo 1.501 nacementos e 2.651 defuncións no concello, do que resulta un continuo decrecemento vexetativo chegando perder 1.150 persoas.

Esta perda ven incrementándose hai moitos anos, dende 1990, cunha tendencia xeral de menos nacementos e unha relativa estabilidade no número de defuncións, que neste ano da pandemia poido acentuarse con máis mortes.

Movemento natural	2019	2020
Nacementos	1577	1.501
Mulleres	779	748
Homes	798	753
Defuncións	2459	2.651
Mulleres	1242	1366
Homes	1217	1285
Saldo vexetativo	-882	-1.150
Mulleres	-463	-618
Homes	-419	-532
IGE. 25/02/2022		

15

Por outra banda, a esperanza de vida vai aumentando aínda que no ano 2020, coa pandemia, truncouse retornando a valores inferiores aos do 2018. En todo caso continúa sendo maior nas mulleres.

Esperanza de vida nas distintas idades											
	Ao nacer				Aos 65 anos				Aos 80		
	2018	2019	2020		2018	2019	2020		2018	2019	2020
Mulleres	86,25	87,2	86,07		23,92	24,94	23,52		11,56	12,39	10,35
Homes	80,18	80,7	79,72		19,47	20,15	18,96		9,08	9,72	8,97
Total	83,43	84,19	83,11		21,96	22,84	21,5		10,59	11,35	10,36

Fonte: IGE.

	2019	2020
Taxa bruta de mortalidade	10,0	10,7
Mulleres	9,4	10,3
Homes	10,7	11,2
Taxa de natalidade	6,48	6,17

Defuncións por cada mil habitantes, calculada en base a cifra de poboación total en PMH (IGE) a 1 de xaneiro do ano correspondente.

A taxa bruta de mortalidade aumentou no ano 2020, en mulleres e homes, tras ter presentado un descenso no anterior período 2018-2019 .

A taxa de natalidade continua reducíndose. No ano 2020 a taxa foi de 6.17 nacementos por cada 1.000 habitantes mentres que no 2019 era de 6.48.

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022

Esta evolución demográfica mostra o descenso de relevo xeracional por falta de nacementos.

Outros indicadores de fecundidade mostran algúns factores que reforzan e acompañan este feito.

Fecundidade

A taxa bruta de reprodución, número medio de fillas que tería unha muller en ausencia de mortalidade ao longo da súa vida, que é de 0.51 no ano 2020, veu reducíndose lenta e inexorablemente. Así mesmo a taxa de fecundidade en 2020 situase en 29 nacementos por cada mil mulleres en idade fértil (15 a 49 anos) cando en 2017 era de 34.14

Diversos feitos inciden nesta tendencia como é o retraso da idade media a maternidade, actualmente nos 33.4 anos, e coa redución de número de fillos/as tal como mostra o índice sintético de fecundidade, pasando de 1.13 no 2017 ao 1.02 no 2020 .

Outro aspecto social en relación coa fecundidade, que mostra importantes cambios nos últimos anos, é a porcentaxe de nais non casadas (46,24%) o que denota outros valores na formación das familias.

Variación interanual nos principais indicadores de fecundidade				
Indicadores	2017	2018	2019	2020
Taxa xeral de fecundidade	34,14	32,03	30,12	29
Idade media á maternidade	33,28	33,54	33,4	33,37
Idade media da nai ao nacemento do primeiro fillo	32,33	32,4	32,41	32,27
Índice sintético de fecundidade	1,13	1,08	1,04	1,02
Taxa bruta de reprodución	0,55	0,5	0,51	0,51
Porcentaxe de nacementos de nai non casada	44,83	43,49	45,34	46,24
<i>Os indicadores de fecundidade elabóranse a partir dos datos definitivos do Movemento natural da poboación do ano de referencia. IGE (25/03/2022)</i>				

MOVEMENTOS MIGRATORIOS

Emigración e inmigración

Os movementos migratorios no 2020 reflicten a incidencia social do Covid na redución da inmigración interna e tamén na emigración externa.

No ano 2020 o total da **inmigración** foi de 8.680 persoas, 2.657 persoas menos que no 2019. O 48.7% procede da mesma Galicia, outro 27.8% doutra CCAA e un 23.5% do estranxeiro.

Na inmigración estranxeira redúcese á metade a cifra de persoas respecto ao ano anterior. En 2019 inmigraron unhas 2.044 mulleres, mentres que en 2020 foron 926. Nos homes pasaron de inmigrar 1.980 a 926.

No sentido contrario do fluxo, a **emigración** do concello pasou de 8.453 no 2019 a 8.670, aumento debido as persoas que van a outros concellos de Galicia, pero redúcese a cifra das que van a outra comunidade.

Na emigración ao estranxeiro a cifra é de 555 homes e 575 mulleres, cifra inferior pero moi semellante a do ano 2019.

Tanto na emigración como na inmigración mantense a distribución similar por sexo, constituíndo as mulleres máis do 51%.

Movements migratorios por sexo 2019 e 2020. Concello da Coruña						
	2019		2020		Variación 2019-2020	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Emigración	4134	4319	4197	4473	63	154
Emigración interna	2416	2551	2729	2999	313	448
Emigración externa	1718	1768	1468	1474	-250	-294
A outra CCAA	1170	1174	913	899	-257	-275
Ao estranxeiro	548	594	555	575	7	-19
Inmigración	5447	5890	3828	4067	-1619	-1823
Inmigración interna	2358	2632	1831	2012	-527	-620
Inmigración externa	3089	3258	1997	2055	-1092	-1203
Doutra CCAA	1109	1214	1071	1125	-38	-89
Do estranxeiro	1980	2044	926	930	-1054	-1114

Fonte: INE. Estatística de variacións residenciais. Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo INE. I.G.E. - Instituto Galego de Estatística (31/08/2020)

Por primeira vez en moitos anos o **saldo migratorio global** 2020 conclúe no concello da Coruña cunha cifra negativa, (-775), con 369 homes e 406 mulleres menos, como resultado do movemento no interior de Galicia (-1.885), que non compensou co saldo externo positivo (1.110).

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022

En calquera caso este ano 2020 mostra un cambio notorio nos fluxos migratorios dos últimos anos. Coas outras provincias de Galicia o saldo era positivo a lo menos dende 1992 ata este último ano 2020 que mudou a tendencia con -1885. Feito que pode ter relación coa pandemia.

Co saldo migratorio externo, se ben continúa positivo principalmente por a inmigración do estranxeiro, este ano redúcese notablemente, pasando de 2.882 (1.432 homes e 1.450 mulleres) á cifra de 726 no ano 2020 (371 en homes e 355 mulleres).

SalDOS migratorios 2019 e 2020						
	2019			2020		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total Saldo migratorio	2884	1313	1571	-775	-369	-406
Interno (Galicia)	23	-58	81	-1885	-898	-987
Externo	2861	1371	1490	1110	529	581
<i>Co resto de España</i>	-21	-61	40	384	158	226
<i>co estranxeiro</i>	2882	1432	1450	726	371	355

Fonte: IGE (20-08-2021)

Como resumo, as taxas destes movementos migratorios no ano 2020 indican un descenso notorio da inmigración de mulleres e homes, mentres que a taxa de emigración dentro de Galicia aumentou lixeiramente.

18

Na seguinte táboa figuran as taxas, por sexo, segundo os tipos de migración nos dous últimos anos. As diferentes taxas de migracións acadan un valor máis alto nos homes

Taxas segundo o tipo de migración por sexo. 2019 e 2020				
	2019		2020	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Emigración	36,29	32,77	36,57	33,68
Emigración interna	21,21	19,35	23,78	22,58
Emigración externa	15,08	13,41	12,79	11,10
A outra CCAA	10,27	8,91	7,95	6,77
Ao estranxeiro	4,81	4,51	4,84	4,33
Inmigración	47,82	44,69	33,35	30,62
Inmigración interna	20,70	19,97	15,95	15,15
Inmigración externa	27,12	24,72	17,40	15,47
Doutra CCAA	9,74	9,21	9,33	8,47
Do estranxeiro	17,38	15,51	8,07	7,00

Fonte: IGE (20-08-2021)

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022


Idade nas migracións

Os datos de 2020, sen desagregar por sexo, indican que case a metade das persoas que migran teñen entre 30 e 54 anos e un 13% son menores de 16 anos.

No caso de maiores de 55 anos e maior a porcentaxe de quen vai a residir fora do concello (19%) de quen ven a residir nel. (14.5%), mentres que en menores de 16 a 29 anos, sucede o contrario, veñen máis persoas das que se van.

Grupos de idade segundo o tipo de migración no concello da Coruña				
	Nº		% columna	
	Inmigración	Emigración	Inmigración	Emigración
Total	7895	8670	100	100
<16 anos	1016	1120	12,9	12,9
De 16 a 29 anos	2085	1772	26,4	20,4
De 30 a 54 anos	3650	4127	46,2	47,6
De máis de 55 anos	1144	1651	14,5	19,0

Fonte: IGE (20-08-2021)



TRABALLO

Abordase este tema en base a dous tipos de fontes

- Os rexistros oficiais, a finais de cada mes, das afiliacións de persoas residentes no concello en situación de alta laboral na Seguridade Social e os rexistros do paro no Servizo Publico de Emprego tamén a final de cada mes que proporcionan información de diferentes variables en relación coas persoas en paro.
- Por outra banda está Enquisa de Poboación Activa (IGE_INE) que neste caso do concello aconsellan considerar con precaución por o tamaño da mostra, co conseguinte marxe de error.


Ambas ofrecen unha aproximación diferente que non sempre é exacta, pero permiten a mellor información dispoñible.

Afiliacións en alta na Seguridade Social

A pandemia veu a truncar o incremento de afiliacións que, tras a crise de 2008, que se iniciou no 2014. Os datos de 2021 mostran unha recuperación de parte das afiliacións perdidas, cun aumento respecto a 2020 pero sen chegar a cifra media de 2019.

20

A media de afiliacións en 2021 é de 45.152 mulleres e 42.483 homes, o que supón un incremento anual de 905 homes (2.2%), tras a perda no 2020 de 1.132 (-2.7%). Nas mulleres o incremento anual foi de 503 (1.1%) cando no 2020 perdéronse 811 (-1.8%).




EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
 Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
 Concello da Coruña. 2022

Evolución afiliacións na Seguridade Social persoas residentes no concello da Coruña										
	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
Homes	40588	39209	38961	39628	40230	41186	42110	42710	41578	42483
Mulleres	42632	41754	41888	42449	43150	43924	44813	45459	44649	45152
%mulleres	51,2	51,6	51,8	51,7	51,8	51,6	51,6	51,6	51,8	51,5

Elaboración propia en base a media dos datos trimestrais. Fonte dos datos: IGE (28-01-2022)

A distribución de persoas afiliadas na Seguridade Social mostra unha cifra superior de mulleres en tódolos grupos de idade, agás nas menores de 24 anos o que está vinculado, en xeral, ao maior tempo de formación previa a súa incorporación ao mercado laboral.



Por grupos de idade, a perda de afiliacións na Seguridade Social no ano 2020, afectado por a pandemia, foi de -1131 homes (-2.7%) e -811 mulleres (-1.8%), principalmente nas persoas menores de 44 anos, mulleres e homes.

No 2021 producíronse 905 altas (2.2%) en homes e 503 (1.1%) en mulleres. Aumentaron en case todos os grupos menos nas persoas de 35 a 45 anos, en ambos sexos e nas mulleres de 25 a 29, sen chegar a compensar nestes grupos a perda do ano anterior.

Variación afiliacións na Seguridade social 2019-2020 e 2020-2021										
Idades	Homes					Mulleres				
	2021	2019-2020		2020-2021		2021	Var. 2019-2020		2020-2021	
		Nº	%	Nº	%		Nº	%	Nº	%
<20	135	-43	-27,6	24	21,6	97	-37	-28,5	4	4,6
20-24	1360	-145	-10,8	169	14,1	1132	-187	-14,9	64	6,0
25-29	2973	-136	-4,6	156	5,5	3055	-212	-6,4	-32	-1,0
30-34	3992	-313	-7,3	3	0,1	4314	-207	-4,6	9	0,2
35-39	5538	-359	-6,0	-66	-1,2	5660	-431	-6,9	-129	-2,2
40-44	6817	-422	-5,7	-130	-1,9	7163	-202	-2,7	-204	-2,8
45-49	7043	98	1,4	168	2,4	7529	39	0,5	260	3,6
50-54	5997	113	2,0	333	5,9	6351	111	1,8	189	3,1
55-59	4506	-120	-2,7	109	2,5	5146	29	0,6	171	3,4
>=60	4121	194	5,1	139	3,5	4707	286	6,7	172	3,8
Total	42483	-1132	-2,7	905	2,2	45152	-811	-1,8	503	1,1

Fonte: IGE


EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
 Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
 Concello da Coruña. 2022

Paro rexistrado

A media do paro rexistrado no ano 2021 foi de 9.196 mulleres, o 56% do total, e 7.130 homes (44%).

Tras a alza do paro producida no 2020 coa pandemia, a evolución do paro rexistrado mostra un descenso medio no 2021 de 1059 homes (-13.6%) e de 973 mulleres (-9.6%).



Evolución do paro rexistrado													
	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
Total	17.705	19.510	20.591	23.038	23.535	22.256	20.684	19.301	18.157	17.153	16.407	18.419	16.326
Home	7.894	8.801	9.469	10.966	11.212	10.521	9.574	8.791	8.160	7.667	7.191	8.250	7.130
Muller	9.812	10.710	11.122	12.072	12.323	11.736	11.110	10.509	9.997	9.486	9.216	10.169	9.196

Fonte: IGE.

Comparando o paro co seu grupo de poboación en idade laboral, a brecha por sexo foi reducíndose. No 2007 era de 2.9 puntos porcentuais de diferenza, e son na actualidade 1.9.

A crise de 2008 reduciu a diferenza do paro entre homes e mulleres pero por causa do incremento do paro en actividades económicas masculinizadas no mercado laboral. Unha vez comezou a recuperación, a brecha volta a mostrarse nos datos, aínda que menos acusada.

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
 Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
 Concello da Coruña. 2022

Relación do paro coa poboación con 16 ou máis anos															
	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
Paro homes / pob homes* 100	6,3	7,0	9,9	11,2	12,1	14,2	14,7	14,0	12,8	11,9	11,0	10,4	9,8	11,1	9,7
Paro mulleres / pob mulleres*100	9,2	9,3	11,3	12,5	13,1	14,3	14,8	14,3	13,7	13,1	12,5	11,9	11,6	12,7	11,6
Diferencia M-H	2,9	2,4	1,4	1,3	0,9	0,1	0,1	0,3	0,9	1,2	1,5	1,5	1,8	1,6	1,9

Fonte: Elaboración propia con datos publicados no IGE.


Paro por idade

No ano 2021 reduciuse o paro, nunhas 2.073 persoas, -1.120 (-13.6%) nos homes e -973 (-9.6%) nas mulleres, en tódolos grupos de idade para homes e mulleres, contrarrestando en diferentes medidas os incrementos producidos no 2020. O descenso foi principalmente nas persoas menores de 45 anos.

A distribución do paro mostra unha cifra maior segundo aumenta a idade.

Variación do paro rexistrado 2019-2020 e 2020-2021										
Idades	Homes					Mulleres				
	Nº 2021	Var. 2019-2020		Var. 2020-2021		Nº 2021	Var. 2019-2020		Var. 2020-2021	
		Nº	%	Nº	%		Nº	%	Nº	%
<20	51	-5	-5,5	-35	-40,7	52	0	0,0	-42	-44,7
20-24	254	59	20,9	-87	-25,5	291	72	22,2	-105	-26,5
25-29	584	197	32,7	-215	-26,9	701	147	20,9	-150	-17,6
30-34	597	122	18,9	-172	-22,4	817	132	15,6	-163	-16,6
35-39	686	112	14,8	-183	-21,1	977	121	11,7	-177	-15,3
40-44	821	159	18,9	-181	-18,1	1.261	127	10,0	-140	-10,0
45-49	991	86	8,8	-74	-6,9	1.307	106	8,4	-66	-4,8
50-54	1.032	106	10,2	-117	-10,2	1.266	125	10,6	-35	-2,7
55-59	1.111	110	10,5	-46	-4,0	1.289	12	0,9	-10	-0,8
>=60	1.003	113	12,6	-10	-1,0	1.234	111	9,2	-85	-6,4
Total	7.130	1059	14,7	-1120	-13,6	9.196	953	10,3	-973	-9,6

Fonte: Elaboración propia con datos publicados no IGE.



EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022


Sector de actividade

Por gran sector de actividade, os servizos agrupan a maior parte do paro, 82 % das mulleres e o 69% dos homes. Na industria o 5.2% das mulleres e o 8.5% dos homes. Mentres que na construción e o sector primario os homes nestas actividades agrupan ao 11.9% e o 2.5% respectivamente e nas mulleres, conxuntamente, o 2.3%.

O paro descendeu, acadando unha cifra menor que no 2019 no total de homes e mulleres, superando o aumento producido no 2020 coa pandemia, pero se en nos homes baixou en todos os grandes sectores de actividade con maior incidencia na industria e construción, nas mulleres a incidencia maior foi nas persoas sen emprego anterior.


Paro por sector de actividade														
Idades	Homes								Mulleres					
	Nº			2019-2020		2020-2021		Nº			2019-2020		2020-2021	
	2019	2020	2021	Nº	%	Nº	%	2019	2020	2021	Nº	%	Nº	%
Agricultura /Pesca	183	198	178	15	8,2	-20	-10,1	51	62	53	11	21,6	-9	-14,5
Industria	660	759	607	99	15,0	-152	-20,0	499	542	478	43	8,6	-64	-11,8
Construción	958	1.057	848	99	10,3	-209	-19,8	158	171	159	13	8,2	-12	-7,0
Servizos	4.759	5.545	4.904	786	16,5	-641	-11,6	7.472	8.240	7.564	768	10,3	-676	-8,2
Sen emprego anterior	630	691	593	61	9,7	-98	-14,2	1.037	1.153	942	116	11,2	-211	-18,3
Total	7.191	8.250	7.130	1.059	14,7	-1.120	-13,6	9.216	10.169	9.196	953	10,3	-973	-9,6

Fonte: Elaboración propia con datos publicados no IGE.



Das 1.500 persoas que figuran sen emprego anterior (9,4%) a distribución por idade e sexo mostra en xeral que segundo incrementa a idade, aumenta a porcentaxe de mulleres.

Paro sen emprego anterior por idade (Xaneiro 2022)				
	Home	Muller	Total	% mulleres
<20	44	50	94	46,8
20-24	109	101	210	51,9
25-29	97	91	188	51,6
30-34	82	56	138	59,4
35-39	65	38	103	63,1
40-44	92	40	132	69,7
45-49	73	45	118	61,9
50-54	92	52	144	63,9
55-59	92	52	144	63,9
>=60	101	42	143	70,6
Total	567	847	1414	59,9



Actividades económicas


As actividades onde as mulleres demandan máis emprego corresponde as activades do Comercio (17.3%), Hostalaría (12.3%), Actividades administrativas e servizos auxiliares (15.8%). Con respecto aos homes presentan diferencias notorias nas actividades sanitarias e de servizos sociais e no emprego do fogar.

No caso dos homes, onde máis demandantes, aparte da Construción cun 11.9%, son as mesmas que nas mulleres: Actividades administrativas e servizos auxiliares (15.1%), Comercio (14.5%) e Hostalaría (12.3%).

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022

Outras actividades, con diferenza, en relación coas mulleres, móstrase nas cifras superiores de inscrición na Industria e no Transporte.



Na variación anual, as actividades nas que máis baixou o paro das mulleres foi nas Profesionais científicas e técnicas (-18%) e na Hostalaría (-13%), por encima da media (-9.6%).

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
 Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
 Concello da Coruña. 2022

Entre os homes, a Hostalaría (-21%), Industria (-20%), Construción (-19%) e Actividades profesionais científicas e técnicas (-17.8%)


Paro por actividades económicas 2021							
Actividades económicas	Paro 2021		% Muller	Variación 2020-2021			
	Nº			Nº		%	
	Home	Muller		Home	Muller	Home	Muller
Total	7.130	9296	56,3	-1120	-973	-13,6	-9,6
A Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	178	53	22,9	-20	-9	-10,1	-14,5
B Industrias extractivas	2	2	50,0	1	0	100,0	0,0
C Industria manufactureira	559	459	45,1	-143	-67	-20,4	-12,7
D Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	7	1	12,5	-3	-2	-30,0	-66,7
E Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	39	16	29,1	-7	5	-15,2	45,5
F Construción	848	159	15,8	-209	-12	-19,8	-7,0
G Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	1031	1594	60,7	-79	-136	-7,1	-7,9
H Transporte e almacenamento	423	133	23,9	-55	-9	-11,5	-6,3
I Hostalaría	730	1134	60,8	-150	-174	-17,0	-13,3
J Información e comunicacións	216	197	47,7	-34	-26	-13,6	-11,7
K Actividades financeiras e de seguros	97	127	56,7	-17	-11	-14,9	-8,0
L Actividades inmobiliarias	26	58	69,0	1	-5	4,0	-7,9
M Actividades profesionais, científicas e técnicas	424	648	60,4	-92	-144	-17,8	-18,2
N Actividades administrativas e servizos auxiliares	1078	1449	57,3	-165	-81	-13,3	-5,3
O Administración pública e defensa; seguranza social obrigatoria	244	272	52,7	-20	-10	-7,6	-3,5
P Educación	156	372	70,5	-4	-20	-2,5	-5,1
Q Actividades sanitarias e de servizos sociais	111	615	84,7	0	4	0,0	0,7
R Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	211	149	41,4	-19	-23	-8,3	-13,4
S Outros servizos	118	353	74,9	-6	-30	-4,8	-7,8
T Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio	36	458	92,7	-2	-13	-5,3	-2,8
U Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	3	5	62,5	1	1	50,0	25,0
Sen emprego anterior	593	942	61,4	-98	-211	-14,2	-18,3

Fonte: Elaboración propia con datos publicados no IGE.

Antigüidade no paro

As mulleres constitúen o 58% do paro de longa duración. Sen embargo, dentro do mesmo grupo de mulleres a porcentaxe que leva máis dun ano coa demanda de emprego (44%) e inferior que no grupo dos homes (56%).

A evolución neste último ano, pese ao descenso xeral do paro, aumentou no grupo que leva máis tempo coa demanda de emprego. Aumentou con 301 mulleres e 238 homes.



Duración da demanda	Media 2021 (nº)		Variación anual			
	Homes	Mulleres	Nº		%	
			Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Menos ou igual a un 1 mes	694	780	-24	34	-3,3	4,6
Máis de 1 mes e menos ou igual a 6	1680	1974	-708	-542	-29,6	-21,5
Máis de 6 meses e menos ou igual a 1 ano	935	1108	-626	-767	-40,1	-40,9
Máis de 1 ano	3821	5334	238	301	6,6	6,0
Total	7130	9196	-1120	-973	-13,6	-9,6

Fonte IGE.

Poboación en relación coa actividade (EPA)

Segundo os datos da Enquisa de Poboación Activa (IGE), reduciuse a poboación feminina activa en -3.400 mulleres, aumentando 1.100 as inactivas. Nos homes, pola contra aumentaron os activos en 2.600 e pasaron a inactivos 600.

As cifras do ano 2021 mostran un descenso da poboación ocupada e aumento do número da que está no paro, pero en ambos casos en menor medida que no 2020.

Dentro da poboación activa (traballa ou busca emprego) dáse un proceso inverso en homes e mulleres: redúcese o número de mulleres en paro (-900) e tamén das ocupadas (-2600) o que conxuntamente reduce a súa actividade (-3.400). Nos homes aumenta o total de poboación activa en 2.600, aumentando a ocupación en 900 pero tamén a cifra de paro en 1.700.

Poboación en relación coa actividade (nº en miles)					
Poboación	Sexo	Media anual (en miles)		Variación anual	
		2020	2021	nº (miles)	%
TOTAL =>16	HOMES	95,5	98,7	3,2	3,35
	MULLERES	120,6	118,2	-2,4	-1,99
Activa	Homes	53,3	55,9	2,6	3,35
	Mulleres	60,6	57,2	-3,4	-1,99
Ocupada	Homes	47	47,9	0,9	1,91
	Mulleres	53	50,4	-2,6	-4,91
Parada	Homes	6,3	8	1,7	26,98
	Mulleres	7,6	6,7	-0,9	-11,84
Inactiva	Homes	42,2	42,8	0,6	1,42
	Mulleres	60	61,1	1,1	1,83

*Fonte: IGE Elaboración propia con datos do IGE
Os resultados dos sete grandes concellos deben tomarse con precaución porque poden estar afectados por elevados erros de mostraxe.*

A poboación maior de 16 anos, segundo a EPA, pasou de 214.100 no ano 2019 ata 216.900 en 2021, aumentando nos homes e baixando nas mulleres.

Isto en cifras absolutas, pero ao cambiar o universo, e dicir o total de persoas de referencia nas diferentes situacións, múdanse tamén as porcentaxes en relación coa actividade, tal como se reflicte nas diferentes taxas.



Taxas en relación coa actividade

Taxa de actividade

A taxa de actividade, que fai referencia poboación maior de 16 anos que traballa ou está na procura de emprego, descendeu no 2019 e soamente recuperou un pouco no 2021 situándose na actualidade nun **56.6 % dos homes** e nun **48.4% das mulleres**.

Evolución da taxa de actividade				
		2019	2020	2021
Taxa de actividade Poboación activa / Poboación >16 anos*100	Total	55,30	52,73	52,14
	Homes	59,43	55,81	56,64
	Mulleres	51,81	50,25	48,39

Fonte: Enquisa de Poboación Activa (EPA).IGE





Taxa de ocupación

Por outra banda, a taxa de persoas ocupadas, tamén en relación coas persoas maiores de 16 anos, son o 48,5 % dos homes e o 42,6% das mulleres, mostrando un descenso nestes dous últimos anos.

Evolución da taxa de ocupación				
		2019	2020	2021
Taxa de ocupación Poboación ocupada / Poboación>16 anos*100	Total	49,32	46,30	45,32
	Homes	53,82	49,21	48,53
	Mulleres	45,52	43,95	42,64



Fonte: Enquisa de Poboación Activa (EPA).IGE



Taxa de paro

A taxa de paro relaciona a porcentaxe de persoas respecto ao total de persoas activas (ocupadas e paradas). Este indicador mostra un ascenso no paro dos homes nestes dous anos chegando ao 14.3% mentres que nas mulleres tras un pequeno incremento no 2020, baixa a 11.7%.

A taxa de paro das mulleres, segundo a EPA, está na actualidade máis baixa que a dos homes.



Evolución da taxa de paro				
		2019	2020	2021
Taxa de paro	Total	10,81	12,20	13,09
Poboación parada / Poboación Activa*100	Homes	9,26	11,82	14,31
	Mulleres	12,31	12,54	11,71

Fonte: Enquisa de Poboación Activa (EPA).IGE

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
 Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
 Concello da Coruña. 2022


Contratos

Contratos a persoas residentes no concello

No ano 2021 fixéronse 86.666 contratos a persoas residentes no concello dos que 40.323 (46,5%) estiveron destinados a mulleres e 46.343 (53,5%) a homes, unha distribución porcentual similar a do 2020, pero cun incremento do número de contratos.

O aumento dos contratos foron 19.863, menos da metade dos 44.424 que se deixaron de facer no 2020, no que descenderan en -22.940 no caso dos homes e -21.484 nas mulleres.

Por grandes sectores de actividade distribuíronse en 2.057 na Agricultura Pesca, 2.001 na Industria, 294 na Construción e 74.359 nos Servizos. As mulleres foron receptoras do 7,7% dos contratos na Agricultura/Pesca, o 28,7 % na Industria, o 9 % na Construción e do 50,9 % nos Servizos, reflectindo deste xeito a diferenzas de participación por sexo na forza laboral dos diferentes sectores económicos.



Contratos iniciais por sector económico 2020. Variación 2020-2021									
Sector económico	2021 (nº)			Variación 2020-2021					
	Homes	Mulleres	Total	Nº			%		
				Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Agricultura e pesca	1898	159	2057	-55	16	-39	-2,8	11,2	-1,9
Industria	4971	2001	6972	1600	917	2517	47,5	84,6	56,5
Construción	2984	294	3278	482	68	550	19,3	30,1	20,2
Servizos	36490	37869	74359	8283	8552	16835	29,4	29,2	29,3
Total	46343	40323	86666	10310	9553	19863	28,6	31,0	29,7

Fonte: elaboración propia con datos publicados por o IGE

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022

Duración dos contratos

Igual que o ano pasado, o 93.2% dos contratos iniciais foron temporais, o 92.9% nas mulleres e 93.5 % nos homes, de xeito que os indefinidos foron unicamente 2.870 (7.1%) nas mulleres e 3.023 (6.5%) nos homes.

O incremento porcentual anual foi maior nos contratos indefinidos para os homes (34.1%) que para as mulleres (24.9%).


Contratos iniciais segundo a duración									
	2021 (nº)			Variación 2020-2021					
	Homes	Mulleres	Total	Nº			%		
				Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Indefinidos	3.023	2.870	5.893	769	573	1.342	34,1	24,9	29,5
Temporais	43.320	37.453	80.773	9.541	8.980	18.521	28,2	31,5	29,8
Total	46.343	40.323	86.666	10.310	9.553	19.863	28,6	31,0	29,7

Fonte: elaboración propia con datos publicados por o IGE

Idades

Case a metade dos contratos iniciais corresponden a menores de 34 anos (49%), sen gran diferenza no número de contratos destinados a poboación de 35 a 50 anos (44%). Os realizados a maiores de 55 supoñen un 7%.

As mulleres foron destinatarias do 46% dos contratos, pero a metade (50.4%) foron destinados a menores de 34 anos e nos homes o 47.6 %. De todos xeitos a distribución por idade é similar entre homes e mulleres.



EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
 Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
 Concello da Coruña. 2022

Contratos por grupo de idade 2021. Variación 2020-2021									
	2021 (nº)			Variación (nº)			Variación %		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
16-34	22073	22073	42377	5798	4974	10772	35,6	32,4	34,1
35-54	20656	20656	37872	3627	3968	7595	21,3	30,0	25,1
55 ou máis anos	3614	3614	6417	885	611	1496	32,4	27,9	30,4
Total	46343	46343	86666	10310	9553	19863	28,6	31,0	29,7

Fonte: elaboración propia con datos publicados por o IGE

Salarios por conta allea ¹

As fontes estatísticas oficiais dispoñibles sobre salarios a nivel municipal corresponden ao ano 2019, por o que non se pode analizar, en base a elas, os repercusións da pandemia iniciada a finais do 2019.

Para a medición que aquí interesa, do valor de cambio do traballo, é máis ilustrador considerar o salario por hora.

Entre o ano 2018 e o 2019 no concello da Coruña a media do salario por hora tivo incremento de 0.7. euros nas mulleres, acadando a cifra de 9.4 euros/hora, mentres que nos homes aumentou en 0.3 euros chegando aos 11.1. sendo entón nos homes 1.7 euros superior ao salario /hora das mulleres. No conxunto de Galicia o salario é inferior en ambos sexos: 9.3 nos homes e 7.9 nas mulleres. A mediana proporciona unha idea máis axeitada que a media ao suavizar a influencia dos valores extremos indicando o salario. Indica o valor ao que chega a metade da poboación asalariada. Neste caso, para o concello da Coruña ten un valor de 8 euros/hora nos homes e de 7 nas mulleres, en ambos sexos por debaixo do salario medio respectivo.

En calquera dos casos, o salario das mulleres mostra sempre un valor sensiblemente menor que o dos homes.

O salario medio e a mediana incrementáronse no último ano e reduciuse a diferenza por sexo. A variación relativa entre o salario medio dos homes e o das

¹ Salario

Para a determinación dos salarios dos empregados por conta allea, na **Mostra continua de vidas laborais** utilízanse as percepcións declaradas na clave A do modelo 190 "Resumo anual de retencións e ingresos a conta do IRPF sobre rendementos do traballo, de determinadas actividades económicas, premios e determinadas imputacións de renda" da Axencia Tributaria. Esta clave inclúe todas as percepcións, monetarias ou en especie, satisfeitas pola persoa ou entidade declarante en concepto de rendementos do traballo. Estas retribucións inclúen, así mesmo, as dietas satisfeitas por desprazamentos e os gastos de viaxe por motivos de traballo exceptuados de gravame. É preciso aclarar, ademais, que se refire a percepcións salariais brutas, isto é, antes do pago de impostos e que estas inclúen, así mesmo, os importes correspondentes ás percepcións en especie.

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022

mulleres indica unha fenda dun 18.1%, superior nos homes, pero menor que a do 2018 que situábase nun 24.1%.

Media e Mediana do Salario por hora por ámbito territorial e sexo. Anos 2018 e 2019									
Ámbito territorial	Media				Mediana				
	2018		2019		2018		2019		
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	
Galicia	9,1	7,7	9.3	7.9	7,2	6,1	7.4	6.4	
Provincia A Coruña	9,4	8			7,4	6,2			
Concello da Coruña	10,8	8,7	11.1	9.4	7,8	6,6	8.0	7.0	

Fonte : Elaboración propia do IGE a partir da Mostra continua de vidas laborais facilitada pola Seguridade Social. Para o cálculo da media e da mediana do salario por hora só se tiveron en conta as relacións contractuais en alta laboral o 31 de outubro de cada ano, que cumpriran a condición de estar en alta, polo menos, durante os tres meses completos de setembro, outubro e novembro. Este axuste nos datos ten como obxectivo limitar o efecto de distorsión que producen as relacións contractuais de moi curta duración. I.G.E. - Instituto Galego de Estatística.

O maior salario dos homes constatase tamén ao ter en conta outras variables, situándose por riba da media na contratación indefinida, nas persoas maiores de 45, e nas actividades financeiras e de seguros.

Por tipo de contrato, hai maior diferenza de salarios por sexo nos indefinidos, sendo un 27% superior nos homes e menor nos temporais cunha diferenza de 3.2 %, unha fenda das máis baixas que xeralmente corresponden a contratos de maior precariedade.

Os salarios en xeral aumentan coa idade. En canto as diferencias por sexo a fenda menor dáse no grupo que comeza a estabilidade (35-45 anos), agás no grupo de 16 a 35, probablemente debido ao inicio máis temperán dos homes na vida laboral, con máis temporalidade e menos cualificación. A maior diferenza está nas idades máis altas, unha vez que hai máis antigüidade e estabilización no emprego.

Nas actividades económicas a maior fenda presentase nas financeiras e de seguros (34.2%), moi por riba da media, e nas que os postos directivos predominan os homes máis que noutras actividades. As únicas que este ano non presentan diferencias neste sentido son actividades da Información e Comunicacions. Incluso as actividades artísticas, recreativas e de entretemento e Outros servizos figuran cun salario máis baixo os homes, se ben estas últimas actividades, como indica o IGE; están afectadas por un alto erro de mostraxe.

Con respecto aos datos de 2018, a fenda salarial reduciuse en todos os aspectos considerados no estudo de salarios menos no Comercio, Transporte e Hostalaría.

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
 Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
 Concello da Coruña. 2022

Media e fenda salarial por hora de conta allea segundo o contrato

Variación dos salarios por hora segundo diferentes variables 2018-2019 Concello da Coruña							
		2018			2019		
		Media Euros/hora		% superior nos homes 2018	Home	Muller	% superior nos homes 2019
		Home	Muller				
Total contratos		10,8	8,7	24.1	11.1	9.4	18,1
TIPO DE CONTRATO	Indefinido	11	8.4	31.0	11.2	8.8	27,3
	Temporal	9.3	7	32.9	9.8	9.5	3,2
TIPO DE XORNADA	Xornada completa	11.1	9.5	16.8	11.8	10.4	13,5
	Xornada parcial	9.4	7.2	30.6	9.2	7.9	16,5
GRUPO DE IDADE	[16,35)	7.9	7.5	5.3	8.8	7.7	14,3
	[35,45)	10.5	8.5	23.5	10.7	10.2	4,9
	[45,55)	12.1	9.1	33.0	12.0	9.4	27,7
	55 e máis	12.7	9.6	32.3	12.7	9.9	28,3
ACTIVIDADE ECONOMICA	C Industria manufactureira	16,1	12,3	30.9	15.9	13.9	14.4
	F Construción	9.9	8.8	12.5	10.1	8.9*	13.5
	G Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos	8,3	7,3	13.7	8.8	7.4	18.9
	H_I Transporte e almacenamento; Hostalaría	7,9	7,7	2.6	8.5	7.9	7.6
	J Información e Comunicaci3ns	12.3	10.6*	16.0*	12	12.1	-0.8
	K Actividades financeiras e de seguros	21.4	14.8	44.6*	20.8	15.5	34.2
	L_N Actividades inmobiliarias; Actividades profesionais, científicas e técnicas; Actividades administrativas e servizos auxiliares	8	7	14.3	8.1	7.2	12.5
	O_Q Administración pública e defensa, seguranza social obrigatoria; Educación; Actividades sanitarias e de servizos sociais	11,5	9,6	19.8	11.7	10.1	15.8
	R_S Actividades artísticas, recreativas e de entretemento; Outros servizos	11,3 *	5,9	91.5*	11	12.4	-11.3

Fonte: Elaboración propia con datos publicados por o IGE. Estudio de salarios. Grandes concellos. (15/11/2019).
(IGE)Fenda salarial. Representa a diferenza entre a ganancia media por hora dos homes e a ganancia media por hora das mulleres como porcentaxe da ganancia media por hora dos homes. Calcúlase só para aquelas empresas de 10 ou máis asalariados incluídas nalgunha das seccións B a S (excluída a O) da CNAE 2009. Para o cálculo da fenda, na ganancia media por hora non se teñen en conta os pagos extraordinarios.
 (*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

PENSIONS

Pensións contributivas da Seguridade Social ²

Os datos das pensións básicas en alta da Seguridade Social como son as de xubilación, incapacidade permanente, morte e supervivencia (viuvez, orfandade) alcanzan en 2020 a cifra de 50.029, correspondendo 25.003 a homes (46,3%) e 29.026 a mulleres (53.7%).

No ano 2020 o importe medio xeral das pensións é de 1.202 euros e a mediana sitúase, en 969,4 euros.

A diferenza por sexo mostra un importe diferente e inferior nas mulleres. Nos homes o importe medio é de 1.397 euros e nas mulleres 1.034, uns 362 euros menos.

A mediana, que indica mellor a distribución, sitúase en 1.216 euros nos homes e 782 euros nas mulleres. E dicir que a metade das mulleres pensionistas cobran menos de 782 euros, 434 euros menos que os homes.

Inflúe tamén neste feito que nas pensións de viuvez son maioritariamente mulleres. Sen considerar o sexo, os datos mostran que a medida que aumenta a idade, no grupo de maiores de 65, o importe medio vai reducíndose ao igual que aumenta a porcentaxe de mulleres de mais idade.

O número de homes pensionistas no ano 2020 son 25.003, uns 300 homes menos respecto ao 2019 e nas mulleres o mantense nunha cifra similar (29.026). A diferenza entre homes e mulleres semellaba reducirse de xeito moi leve pero no último ano incrementouse a diferenza na mediana pasando de ter un valor de 429 euros máis nos homes e no 2020 a diferenza foi superior, subindo a 434 euros.

Por outra banda, no último ano houbo un aumento no importe medio, duns 26 euros en homes e mulleres, pero a mediana das pensións das mulleres indica un incremento menor nas mulleres (21 euros).

² DEFINICIONS(IGE)

Pensións contributivas da Seguridade Social

Son prestacións económicas e de duración indefinida, aínda que non sempre, nas que a concesión está xeralmente supeditada a unha previa relación xurídica coa Seguridade Social (acreditar un período mínimo de cotización en determinados casos, ...), sempre que se cumpran os demais requisitos esixidos. A súa contía determínase en función das achegas efectuadas polo traballador e o empresario, se se trata de traballadores por conta allea, durante o período considerado para os efectos da base reguladora da pensión de que se trate.

As clases de pensións contributivas son:

incapacidade permanente
morte e supervivencia
xubilación

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022

En termos relativos, a pensión media dos homes é un 36% superior a das mulleres e a mediana sitúase nun 56%, tamén maior nos homes.

Aínda que son máis mulleres que homes as persoas pensionistas, en cada sexo se iguala. Cobran pensión o 22% dos homes e na mesma porcentaxe as mulleres.

Número de pensionistas e importe medio segundo o sexo. Concello da Coruña							
	Total	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Homes	Número	24891	25052	25152	25192	25313	25.003
	Importe medio	1252,19	1272,44	1290,26	1327,46	1370,23	1.396,63
	Mediana do importe	1084,83	1102,2	1120,21	1154,65	1190,49	1.216,56
Mulleres	Número	27502	27900	28329	28735	29025	29.026
	Importe medio	873,79	894,07	916,98	962,68	1007,78	1.034,35
	Mediana do importe	649,16	667,36	683,21	722,8	761,14	782,16

I.G.E. - Instituto Galego de Estatística Elaboración propia a partir dos ficheiros da Seguridade Social (06/05/2022). A data de referencia dos datos é o 31 de decembro de cada ano

Pensións non contributivas da Seguridade Social

O número de pensións de xubilación non contributivas aumentou no ano 2020, chegando a 1.609 no concello da Coruña, mentres que baixan as de invalidez, de 957 a 937.

38

No caso das pensións de xubilación non contributivas, 439 son de homes e 1.170 de mulleres, o que supón que o 73% corresponden a mulleres.

No caso das non contributivas de invalidez, a distribución é similar distribuíndose as 957 en 472 a homes e 465 a mulleres.

Nº persoas con pensións non contributivas da Seguridade Social por tipo de pensión										
	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Total										
Total	2818	2778	2780	2754	2726	2630	2546	2492	2530	2546
Invalidez	1185	1161	1138	1103	1097	1065	1016	981	957	937
Xubilación	1633	1617	1642	1651	1629	1565	1530	1511	1573	1609
Homes										
Total	924	928	936	935	920	891	866	859	895	911
Invalidez	563	560	557	553	551	535	511	485	474	472
Xubilación	361	368	379	382	369	356	355	374	421	439
Mulleres										
Total	1894	1850	1844	1819	1806	1739	1680	1633	1635	1635
Invalidez	622	601	581	550	546	530	505	496	483	465
Xubilación	1272	1249	1263	1269	1260	1209	1175	1137	1152	1170

I.G.E. - Instituto Galego de Estatística Consellería de Política Social. Información subministrada directamente. Os expedientes que se iniciaron como pensións de invalidez inclúense nas pensións de xubilación cando os beneficiarios teñen 65 ou máis anos en decembro do ano correspondente

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022

PRESTACIONS

Prestacións non contributivas da Xunta de Galicia

Nos dous últimos anos, baixou o número de prestacións da Renda de Inserción social de Galicia (RISGA) acadando no 2020 un total de 1.090 das que 452 (41%) foron destinadas a homes e 638 (59%) a mulleres.

No caso das Axudas de Inclusión Social (AIS), prestacións non periódicas destinadas a gastos extraordinarios e urxentes vinculadas a medidas de apoio a persoas ou familias vulnerables a exclusión social, mostran un descenso continuo na ultima década, contabilizándose un total de 66 no ano 2020 das que 24 corresponderon a homes e 42 a mulleres.

RISGA. (Renda de Inserción Social de Galicia)										
	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Ambos sexos	507	609	1005	949	1113	1244	1188	1279	1250	1090
Home	216	292	462	425	498	539	504	538	478	452
Muller	291	317	543	524	615	705	684	741	772	638

Fonte: I.G.E. Consellería de Política Social. Información subministrada directamente.

39

AIS- (Axudas de Inclusión Social)										
	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Ambos sexos	240	122	148	123	205	131	89	86	73	66
Home	104	55	85	74	94	55	42	43	29	24
Muller	136	67	63	49	111	76	47	43	44	42

Fonte: I.G.E. Consellería de Política Social. Información subministrada directamente.

Outras prestacións

Renda Social Municipal

Pese a estas prestacións para apoiar as condición básicas vitais, hai situacións de vulnerabilidade que non cumpre todos os requisitos para ter dereito a RISGA (Renda de Inclusión Social de Galicia) nin a outras prestacións. Xeralmente persoas procedentes doutros países, que están no Padrón Municipal pero aínda non teñen regularizada a súa situación.

O concello da Coruña activou un recurso social con fondos municipais destinados a unha prestación destinada a paliar situacións temporais de

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022

necesidade e garantir uns recursos mínimos de subsistencia a persoas residentes no concello da Coruña.

Esta axuda está dirixida á cobertura de necesidades básicas como a alimentación diaria, vestiario, transporte, cuidados persoais e da vivenda, e os gastos que teñen que ver co aloxamento ou alugueiro. Ten unha duración de seis meses prorrogables ata os 18 meses de máximo.

Trátase dun apoio aos procesos de inclusión para lograr a mellora persoal e social das persoas que o precisen e da súa unidade de convivencia.

Este recurso social municipal activouse no mes de agosto do ano 2016. En 2019 houbo 224 persoas perceptoras da mesma, 126 homes (56%) e 98 mulleres (44%). No ano 2020 a cifra foi de 204, das que 112 corresponden a homes e 92 a mulleres (45%).

Prestacións económicas por desemprego

Ante a non dispoñibilidade de datos dos rexistros das prestacións por desemprego a nivel municipal para o ano 2020, as cifras provinciais de rexistros oficiais poden tomarse como indicadores da situación xerada por a pandemia. Mostran un gran aumento nas prestacións contributivas de desemprego pasando de 16.756 a 39763, un 273% máis.

Tamén aumentaron as asistenciais de 14.982 a 17.378, cun aumento 118% anual.

PROVINCIA A CORUÑA				
	Total	Nivel contributivo	Nivel asistencial	Renda activa de inserción
2018	33680	16078	13843	3276
2019	34631	16756	14982	2892
2020	60026	39763	17678	2585

Fonte: IGE. (16-06-2021)

Por outra banda, segundo datos provincias do Servizo Público de Emprego Estatal (SEPEE) a 31 de decembro de 2020, do total de prestacións contributivas no ano 2020 o 51,4 % corresponden a E.R.T.E.s.

Os E.R.T.E.s constitúen o 42,8% das prestacións contributivas dos homes e o 60.8% das correspondentes a mulleres.

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022

CONTORNA GALICIA

EC_LL

*Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022*

EDUCACION

Nivel de formación

En Galicia, a poboación de mulleres en idades comprendidas entre os 16 a 64 anos, presentan un maior nivel de formación que os homes.

Fai vinte anos sucedía o mesmo, agás nas persoas maiores de 55 a 64 anos, pero o incremento continuo da formación en tódalas idades resultou máis intenso nas mulleres.


No transcurso do período 2000 a 2020 a porcentaxe de mulleres con idade comprendidas entre os 55 e 64 anos que tiñan educación superior pasou de ser o 4.8% ao 26.5%. Un aumento superior do que se produciu nos homes que pasaron de ser o 7.7% ao 25%.

No conxunto de persoas de 16 a 64, unha cuarta parte (25%) ten formación secundaria de segunda etapa, tanto homes como mulleres. O resto desta poboación distribúese de xeito similar entre o nivel inferior e a Educación superior, pero a distribución por sexo mostra a diferenza nas mulleres con maior porcentaxe no nivel superior e os homes no inferior.

43

Por grupos de idade esta diferenza é máis notoria nos grupo intermedio de idade. De feito nos homes de 30 34 anos un 35.7% teñen educación superior e nas mulleres a porcentaxe sube ao 55.4%.

Gráficos. Distribución porcentual nivel educativo 16 a 64 anos por sexo. 2000-2020



Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. Nota: Datos dende o 2002 revisados coa base a poboación 2011

EC_LL


Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022

En Galicia no ano 2020 o 56.7 % dos homes de 25 a 64 anos completou polo menos a segunda etapa de educación secundaria e as mulleres o 66.3 %. As porcentaxes son superiores en Europa (78.4 e 79.6 respectivamente), tamén superior nas mulleres.

Abandono escolar e taxas de graduación

O abandono temperan educativo é superior nos homes: por cada cen homes hai 16 que non completan a segunda etapa secundaria e non continúan con formación. No caso das mulleres son oito de cada cen. No 2020 a porcentaxe de homes que abandonaron duplicou o das mulleres.

Afortunadamente, o abandono temperán vai reducíndose en ambos sexos.




Fonte: IGE.(28/01/2021)

As taxas brutas de graduación nas diferentes ensinanzas non universitarias mostran un aumento en xeral que agora nótase máis nos homes pero sen chegar ao nivel das taxas de graduación que teñen as mulleres. A única excepción é na formación de técnico auxiliar mentres que en técnico superior, igual que na E.S.O e no Bacharelato, é máis alta a taxa das mulleres.

En tódolos casos as taxas de graduación son superiores en Galicia que no conxunto de España.

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
 Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
 Concello da Coruña. 2022



Ensinanza universitaria por sexo

Nas universidades galegas as mulleres son o 61% do alumnado. Na última década esta diferenza foi reducíndose un pouco xa que no ano 2010 eran o 64%.

Ensinanza universitaria. Estudantes titulados/as nas universidades galegas por sexo											
	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Total	10175	9856	9112	9950	10003	9813	9023	11661	11132	10939	12138
Mulleres	6511	6253	5542	6134	6157	5889	5410	6992	6779	6597	7378
% mulleres	64	63,4	60,8	61,6	61,6	60	60	60	60,9	60,3	60,8

Fonte: IGE. Información subministrada directamente pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Nota: Os datos dun ano correspóndense cos do curso académico que remata nese ano (23/08/2021)

As mulleres son maioría en todas as áreas agás nas de Enxeñerías que unicamente son o 27%. No outro extremo están as ciencias da saúde no que as mulleres chegan a ser o 73%.

As materias nas que hai maior equilibrio son as de Ciencias (56.3%) e ciencias sociais e xurídicas (60.3%).

A segregación laboral e/ou vocacional existente é un feito importante que evidencia diferenzas por sexo, o que levou a unha especialización feminina que

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
 Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
 Concello da Coruña. 2022

ven vinculada as labores tradicionais como a educación, coidados e outras asociadas as mulleres. Así tanto en Ciencias da Saúde como en Artes e Humanidades as mulleres superan o 67%.

Ensinanza universitaria.						
Estudantes matriculados/as nas universidades galegas segundo a área científica e sexo						
	2019			2020		
	Total	Muller	%mulleres	Total	Muller	%mulleres
Total	61029	33680	55,2	61175	33961	55,5
Ciencias da Saúde	10629	7726	72,7	10492	7661	73,0
Ciencias	5572	2882	51,7	5695	3207	56,3
Ciencias Sociais e Xurídicas	26304	15763	59,9	26432	15941	60,3
Enxeñería e Arquitectura	12560	3325	26,5	12196	3282	26,9
Artes e Humanidades	5964	3984	66,8	5945	4011	67,5

Fonte: I.G.E. - Instituto Galego de Estatística: Información subministrada directamente pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Nota: Os datos dun ano correspóndense cos do curso académico que remata nese ano. 23/08/2021

Educación de persoas adultas

46

No curso académico 2019-2020, houbo 2.817 mulleres matriculadas, que son o 47% do total.

Nos últimos anos a porcentaxe de mulleres matriculadas na ensinanza de adultos foi incrementándose, xa que no curso anterior eran o 44%

	2018-2019	2019-2020
Mulleres	2.871	2817
Homes	4.852	3.845
% mulleres	44.20	46.74

Fonte: INE. Estadística de la educación en España, Ministerio de Educación, Cultura y Deporte

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022

PROFESIONALIZACIÓN E ACTIVIDADE LABORAL

Ramas de actividade

A Enquisa da Poboación Activa (EPA) proporciona a información estatística oficial máis actualizada dos grupos profesionais, relativa as persoas activas maiores de 16 anos e das ramas de actividade para o conxunto de Galicia.

As actividades máis frecuentes nas que están activas as mulleres, son o grupo de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais co 15.5%³, o Comercio (15%) as Actividades sanitarias e de servizos sociais (14%) e Resto de servizos (11%) que inclúe culturais, deportivos, persoais e domésticos.

Nos homes está tamén o grupo Actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais (14%), a Industria (16%), a Construción (13%), o Comercio e reparación de vehículos (12%).

Poboación activa por sexo e ramas de actividade. Provincia A Coruña				
Anos 2010 e 2020 (% columna por sexo)				
Rama de actividade	Home		Muller	
	2010	2020	2010	2020
Base da % (miles)	291.7	266.1	253.2	248.3
Total	100,0	100,0	100,0	100,0
Agricultura, gandaría, caza e silvicultura (01, 02)	3,19	3,80	3,8	3,1
Pesca e acuicultura (03)	2,57	2,52	0,6	0,6
Industrias extractivas (05-09)	0,58	0,49	0,0	0,0
Industria manufactureira (10-33)	15,02	16,05	8,2	8,2
Enerxía, subministro de auga e xestión de residuos (35-39)	1,30	2,29	0,4	0,4
Construción (41-43)	17,11	12,74	1,9	1,4
Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor (45-47)	13,78	12,33	17,1	14,8
Transporte e almacenamento (49-53)	5,28	6,05	1,5	2,1
Hostalería (55, 56)	4,73	5,82	7,4	8,2
Actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais (58-82)	12,27	14,32	13,7	15,5
Administración Pública e Defensa; Seguranza Social obrigatoria (84)	6,79	6,73	5,7	5,8
Educación (85)	4,56	4,40	8,4	9,4
Actividades sanitarias e de servizos sociais (86-88)	2,57	3,83	12,4	14,0
Resto de servizos (90-99)	4,11	4,51	10,9	11,1
Parados que busca 1º emprego	0,96	0,75	1,3	0,7
Parados que levan máis dun ano sen traballar	5,14	3,42	6,8	4,8

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. I.G.E. - Instituto Galego de Estatística (29-07-2021)

³ Esta agrupación inclúe numerosas e variadas actividades: Edición, actividades cinematográficas, programación emisión radio e tv, Telecomunicacións, Programación e consultoría e outras relacionadas coa informática, servizos de información, servizos financeiros, seguros e fondos de pensións, actividades auxiliares aos servizos financeiros, actividades inmobiliarias, actividades xurídicas e de contabilidade, asesoramento de xestión empresarial, relacións públicas, publicidade e estudos de mercado, deseño, fotografía, tradución, actividades veterinarias, actividades de aluguer, axencias de colocación empresas de colocación e de recursos humanos, servizos a edificios, servizos de limpeza a edificios, actividades de xardinería, actividades administrativas de oficina, actividades dos centros de chamadas, organización de feiras e mostras. As de limpeza, actividades administrativas de oficina así como centros de chamadas empregan algunhas das que sobresaen en emprego de mulleres.

Os cambios da década nas actividades que traballan ou procuran emprego as mulleres, aumentan na súa distribución porcentual respecto aos homes en Educación, Administración Pública, Actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais, Hostalaría, Transporte e almacenamento.

Poboación activa por sexo e ramas de actividade. Provincia A Coruña				
Anos 2010 e 2020 (Miles de persoas e % mulleres)				
Rama de actividade	2010		2020	
	Total (miles)	% fila muller	Total (miles)	% fila muller
Total	544,9	46,5	514,4	48,3
Agricultura, gandería, caza e silvicultura (01, 02)	19	51,1	17,9	43,6
Pesca e acuicultura (03)	9,1	16,5	8,1	17,3
Industrias extractivas (05-09)	1,7	0,0	1,3	0,0
Industria manufactureira (10-33)	64,5	32,1	63,1	32,2
Enerxía, subministro de auga e xestión de residuos (35-39)	4,8	20,8	7	12,9
Construción (41-43)	54,8	8,9	37,5	9,3
Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor (45-47)	83,5	51,9	69,5	52,8
Transporte e almacenamento (49-53)	19,1	19,4	21,1	24,2
Hostalaría (55, 56)	32,6	57,7	35,8	56,7
Actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais (58-82)	70,4	49,1	76,5	50,3
Administración pública e defensa; seguranza social obrigatoria (84)	34,4	42,2	32,3	44,6
Educación (85)	34,4	61,6	35,1	66,7
Actividades sanitarias e de servizos sociais (86-88)	38,8	80,7	44,9	77,5
Resto de servizos (90-99)	39,6	69,4	39,6	69,7
Parados que busca 1º emprego	6,2	54,8	3,7	45,9
Parados que levan máis dun ano sen traballar	32,1	53,3	20,9	56,5

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. I.G.E. - Instituto Galego de Estatística (29-07-2021)


Grupos profesionais da actividade laboral

As mulleres, tal como se viu na formación, están adscritas profesionalmente, en maior medida que os homes, no grupo dos traballos cualificados dos servizos (que entre outros inclúen os empregos na restauración, comercio, servizos de saúde, persoais e de coidados de persoas).

Tamén son maioría nas profesións técnicas e intelectuais (profesións de cualificación universitaria superior), nos traballos de tipo contable/administrativo e outros de oficina, e nas ocupacións sen cualificación.

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022



Fonte dos datos IGE. EPA. Gráfico realizado en base a miles de persoas

Distribución poboación activa por grupo profesional e sexo Galicia (miles de persoas) Variación 2010 2020				
Grupo profesional	2020		Variación 2010-2022	
	Home	Muller	Home	Muller
Total	638,5	582,4	-67,1	-16,4
0 Ocupacións militares	5,8	1	-1,5	0,4
1 Dirección e xerencia	22,9	11,8	-13,6	-1,7
2 Técnico/as e profesionais científicos e intelectuais	78,6	116,6	5,4	24
3 Técnicos/as profesionais de apoio	80,5	46,1	-5,3	-19,6
4 Empregos de contabilidade, administración e outros de oficina	33,8	67,7	3,8	16,7
5 Traballos dos servizos de restauración, persoais, protección e venda	88	174,4	-0,5	-9,2
6 Traballos cualificados no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro	34,5	21,3	-7,4	-10,4
7 Artesáns e traballos cualificados das industrias e a construción	139	19,2	-25,4	3,6
8 Operadores/as de instalacións e maquinaria, e montadores	81,7	16	-4,6	0,4
9 Ocupacións elementais	45,7	71,9	-0,4	-6,6
No Paro que buscan 1º emprego	4,9	4,9	-2	-4,1
No Paro que levan máis de un ano sen traballar	23	31,6	-15,8	-9,9

Fonte: IGE. Enquisa Poboación activa (EPA)

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
 Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
 Concello da Coruña. 2022

Se ben a especialización da formación, condiciona o desenvolvemento laboral posterior, o contexto cultural e profesional é un factor relevante nas diferencias por sexo no desenvolvemento do traballo profesional.

Ao analizar as variacións na última década, faise evidente o aumento da porcentaxe de mulleres respecto aos homes na poboación activa, e na maior cualificación dado o incremento nas ocupacións de profesionais técnicos da ciencia e intelectuais. Importante é o aumento nos traballos de contables, administrativos a e outros de oficina. Tamén a incorporación da muller as forzas armadas.

Nos traballos da industria pódese considerar a importancia do sector alimentario que ten man de obra feminina mentres que no caso de operadoras de maquinaria, ocupación tradicionalmente vinculada no caso das mulleres ao sector da confección de prendas de vestir, reduciuse por a localización destes traballos noutros lugares e fora do país.

Pola contra, hai unha menor porcentaxe nos traballos sen cualificación.

Tamén a EPA, indica na variación 2020-2021 da situación profesional segundo o sexo, para Galicia, un aumento do empresariado con persoas asalariadas, tanto en homes como mulleres, e un descenso nos outros grupos (empresa sen persoal asalariado, cooperativas e axudas familiares).

Poboación ocupada por sexo e situación profesional. Galicia 2020								
	2021			%	Variación 2020-2021 (en miles)			
	2021	Total	Home		Muller	Total	Home	Muller
Empresario/a con asalariados	68,4	42,4	26	38,01	5	4	1	
Empresario/a sen asalariados	133	77,6	55,4	41,65	-2,9	-2,5	-0,4	
Cooperativa	1,4	0,8	0,6	42,86	-0,1	-0,1	-0,1	
Axudas familiares	5,4	2,8	2,7	50,00	0,9	0,4	0,7	
Traballo Asalariado	876,4	447,7	428,7	48,92	7,8	0,9	6,9	
Outra situación	0,5	0,2	0,3	60,00		-0,1	0,2	
Total	1085,1	571,3	513,8	47,35	10,9	2,3	8,5	

Fonte: Enquisa de Poboación Activa (EPA). IGE-INE


ACTIVIDADE E OCUPACIÓNS

Afiliación segundo o réxime da Seguridade Social

A Seguridade Social, nos datos publicados para Galicia de 2021, permite coñecer en que réxime están adscritas as persoas segundo o sexo. Así 484.190 mulleres constitúen case a metade das persoas en alta laboral (48%).

Nos réximes da Seguridade Social as maiores diferencias están no emprego doméstico no que están afiliadas 24.563 mulleres en contraposición a 554 homes e o no do mar con 4.930 mulleres fronte a 15.400 homes.

Menor diferenza hai no réxime autónomo onde están 85.329 mulleres (41%) e 122.264 homes, mentres que no réxime xeral a cifra é equivalente (50%).



Afiliación en alta laboral segundo o réxime da Seguridade Social. Galicia 2021						
	Número			% fila	% columna en cada sexo	
	Total	Home	Muller	Mulleres	Home	Muller
Réxime xeral	737315	369524	367790	49,9	72,2	76,0
Réxime especial agrario	5672	4093	1578	27,82	0,8	0,3
Réxime especial emprego do fogar	25117	554	24563	97,79	0,1	5,1
Réxime especial autónomo	207592	122264	85329	41,10	23,9	17,6
Réxime especial do mar	20330	15400	4930	24,25	3,0	1,0
Total	996026	511835	484190	48,61	100,0	100,0

I.G.E. - Instituto Galego de Estatística. Información subministrada directamente polo Ministerio de Trabajo, Migraciones y Segurida Social

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
 Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
 Concello da Coruña. 2022

Os cambios na última década 2010-2020 mostran un descenso de afiliación nos homes (-31.187) e un alza nas mulleres (19.770), o que supón un descenso relativo do -5.7% nos homes e un aumento do 4.3% na mulleres.

O aumento prodúcese no réxime xeral, decrecendo no de autónomos, e no do mar, en ambos sexos.

Variacións na última década 2010-2020 (en miles)				
Afiliacións en alta laboral segundo o réxime				
	Homes		Mulleres	
	Número	%	Número	%
Réxime xeral	-23278	-5,9	24868	7,3
Réxime especial agrario	905	28,4	262	19,9
Réxime especial empregados do fogar	122	28,2	4624	23,2
Réxime especial de autónomos	-6544	-5,1	-8682	-9,2
Réxime especial do mar	-2381	-13,4	-1300	-20,9
Total	-31187	-5.7	19770	4.3

I.G.E. - Instituto Galego de Estatística: Información subministrada directamente polo Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

Por idade, o aumento da afiliación na década prodúcese en persoas maiores de 40 anos debido ao descenso demográfico que houbo por baixo desta idade, na poboación xeral de 16 a 39 anos.

O descenso no réxime de autónomos foi máis intenso nas mulleres, mentres que o aumento no réxime xeral repercute, tal como se viu no apartado anterior na maior presenza dos traballos cualificados no exercicio profesional das mulleres. Feito que é notorio nas ocupacións técnicas, científicas en moitas áreas profesionais.

Por exemplo, segundo os datos na Memoria xudicial 2019, as mulleres colexiadas supoñen o 51 %. Esta porcentaxe maior iniciase a mediados da última década. O mesmo ocorre noutras profesións cualificadas, tal como se pode deducir por as áreas de matriculación universitaria e noutras áreas nas que hai datos estatísticos como na Sanidade, Educación e Administración.

Ocupacións na Educación

Profesorado na educación non universitaria

O importante incremento do profesionalismo nas mulleres mostrase aínda segmentado. Na actualidade, o 72 % do profesorado de ensinanza non universitaria son mulleres, resultado dun aumento continuado nos últimos anos.

Este feito e característica actual, da dedicación das mulleres á educación podería ser unha oportunidade de impulsar cambios, como parte activa, de fortaleza e reforzo na súa labor educativa para incidir na promoción da igualdade.

Ensinanza non universitaria Profesorado en centros de titularidade pública segundo o sexo (nº e %). Galicia									
	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
Total	28595	28537	28433	28162	28236	28194	28180	28507	29857
Homes	8939	8738	8598	8458	8288	8168	8062	8128	8361
Mulleres	19656	19799	19835	19704	19948	20026	20118	20379	21496
% Mulleres	68,74	69,38	69,76	69,97	70,65	71,03	71,39	71,49	72

I.G.E. - Instituto Galego de Estatística: Información subministrada directamente pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. *Nota:* Os datos dun ano correspóndense cos do curso académico que remata nese ano. Os datos do ano 2021 son provisionais. I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

Profesorado na educación universitaria

A medida que foi incrementándose o nivel de cualificación no profesionalismo das mulleres tamén foi aumentando a súa participación no profesorado universitario, ampliando áreas da máis tradicional profesión de mestra de escola.

Se ben as mulleres supoñen o 42% do profesorado universitario, nas cátedras das Escola universitaria son o 43 %, pero nas cátedras de Universidade supoñen soamente o 24%, de xeito que os postos de maior categoría continúan a ser ocupados por homes

Seguindo coa desagregación dos datos por niveis ou categorías do profesorado, no nivel de Titulares da Universidade as mulleres si acadan a súa mesma porcentaxe sobre o total do profesorado, sendo o 42.5%.

No nivel de Profesorado Asociado é máis baixa a participación das mulleres (36%) aínda que algo superior nas ciencias da saúde (40%). Esta última

EC_LL


porcentaxe é de esperar que aumente coas novas xeracións, xa que o 73% de persoas matriculadas na ensinanza universitaria en ciencias da saúde son mulleres.

Ensinanza universitaria. Profesoras e profesores de ensinanza universitaria por categoría e sexo.			
Ano 2020. Galicia.			
	Total	Mulleres	% Mulleres
Total	5.323	2.242	42,1
Cátedras	640	162	25,3
Catedráticos de Universidade	596	143	24
Catedráticos de Escola Universitaria	44	19	43,2
Profesores titulares	1.942	825	42,5
Titulares de Universidade	1.765	758	42,9
Titulares de Escola Universitaria	177	67	37,9
Profesor asociado	942	348	36,9
Profesor asociado	691	248	35,9
Profesor asociado Ciencias da Saúde	251	100	39,8
Profesor axudante	206	110	53,4
Profesor axudante	1	0	0
Profesor axudante doutor	205	110	53,7
Outros	1.593	797	50
Profesor colaborador	49	16	32,7
Profesor contratado doutor	737	377	51,2
Profesor emérito	43	6	14
Profesor visitante	2	1	50
Anteriores á LOU	0	0	-
Outras categorías	762	397	52,1

Fonte: IGE Información subministrada directamente pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Nota: Os datos dun ano correspóndense cos do curso académico que remata nese ano(23/08/2021)

Ocupacións na sanidade

Sete de cada dez profesionais na sanidade son mulleres, pero a porcentaxe varía nas diferentes profesións sanitarias.




O profesionalismo da muller naquelas ocupacións de mais longa duración na formación, tradicionalmente ocupadas por homes, foi mudando nas últimas décadas, especialmente a partir de 1980. De feito en profesionais como a de médico, que no total son máis da metade mulleres (52 %), equiparase a cifra no tramo de idade de 55 a 64, pero por debaixo de dita idade a porcentaxe de mulleres foi incrementándose paulatinamente, duplicando aos homes nas idades máis xoves.

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022

O incremento de profesionais mulleres nestas profesións foi mais intensa nas nos últimos anos.



Variación profesionais Colexiados 2010-2020				
	Home		Muller	
	Nº	%	Nº	%
Médico	254	3,7	2096	37,1
Farmacéutico	234	20,9	559	16,3
Odontólogo e estomatólogo	168	19,4	556	70,0
Veterinario	-147	-8,4	262	21,6
Podólogo	53	54,6	161	83,4
Fisioterapeuta	461	83,1	683	49,8
Diplomado en enfermería	-112	-6,3	442	3,6
Diplomados en enfermería con título de matrona	9	225,0	53	18,0

Fonte: IGE: INE. Estadística de Profesionales Sanitarios Colegiados. Extraído de: <http://www.ine.es>

Profesionais da sanidade Colexiados segundo sexo.(nº) Ano 2020 Galicia				
Especialidades	Total	Homes	Mulleres	% Mulleres
Medicina	14.817	7.073	7.744	52,26
Farmacia	5.335	1.351	3.984	74,68
Odontoloxía e estomatoloxía	2.384	1.034	1.350	56,63
Veterinaria	3.083	1.606	1.477	47,91
Podoloxía	504	150	354	70,24
Fisioterapia	3.070	1.016	2.054	66,91
Diploma en enfermería	14.376	1.653	12.723	88,50
Diploma en enfermería con título de matrona	361	13	348	96,40
Óptica - optometría	1.186	358	828	69,81
Prótese dental	424	290	134	31,60
Logopedia	647	33	614	94,90
Psicoloxía (só especialidade sanitaria)	1.404	255	1.149	81,84
Dietética e nutrición	148	21	127	85,81
Terapia ocupacional	341	31	310	90,91
Total	48.080	14.884	33.196	69,04

Fonte: INE. Estadística de Profesionales Sanitarios Colegiados. Extraído de: <http://www.ine.es>

Nota: Os datos están referidos ao 31 de decembro de cada ano. Os datos desglosados por sexo do grupo "Odontólogo e estomatólogo" son estimacións para o ano 2008. O campo "Todas as situacións laborais" pode non coincidir coa suma dos campos "Colexiados xubilados" cos "Colexiados non xubilados", xa que inclúe os "Non consta". O dato de "Odontólogos e Estomatólogos" só inclúe Colexiados non xubilados. Os datos de enfermeiros con título de matrona poden estar infraestimados xa que non é legalmente obrigatorio estar Colexiado nunha especialidade para poder exercela. I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

Ocupación nas administracións públicas

O total do persoal que traballa nas diferentes administracións públicas en Galicia, a Xaneiro de 2021, son un total de 154.071 persoas 2021, das que seis de cada dez son mulleres (59,2%).

A administración pública estatal, agrupa ao 17.6 % do persoal total das administracións públicas en Galicia, e o restante 82.4% corresponde as administracións galegas (distribuídas no 60% da comunidade autónoma, 18% da administración local e 5% das universidades).

A distribución por sexo presenta diferenzas segundo o tipo de administración e entidade. Nos Ministerios e Axencias Estatais así como na Administración de Xustiza as mulleres constitúen máis do 50%, mentres nas Forzas Armadas e Forzas e corpos de Seguridade do Estado son o 12%.

A existencia dunha administración autonómica e local propicia, a nivel xeral ademais doutros factores da administración, a incorporación das mulleres nestes servizos por a maior posibilidade da proximidade dos centros de traballo que na estatal.

O 91% das mulleres na administración en Galicia traballan en institucións galegas. No caso dos homes o 69,5%.


Persoal ao servizo das administracións públicas por sexo (2021/Xaneiro)							
	Nº			% columna			% muller (fila)
	Total	Home	Muller	Total	Home	Muller	
Total	154071	62790	91281	100,0	100,0	100,0	59,2
Administración pública estatal	27158	19138	8020	17,6	30,5	8,8	29,5
<i>Administración xeral do estado</i>	<i>11562</i>	<i>5893</i>	<i>5669</i>	<i>7,5</i>	<i>9,4</i>	<i>6,2</i>	<i>49,0</i>
<i>Ministerios OO.AA e Áreas vinculadas</i>	<i>8817</i>	<i>4361</i>	<i>4456</i>	<i>5,7</i>	<i>6,9</i>	<i>4,9</i>	<i>50,5</i>
<i>Axencias Estatais (Lei 28/2006)</i>	<i>387</i>	<i>175</i>	<i>212</i>	<i>0,3</i>	<i>0,3</i>	<i>0,2</i>	<i>54,8</i>
<i>Entes Públicos</i>	<i>2358</i>	<i>1357</i>	<i>1001</i>	<i>1,5</i>	<i>2,2</i>	<i>1,1</i>	<i>42,5</i>
Outros Administración pública estatal	15596	13245	2351	10,1	21,1	2,6	15,1
<i>Forzas e Corpos Seguridade Estado</i>	<i>7645</i>	<i>6939</i>	<i>706</i>	<i>5,0</i>	<i>11,1</i>	<i>0,8</i>	<i>9,2</i>
<i>Forzas Armadas</i>	<i>7061</i>	<i>6003</i>	<i>1058</i>	<i>4,6</i>	<i>9,6</i>	<i>1,2</i>	<i>15,0</i>
<i>Administración de Xustiza</i>	<i>890</i>	<i>303</i>	<i>587</i>	<i>0,6</i>	<i>0,5</i>	<i>0,6</i>	<i>66,0</i>
Comunidades autónomas	91773	25981	65792	59,6	41,4	72,1	71,7
Administración local	27508	13737	13771	17,9	21,9	15,1	50,1
Universidades	7632	3934	3698	5,0	6,3	4,1	48,5
<i>Ministerio de Política Territorial y Función Pública Boletín estadístico y Microdatos. Registro central de personal</i>							

No persoal da comunidade autónoma o 71,7 % son mulleres, superando esta porcentaxe na Sanidade (77.6%), na Educación non universitaria (72.2%) e Xustiza (71.8%), mentres que nas consellerías cos seus departamentos e os organismos autónomos son o 56.5%.

Persoal da comunidade autónoma por área de actividade . 2021/Xaneiro							
	Total	Home	Muller	% columna			% fila
				T	H	M	Muller
Total administración autonómica	91779	25982	65797	100	100	100	71,7
Consellerías e/ou departamentos e os organismos autónomos	15805	6871	8934	17,2	26,4	13,6	56,5
Total persoal en institucións sanitaria	37840	8491	29349	41,2	32,7	44,6	77,6
Sanitarios en institucións sanitarias	29180	5635	23545	31,8	21,7	35,8	80,7
Non sanitarios en institucións sanitarias	8660	2856	5804	9,4	11,0	8,8	67,0
Total persoal en docencia non universitaria	35178	9786	25392	38,3	37,7	38,6	72,2
Docentes en docencia non universitaria	31513	9074	22439	34,3	34,9	34,1	71,2
Non docentes en docencia non universitaria	3665	712	2953	4,0	2,7	4,5	80,6
Xustiza	2956	834	2122	3,2	3,2	3,2	71,8

Fonte: IGE

Sanidade é a área de actividade que agrupa máis persoal das administracións públicas, con 37.840 persoas (41% do total), e na educación non universitaria 35.178 (38%). En ambas áreas as mulleres teñen unha presenza predominante.



Segundo a categoría ou tipo de vinculación coa administración pública da comunidade autónoma, o 38,8% son persoal estatutario, outro 47,5 % funcionariado, 12 % laborais e 17 % Persoal en formación.

Na última década, na distribución por sexo no emprego público, houbo unha relevante transformación. No total do persoal da administración autonómica hai agora uns 2.300 homes menos (-8.1%) e 4.844 mulleres máis (8%).

Baixou a cifra do funcionariado de carreira e tamén do persoal laboral fixo, en ambos sexos, pero aumentou a interinidade e os postos de laborais temporais ocupados agora por mulleres en maior medida que homes. En cifras redondas, perdéronse case 4.000 postos nos homes funcionarios de carreira e cubríronse 1.400 de interinidade. Nas mulleres a perda foi de 3.000 de carreira e aumentou en 3.500 de interinidade.

No persoal laboral, o cambios ao longo da década tamén supuxeron perda de postos fixos que compensaron con temporais.


No caso do persoal estatutario, na súa totalidade adscrito a area sanitaria na que constitúen o 94% do persoal, foi onde se incrementou máis en cifras absolutas e relativas o persoal, co aumento notorio de mulleres na modalidade temporal.

Variación na última década persoal administración autonómica por vinculación contractual									
	2011 (Xaneiro)		2021 (Xaneiro)		Variación 2011-2021				
	Nº		%		Nº		%		
	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller	
Total	28266	60953	25982	65797	-2284	4844	-8,08	7,95	
Estatutario	7914	23497	7771	27830	-143	4333	-1,81	18,44	
<i>Fixo</i>	<i>6590</i>	<i>17148</i>	<i>5680</i>	<i>17118</i>	<i>-910</i>	<i>-30</i>	<i>-13,81</i>	<i>-0,17</i>	
<i>Temporal</i>	<i>1324</i>	<i>6349</i>	<i>2091</i>	<i>10712</i>	<i>767</i>	<i>4363</i>	<i>57,93</i>	<i>68,72</i>	
Funcionario	16227	29530	13711	29896	-2516	366	-15,51	1,24	
<i>De carreira</i>	<i>15294</i>	<i>27490</i>	<i>11404</i>	<i>24296</i>	<i>-3890</i>	<i>-3194</i>	<i>-25,43</i>	<i>-11,62</i>	
<i>Interinos</i>	<i>933</i>	<i>2040</i>	<i>2307</i>	<i>5600</i>	<i>1374</i>	<i>3560</i>	<i>147,27</i>	<i>174,51</i>	
Laboral	3749	6987	4002	7019	253	32	6,75	0,46	
<i>Fixo</i>	<i>3132</i>	<i>5216</i>	<i>2250</i>	<i>3652</i>	<i>-882</i>	<i>-1564</i>	<i>-28,16</i>	<i>-29,98</i>	
<i>Temporal</i>	<i>617</i>	<i>1771</i>	<i>1752</i>	<i>3367</i>	<i>1135</i>	<i>1596</i>	<i>183,95</i>	<i>90,12</i>	
Persoal en formación	376	931	498	1052	122	121	32,45	13,00	

Fonte: IGE

Distribución segundo a vinculación contractual coa administración autonómica							
	Nº			% columna			% Muller
	Home	Muller	Total	Home	Muller	Total	
Estatutario Fixo	5.680	17.118	22.798	21,9	26,0	24,8	75,1
Estatutario Temporal	2.091	10.712	12.803	8,0	16,3	13,9	83,7
Total Estatutario	7.771	27.830	35.601	29,9	42,3	38,8	78,2
Funcionariado de carreira	11.404	24.296	35.700	43,9	36,9	38,9	68,1
Funcionariado Interino	2.307	5.600	7.907	8,9	8,5	8,6	70,8
Total funcionariado	13.711	29.896	43.607	52,8	45,4	47,5	68,6
Laboral fixo	2.250	3.652	5.902	8,7	5,6	6,4	61,9
Laboral temporal	1.752	3.367	5.119	6,7	5,1	5,6	65,8
Total laborais	4.002	7.019	11.021	15,4	10,7	12,0	63,7
Persoal en formación	498	1.052	1.550	1,9	1,6	1,7	67,9
TOTAL ADM. AUTONOMICA	25.982	65.797	91.779	100,0	100,0	100,0	71,7

Fonte: IGE



PODER E TOMA DE DECISIONS



Representación governamental

Nas últimas décadas foise normalizando a participación da muller nas actividades gobernamentais aumentando progresivamente a súa porcentaxe.


En Galicia no ano 1992 as deputadas no parlamento do goberno galego supuñan o 12% e foron aumentando ata acadar o 52 %, dun total de 75 no 2021.

No caso das concellarías do goberno galego, pasaron de supoñer o 40 % no 2011 ao 45.5% no ano 2021.

A evolución dende a década dos 90, pode visualizarse nos seguintes gráficos




Na administración local tamén presenta unha evolución positiva pero aínda non equilibrada por sexo no caso das alcaldías chegando ao 17.8% no ano 2021, mentres que as concellarías representadas por mulleres acadan o 40.9%



Evolución do nº alcaldías e porcentaxe de alcaldesas. Galicia											
	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2013	2014	2015	2019	2021
Porcentaxe de alcaldesas	12,56	14,6	14,6	14,6	14,6	7,62	9,52	9,87	11,78	17,63	17,89
Total alcaldías (nº)	314	314	314	314	314	315	315	314	314	312	313

Fonte: IGE



Concellarías na administración local. Galicia											
	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2013	2014	2015	2019	2021
Total concellarías (nº)	3819	3343	3343	3343	3343	3410	3472	3468	3759	3407	3388
% mulleres	20,66	31,83	31,83	31,83	31,83	36,54	37,21	37,75	36,69	40,77	40,88

Fonte: IGE

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
 Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
 Concello da Coruña. 2022


Nas deputacións provinciais a primeira muller presidenta data do ano 2015, por a provincia de Pontevedra, permanecendo na actualidade.

Presidencia das Deputacións provinciais. Galicia									
	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2020	2021
Total	4	4	4	4	4	4	4	4	4
Porcentaxe de mulleres	0	0	0	0	25	25	25	25	25

Dirección e xerencia de empresas e actividades profesionais

Por último ao considerar a distribución nos postos de dirección e xerencia por sexo, advírtese un cambio moi lento. Na dirección e xerencia de empresa pasaron de ser o 27% no ano 2010 ata o 32% no 2022.

Na dirección de departamentos administrativos e dirección da produción de operacións o incremento foi algo maior. No ano 2010 eran ocupados estes postos por mulleres nun 24%. Na actualidade acada o 30%, tamén por debaixo do 40% que é a porcentaxe aceptada como paridade.




Porcentaxe de mulleres ocupadas na dirección e, xerencia de empresas												
Porcentaxe de mulleres en cada ocupación. Galicia												
	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
Directores e xerentes	27,1	31,1	26,7	29,8	32,7	31,6	27,7	30,2	31,3	33,3	34,2	32,1
Directores de departamentos administrativos e directores de produción de operacións	24,3	25,5	25,1	29,8	33,9	32,9	31,9	35,2	34,7	38,1	37,7	30,6

IGE-INE. Enquisa de poboación activa. Datos dende o 2002 revisados coa base poboacional 2011

Nos postos profesionais de maior cualificación profesional, correspondentes a formación universitaria superior, é onde as mulleres aumentaron notablemente a súa participación no mundo laboral, en detrimento da ocupación nos técnicos de apoio. Así en postos técnicos e profesionais da saúde e do ensino chegan a ocupar o 71% e noutros técnicos profesionais científicos e intelectuais ao 50%.

Nestas cualificacións técnicas e científicas xa empezaron a estar equiparadas no ano 2000, e continuaron ascendendo.



Porcentaxe de mulleres ocupadas en actividades profesionais												
Porcentaxe de mulleres en cada ocupación. Galicia												
	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
B Técnicos e profesionais Científicos e intelectuais da saúde e do ensino	65,8	67,2	67,1	66,2	69	68,1	69,2	69,3	68,7	67	68	70,9
C Outros técnicos e profesionais científicos e intelectuais	44,2	44,9	46	45,4	41,6	43,9	46,7	44,9	44,2	45,6	50,2	50,1
D Técnicos; profesionais de apoio	42,9	38	38	37,2	37,2	34	35,2	37,3	39,1	36,2	35,9	37,2

IGE-INE. Enquisa de poboación activa. Datos dende o 2002 revisados coa base poboacional 2011

No cadro seguinte inclúense os datos máis actuais en miles de persoas e súa porcentaxe por sexo sobre to total en cada posto.

Poboación ocupada na dirección, xerencia de empresas e en actividades profesionais segundo o sexo (CNO-2011). Ano 2021 (miles de persoas e porcentaxe)						
	Poboación en miles			Porcentaxe		
	Total	Home	Muller	Total	Home	Muller
A Directores e xerentes	39,7	26,9	12,7	100	67,9	32,1
Directores de departamentos administrativos e directores de produción de operacións	24,9	17,3	7,6	100	69,4	30,6
B Técnicos e profesionais científicos e intelectuais da saúde e do ensino	102,7	29,9	72,8	100	29,1	70,9
C Outros técnicos e profesionais científicos e intelectuais	87,6	43,7	43,9	100	49,9	50,1
D Técnicos; profesionais de apoio	129,3	81,2	48,1	100	62,8	37,2

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa (27/01/2022)
Nota: Datos dende o 2002 revisados coa base poboacional 2011

Administración de Xustiza

65


Na administración da Xustiza en Galicia a porcentaxe de xuízas e maxistradas mostra un aumento constante. No ano 2010 eran 5 de cada dez e no 2021 xa eran seis.

Porcentaxe de mulleres entre xuíz /as e maxistrados/as en Galicia												
	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
TOTAL España	47,7	48,3	49,2	50,1	51,0	52,0	52,4	52,7	53,2	53,9	54,3	54,8
Galicia	51,0	50,2	51,3	53,2	54,1	56,1	56,7	57,4	58,3	57,9	59,2	59,1

Fonte: INE : Consejo General del Poder Judicial. Los datos se refieren al 1 de enero de cada año

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022




TRABALLO POR CONTA PROPIA

Para contextualizar e clarificar parte deste tema de actualidade como é o da dirección e xerencia por parte das mulleres, tómase como referencia os datos da EPA a nivel de Galicia, que proporciona información por sexo, aínda que neste caso non se trata da dirección e xerencia por conta allea, se non que tratase aquí unicamente do traballo por conta propia (traballo autónomo, cooperativas e outros...). Segundo esta fonte, as mulleres son o 40% das 224.3000 persoas que traballan pola súa conta en Galicia. ⁴

Razóns para traballar por conta propia

Entre as razóns consultadas para saber cal foi o motivo de emprender tanto nos homes como nas mulleres, o máis frecuente (3 de cada 10) foi continuar co negocio familiar. En segundo lugar, a razón foi que presentóuselle unha boa oportunidade e en terceiro lugar porque non conseguiu atopar un emprego por conta allea. En diferentes porcentaxes pero no mesmo orde en homes e mulleres.



⁴ Na enquisa, considéranse traballadores por conta propia as persoas de 16 e máis anos que están ocupadas e cuxa situación profesional é a de empresario/a con asalariados, traballador/as independente ou membro de cooperativa. Só se consideran os traballadores por conta propia que tiveron polo menos un cliente nos doce meses anteriores ao domingo da semana de referencia.

Traballadores/as por conta propia segundo a razón principal pola que comezaron a traballar pola súa conta, por sexo						
Miles de persoas e porcentaxe. Galicia 2017						
Razón principal	Home		Muller		(% fila)	
	Nº(Miles)	%	Nº(Miles)	%	Home	Muller
Total	134,1	100	90,2	100	59,8	40,2
Non conseguiu atopar un traballo por conta allea	24,7	18,4	14	15,5	63,8	36,2
O seu anterior empregador pediulle que se dera de alta como traballador por conta propia	2	1,5	0,4	0,4	83,3	16,7
É a práctica habitual na súa actividade	13,8	10,3	10,2	11,3	57,5	42,5
Presentóuselle unha boa oportunidade	31,1	23,2	20,4	22,7	60,4	39,6
Continuou co negocio familiar	33,4	24,9	28,8	31,9	53,8	46,4
Non tiña intención nin plans de traballar por conta propia, pero comezou a facelo por unha razón distinta das anteriores	9,8	7,3	5,6	6,2	64,1	36,6
Quería traballar por conta propia pola flexibilidade do horario	4,4	3,3	3,6	4	55,0	45,0
Quería traballar por conta propia por outro motivo	12,8	9,6	7	7,7	64,6	35,4
Non sabe	2,1	1,6	0,3	0,4		

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa.(21-09-2018)

Dentro de cada motivo, e considerando as razóns que supoñen nas mulleres máis do 40,2 % (que é a súa porcentaxe sobre o total de persoas que traballan pola súa conta), incide máis nas mulleres a razón de continuar co negocio familiar (46%), a flexibilidade do horario de traballo (45%) e porque é práctica habitual na súa actividade (42,6%)

A flexibilidade do horario de traballo, o alegan o 4% das mulleres e o 3.4% dos homes que traballan pola súa conta como motivo principal. Máis do 80% das mulleres e homes que traballan por conta propia deciden o seu horario.

Traballo por conta propia segundo a súa influencia na decisión do seu horario de traballo						
Miles de persoas e porcentaxes. Galicia 2017						
	Total	Home	Muller	% fila muller	% home	% muller
Decídeo o traballador	177,5	105,5	72	40,6	84,4	83,2
Decídeo o cliente ou clientes	18,3	11,5	6,8	37,2	9,2	7,9
Decídeo outra parte	14,9	7,5	7,4	49,7	6,0	8,6
Non sabe/non contesta	0,8	0,6	0,2	25,0	0,5	0,2
Total por conta propia con polo menos un cliente	211,5	125	86,5	40,9	100,0	100,0


Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa.(21-09-2018)

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022

Dificultades

Entre as dificultades das mulleres para traballar por a súa conta, a maior porcentaxe corresponde a aspectos non considerados na enquisa (19.8%). No segundo lugar a falta de ingresos en caso de enfermidades (12.8%) e períodos sen clientes ou sen ter pedido ou proxecto para traballar (12.6%). Tamén 2 de cada 10 din que non tiveron dificultades.



Cientela

Aínda que na enquisa non se especifica o tipo de actividades económicas que realizan por conta propia, no ano 2017 a porcentaxe de mulleres que tiveron máis de nove clientes nos últimos 12 meses é similar a dos homes, sete de cada dez. O caso de non ter clientela, no mesmo período, afectou en maior medida as mulleres: o 15,5 % fronte ao 10% dos homes.

Traballadores/as por conta propia segundo o número de clientela no último ano, por sexo Galicia 2017						
	Miles persoas			% fila Muller	% columna	
	Total	Home	Muller		Home	Muller
Total	224,3	134,1	90,2	40,21	100	100
Ningún cliente ou como máximo un nos últimos doce meses	27,4	13,4	14	51,09	10,0	15,5
Entre 2 e 9 clientes nos últimos doce meses	28	17,8	10,2	36,43	13,3	11,3
Máis de 9 clientes nos últimos 12 meses	158,6	95,2	63,4	39,97	71,0	70,3
Non sabe/Non contesta	10,3	7,7	2,7	26,21	5,7	3,0

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. (21-09-2018)

Traballo en sociedade

70

A maioría do traballo por conta propia desenvólvese sen ser copropiedade e sen estar en sociedade con outras persoas, tanto nos homes (64.2%) como nas mulleres (69.4%).

Traballadores por conta propia segundo traballen ou non algún socio ou estean asociados a outros traballadores por conta propia cos que comparten traballo, por sexo . Galicia 2017. Miles de persoas e %						
	Miles de persoas			Porcentaxes		
	Total	Home	Muller	Total	Home	Muller
Total	224,3	134,1	90,2	100	100	100
Traballa con algún copropietario ou socio	40,5	25,4	15,1	18	18,9	16,7
Traballa asociado a outros traballadores por conta propia	9,3	7,2	2,1	4,2	5,4	2,3
Ambas cousas	25,5	15,1	10,4	11,4	11,3	11,5
Ningunha das dúas cousas	148,7	86	62,6	66,3	64,2	69,4
Non sabe/Non contesta	0,3	0,3	0	0,2	0,3	0

IGE-INE. Enquisa de poboación activa. 21/09/2018

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022


Actividade económica nas mulleres que crean empresas ou sociedades

Unha fonte de información que pode proporcionar unha idea deas actividades en que constitúen empresas ou sociedades mercantís as mulleres é o BORME. Así nos datos de 2020, considerando o total de sociedades mercantís fundadas en ambos sexos, as mulleres constitúen o 32 % nas de Hostalaría, o 28% na Banca e seguros, 23% nas Actividades inmobiliarias . No caso da Industria (20%) seguramente vinculadas a alimentación e tamén talleres confección.

Dentro do grupo das mulleres as actividades empresariais máis frecuentes atópanse no grupo de Servizos a empresas e outras actividades de servizos (25%), seguido do Comercio (23%) e a Hostalaría (18%)

Distribución (%) por sexo na fundación de sociedades mercantís por actividade , Ano 2020					
	Nº		% fila		
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Total
Agricultura	151	37	80,3	19,7	100
Industria e enerxía	267	67	79,9	20,1	100
Construción	439	79	84,7	15,3	100
Comercio e reparación	748	227	76,7	23,3	100
Hostalería	372	177	67,8	32,2	100
Transporte e comunicacións	227	48	82,5	17,5	100
Banca e seguros	105	41	71,9	28,1	100
Actividade inmobiliaria	218	65	77	23	100
Servizos a empresas e outras actividades de servizos	538	242	69	31	100

IGE. Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME). (03-11-2021)



EMPRENDEMENTO

O último informe GEM 2019-2020 indica que hai un maior porcentaxe de iniciativas emprendedoras incipientes lideradas por mulleres que por homes, xa por segundo ano consecutivo. No ano 2018 as mulleres foron o 57,6% e no 2019 chegaron ao 65.09 %.

As iniciativas emprendedoras consolidadas tamén presentan un porcentaxe maior nas mulleres (53.28% fronte ao 46.72% nos homes), aínda que no caso de abandono as mulleres son o 58.97% e nos homes 41.03%.

Perfís

En canto ao perfil da persoa emprendedora sinala unha idade media para emprender menor nas mulleres, que sitúase nos 45 anos, algo superior a media de idade no 2018 que era de 42. No caso dos homes pasou de 41 no 2018 aos 47 anos no 2019.

Por outra banda, segundo o mesmo estudo, a evolución de iniciativas empresariais mantén unha tendencia ao aumento nas mulleres e decrecente nos homes.

Perfil persoa emprendedora (%). Ano 2019	Home	Muller
Idade media para emprender	47	45
Con Estudos universitarios	30.81	26.20
Sen estudos universitarios	69.19	72.22
<i>Fonte: Informe Ejecutivo GEM Galicia 2019-2020</i>		

Distribución por sexo (%) nas catro fases do proceso emprendedor nas Iniciativas empresariais Informe GEM Galicia. Ano 2019		
Fases nas que se atopan	Home	Muller
Potenciais,	60.74	39.26
Incipientes (ata 42 meses)	34.91	65.09
Consolidadas (máis de 42 meses)	46.72	53.28
Abandonadas	41.03	58.97
<i>Fonte: Informe Ejecutivo GEM Galicia 2019-2020</i>		

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022

Factores psicológicos na decisión de emprender

Considéranse tamén os factores clave na decisión, como é a percepción de oportunidades de emprender. Neste caso as mulleres perciben menos oportunidades que os homes. As persoas que teñen estudos universitarios deciden emprender en maior medida que as demais, en ambos sexos.

En canto a percepción de ter capacitación, habilidades e coñecementos para emprender, é superior nos homes, presentando así máis seguridade que as mulleres, tanto nas que son emprendedoras como as que non.

O mesmo sucede co medo ao fracaso ou aversión ao risco, que manifestan o 38% da mulleres emprendedoras e o 34% dos homes.

Factores psicológicos clave na decisión de emprender		
Percepción detección no entorno de oportunidades para emprender	Home	Muller
Persoas emprendedoras	47.37	26.38
Persoas non emprendedoras	37.70	29.61
Percepción da capacitación habilidades e coñecementos para emprender	Home	Muller
Persoas emprendedoras	88.41	85.72
Persoas non emprendedoras	53.74	43.59
Aversión ao risco	Home	Muller
Persoas emprendedoras	34.22	38.17
Persoas non emprendedoras	53.60	59.71

Fonte: Informe Ejecutivo GEM Galicia 2019-2020

Aspectos culturais

Os aspectos culturais e da contorna económica e social están máis presentes nos homes. Consideran eles en maior medida esta opción profesional e tamén que o éxito no emprendemento lles proporciona un maior status social.

Un factor que as mulleres emprendedoras presentan en porcentaxe superior é o de ter coñecemento de alguén en proceso emprendedor como referencia (38%), algo máis que nos homes (34%). Este aspecto incrementase e tamén supera a media nacional.

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022

Por último a divulgación do emprendemento nos medios de difusión é percibido máis por os homes que por as mulleres, aínda que con pouca diferenza nas persoas emprendedoras.

CULTURA PARA EMPENDER E INFLUENCIA DO EMPRENDIMENTO. EXISTENCIA DUNHA CONTORNA ECONOMICA E SOCIAL FAVORABLE		
Ten modelos de referencia	Home	Muller
Persoas emprendedoras	34.22	38.17
Persoas non emprendedoras	53.60	59.71
Considera empender como opción profesional	Home	Muller
Persoas emprendedoras	49.76	41.51
Persoas non emprendedoras	52.72	57.12
Emprender con éxito proporciona status profesional elevado	Home	Muller
Persoas emprendedoras	64.90	62.97
Persoas non emprendedoras	60.29	56.89
Existe difusión nos medios de emprendementos de éxito	Home	Muller
Persoas emprendedoras	59.14	58.76
Persoas non emprendedoras	57.91	53.38
<i>Fonte: Informe Ejecutivo GEM Galicia 2019-2020</i>		

SATISFACCIÓN CO TRABALLO SEGUNDO A SITUACIÓN PROFESIONAL.

No conxunto de persoas que traballan, conta propia e asalariadas, mostrase algo máis satisfeitas as persoas que están asalariadas por conta allea (90.8%) que as que traballan por conta propia (87 %).

Diferenciando a situación profesional, resulta que nas persoas que traballan por conta propia soamente o 5,2 % das mulleres e 5 % dos homes desexarían traballar por conta allea.

No caso de quen traballa por conta allea, un 4.4 % das mulleres preferirían traballar por conta propia e un 5.7 % dos homes.

En calquera dos casos a gran maioría parece conforme a súa situación profesional e non desexa cambiar, sendo desta opinión o 85.4 % das mulleres e o 81.9 % dos homes.

Traballo por conta propia e asalariados, segundo o nivel de satisfacción laboral por sexo						
Miles de persoas e porcentaxes (2017) Galicia						
	Miles de persoas			Porcentaxes		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total	1046,4	554	492,5	100	100	100
Satisfeito en gran medida	484,3	258,9	225,5	46,3	46,7	45,8
Satisfeito ata certo punto	458,1	240,6	217,5	43,8	43,4	44,2
Pouco satisfeito	75,7	39,1	36,6	7,2	7,1	7,4
Nada satisfeito	21,2	10,2	11	2	1,8	2,2
Non sabe/Non contesta	7,1	5,2	1,9	0,7	0,9	0,4

Considéranse traballadores por conta propia as persoas de 16 e máis anos que están ocupadas e cuxa situación profesional é a de empresario con asalariados, traballador independente ou membro de cooperativa. Debido aos factores de elevación anuais aplicados ás variables de submostra, os datos de traballadores por conta propia non coinciden cos obtidos COAS medias anuais dos catro trimestres. IGE-INE. Enquisa de poboación activa 21/09/2018

75

Poboación que traballa por conta propia ou asalariada, segundo desexen ou non cambiar a súa situación profesional por sexo				
	Miles de persoas		%	
	Home	Muller	Home	Muller
Total	554	492,5	100	100
Non desexa cambiar de situación profesional	453,6	420,3	81,9	85,4
Traballa por conta propia pero desexa traballar por conta allea	27,9	25,8	5	5,2
Traballa por conta allea pero desexa traballar por conta propia	31,4	21,6	5,7	4,4
Non sabe/Non contesta	41	24,8	7,4	5

IGE-INE. Enquisa de poboación activa. 21/09/2018

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022

USO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN

Cun porcentaxe similar, as mulleres utilizaron internet máis que os homes, o 87.9 % fronte ao 87 %. Tamén a usaron polo menos unha vez por semana nos últimos meses o 84,7 % mentres que nos homes é algo inferior (82.3 %). O mesmo sucede co uso do teléfono móbil que as mulleres usaron nun 98.8 % e os homes 98.1.

A única das cuestións consultadas nesta enquisa na que as mulleres presentan un punto porcentual menos é na compra por internet (47.8 % dos homes e 46.6% das mulleres).


En calquera dos casos o uso destas tecnoloxías en Galicia é menos frecuente que no conxunto de España, agás no uso do móbil que é similar.

Porcentaxe de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron novas tecnoloxías segundo sexo. Galicia					
	2016	2017	2018	2019	2020
Utilizaron internet nos últimos 3 meses					
Total	74,6	79,4	80,4	84	87,4
Home	74,9	78,8	79,8	82,9	87
Muller	74,4	79,9	81	85	87,9
Utilizaron internet polo menos unha vez por semana nos últimos 3 meses					
Total	70,7	72,1	76,3	79,7	83,5
Home	71,7	73	76,4	78,5	82,3
Muller	69,8	71,3	76,1	80,9	84,7
Compraron a través de internet nos últimos 3 meses					
Total	30,4	32,1	40,4	39,2	47,2
Home	29,8	35,9	43,7	40,9	47,8
Muller	31	28,4	37,3	37,6	46,6
Usan teléfono móbil (1)					
Total	..	94,8	..	94,2	98,5
Home	..	94,5	..	94,2	98,1
Muller	..	95	..	94,2	98,8

Fonte: INE. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los hogares.(..) Dato non disponible. I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

Diferencias por grupo de idades

Toda a mocidade de 16 a 34 anos utilizou internet a lo menos unha vez na semana nos últimos tres meses. A frecuencia vai reducíndose segundo aumenta a idade de pasando unicamente a metade das persoas de 65 a 74 anos, sendo neste caso máis frecuente na mulleres (53.8 %) que nos homes (43.5 %).




Compras por internet

As compras por internet unicamente as realizaron, nos últimos tres meses, a metade das persoas. Neste caso a maior frecuencia dáse no grupo de 35 a 44 anos, o que é de supoñer debido ao maior poder adquisitivo que teñen respecto aos máis xoves e a maior familiarización coas novas tecnoloxías que os máis maiores. Non hai gran diferenza neste aspecto entre homes e mulleres, pero no grupo menores de 45 é máis frecuente nas mulleres e a partir de dita idade nos homes.

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
 Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
 Concello da Coruña. 2022



Uso do móbil

Por último, o uso do móbil e a costume máis estendida en canto a o uso de novas tecnoloxías, sen haber gran diferenza, ten maior frecuencia nas mulleres. De feito o usan o 100 % da mulleres de 16 a 64 anos. No caso dos homes presentan maior frecuencia a partir dos 65 anos e algo menos que as mulleres antes dos 16.

Usan teléfono móbil. Porcentaxe por sexo e idade		
	Homes	Mulleres
Total	98,1	98,8
De 16 a 24 anos	100	100
De 25 a 34 anos	100	100
De 35 a 44 anos	96,5	100
De 45 a 54 anos	100	100
De 55 a 64 anos	97,7	100
De 65 a 74 anos	95,4	92,9

Fonte: INE. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los hogares..(..) Dato non disponible.. I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
 Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
 Concello da Coruña. 2022

CAPITAL SOCIAL - BENESTAR SOCIAL

FOGARES

Tamaño e composición


A composición dos fogares continúa nun proceso de transformación. Na última década, pese ao descenso de poboación, incrementouse o número de fogares.

O cambio débese ao aumento dos unipersoais, os sen núcleo (os formados por persoas sen grado estreito de parentesco), de parellas sen fillos/as e os monoparentais, mentres que descenden os fogares de parellas con fillos/as, os de varios núcleos e aqueles compostos por un núcleo e outras persoas.

En canto ao tamaño, en Galicia 2020, segundo o número de persoas integrantes, distribúense nun 26.5 % dunha persoa, o 31 % de dúas, outro 22 % con tres, 15% con catro e un 5.6% con cinco e máis.

Distribución (nº e % columna) do tipo de fogares 2010 e 2020				
	2010		2020	
	Nº	%	Nº	%
Unipersoal	227.122	21,53	239.636	22,42
Sen núcleo	23.434	2,22	24.702	2,31
Parella con fillos	348.286	33,02	323.552	30,27
Parella sen fillos	237.921	22,56	260.484	24,37
Monoparental	101.381	9,61	111.594	10,44
Un núcleo e outros	76.425	7,25	72.265	6,76
Varios núcleos	40.147	3,81	36.521	3,42
Total	1.054.716	100	1.068.754	100

Fonte: IGE



EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022

No período 2010-2020 aumentaron os monoparentais en 10.231 (10.1%), os de parellas sen fillos 22.563 (9.5%), os unipersoais 12.514 (5.5%) e os que non teñen núcleo familiar 1.268 (5.4%).

Variación tipo de fogares 2010-2020		
	Nº	%
Unipersoal	12.514	5,5
Sen núcleo	1.268	5,4
Parella con fillos	-24.734	-7,1
Parella sen fillos	22.563	9,5
Monoparental	10.213	10,1
Un núcleo e outros	-4.160	-5,4
Varios núcleos	-3.626	-9,0
Total	14.038	1,3
<i>Fonte: IGE.</i>		

Fogares unipersoais

Dos case 240.000 fogares unipersoais en Galicia, o 58% (138.150) están formados por mulleres, especialmente no grupo de maiores de 65 anos que son o 70%.

80

Distribución fogares unipersoais segundo o grupo de idade. Galicia 2020							
	Home	% columna	Muller	% columna	Total	% columna	Total % fila mulleres
Menos de 30 anos	4.313	4,25	5.081	3,68	9.394	3,92	54,09
De 30 a 44 anos	19.454	19,17	15.300	11,07	34.754	14,50	44,02
De 45 a 64 anos	40.439	39,85	31.146	22,55	71.585	29,87	43,51
De 65 ou máis anos	37.280	36,73	86.623	62,70	123.904	51,71	69,91
Total	101.486	100,00	138.150	100,00	239.636	100,00	57,65
<i>Fonte: IGE</i>							


Por outra banda, neste fenómeno dos fogares unipersoais, van incrementando a súa porcentaxe segundo aumenta a idade en ambos sexos pero con diferente distribución.

Nas mulleres a porcentaxe de fogares unipersoais do grupo de 30 a 44 anos son o 11%, no de 45 a 64 o 30 % e nas maiores de 65 ascende ata o 62 %.

No caso dos homes varía esa distribución: de 30 a 44 son o 19%, de 45 a 64 o 40 % e nos maiores de 65 unicamente o 37 %.

EC_LL


Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022



E dicir, que sen saír da porcentaxe comprendida entre o 40 ata 60 por cen, que pode considerarse equilibrada por sexo, a tendencia é que en menores de 65 anos hai máis fogares unipersonais formados por homes, pero no grupo de máis de 65 as mulleres chegan ata o 70%.

Distribución fogares unipersoais segundo o grupo de idade							
	Home	% columna	Muller	% columna	Total	% columna	Total % fila mulleres
Menos de 30 anos	4.313	4,25	5.081	3,68	9.394	3,92	54,09
De 30 a 44 anos	19.454	19,17	15.300	11,07	34.754	14,50	44,02
De 45 a 64 anos	40.439	39,85	31.146	22,55	71.585	29,87	43,51
De 65 ou máis anos	37.280	36,73	86.623	62,70	123.904	51,71	69,91
Total	101.486	100,00	138.150	100,00	239.636	100,00	57,65

Fonte: IGE



Na poboación estranxeira residente en Galicia, a porcentaxe de fogares unipersoais formados por unha muller supera aos dos homes, tanto nas menores de 65, grupo de idade que nas que este tipo de fogares chega ao 56.2 mentres que na poboación española son o 42.4%. No caso de maiores de 65 son a totalidade na poboación estranxeira e o 70% na española.

Fogares unipersoais segundo a nacionalidade. (miles) Galicia 2020						
	Espanola			Estranxeira		
	Home	Muller	% muller	Home	Muller	% muller
Menos de 65 años	81,8	60,2	42,39	3,8	5,0	56,18
65 o más años	42,3	96,1	69,44	..	1,2	100,00
Total (edad)	124,1	156,4	55,76	3,8	6,3	62,38


Fonte: INE

Fogares monoparentais

Nos tipos de fogares que aumentaron, as mulleres son parte relevante. Nos máis de 100.000 fogares monoparentais, 8 de cada dez están constituídos por nais con fillos/as.

Segundo o estado civil, nos fogares monoparentais formados por nais, un 12% son solteiras, 20% son divorciadas, outro 8% separadas, 49% viúvas e un 2.6% casadas.

No caso dos homes a distribución é dun 5,4 % solteiros, 20% casados, 32,9% viúvos, 10,4% separados e 31,7% divorciados.




EC_LL

Distribución fogares monoparentais por estado civil							
		Total (Solteira/o	Casada/o	Viúva/o	Separada/o	Divorciada/o
Muller	Nº (miles)	81,7	11,8	2,6	39,6	7,8	19,9
	% fila	100,0	14,4	3,2	48,5	9,5	24,4
Home	Nº (miles)	24,0	1,3	4,8	7,9	2,5	7,6
	(%) fila	100,0	5,4	20,0	32,9	10,4	31,7

Fonte: INE: Encuesta Continua de Hogares (ECH). Datos referidos al valor medio del periodo

Por grupo de idade, nos fogares monoparentais, a lo menos de sete de cada dez fogares corresponden a nais con fillos/as, nos diferentes grupos de idade.




Distribución fogares monoparentais por grupo de idade					
Grupo de idade	Nº (miles)		% fila Mulleres	Porcentaxe en cada sexo	
	Muller	Home		Muller	Home
De 25 a 34	1,3	..	100.0	1,6	
De 35 a 44	10,6	3,9	73.1	13,0	16,3
De 45 a 54	23,9	8,0	74.9	29,3	33,5
De 55 a 64	15,9	4,5	77.9	19,5	18,8
65 anos ou máis	30,0	7,5	80.0	36,7	31,4
Total	81,7	23,9	77.4	100,0	100,0

Fonte: INE: Encuesta Continua de Hogares (ECH). Datos referidos al valor medio del periodo

Fogares segundo teñan ou non nenos/as e mocidade a cargo

Do total de 1.068.754 fogares en Galicia, o 30% ten menores de 18 anos ou mocidade de 18 a 24 que non perciben ingresos por traballo nin prestacións e conviven con polo menos un dos proxenitores.

Nestes 318.953 fogares o máis frecuente é o de dous adultos cun neno ou mozo a cargo (10.4%) e con dous o 9.7 %, o que supón uns 111.000 e 103.000 fogares respectivamente. No caso de un adulto con nenos e mozos a cargo serían case 32.000 (3%).



Composición dos fogares segundo teñan ou non nenos/as e mocidade a cargo Galicia 2020		
	Porcentaxe	Número
Fogares con nenos e mozos a cargo	29,84	318.953
Un adulto con nenos e mozos a cargo	2,98	31.872
Dous adultos cun neno e mozo a cargo	10,39	111.017
Dous adultos con dous ou máis nenos e mozos a cargo	9,65	103.129
Tres ou máis adultos cun neno e mozo a cargo	4,8	51.334
Tres ou máis adultos con dous ou máis nenos e mozos a cargo	2,02	21.602
Fogares sen nenos e mozos a cargo	70,16	749.801
Un adulto de 65 ou máis anos sen nenos e mozos a cargo	11,59	123.904
Un adulto menor de 65 anos sen nenos e mozos a cargo	10,83	115.733
Dous adultos, ambos menores de 65 anos, sen nenos e mozos a cargo	14,07	150.346
Dous adultos, algún de 65 ou máis anos, sen nenos e mozos a cargo	18,25	194.998
Tres ou máis adultos, todos menores de 65 anos, sen nenos e mozos a cargo	5,59	59.743
Tres ou máis adultos, algún de 65 ou máis anos, sen nenos e mozos a cargo	9,83	105.077
Total	100	1.068.754

Fonte : IGE. Enquisa estrutural a fogares
Nota: os datos refírense a 31 de decembro. Considéranse ""a cargo" todos os menores de 18 anos e as persoas de 18 a 24 anos que non percibiron ingresos por traballo nin prestacións e conviven con, polo menos, un dos pais.

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
 Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
 Concello da Coruña. 2022

Mocidade que vive no fogar familiar

Outro aspecto a coñecer respecto aos fogares e a mocidade, que vive cos pais. As mulleres independízanse do fogar familiar con menor idade e en maior medida que os homes.



A incidencia, por sexo e grupo de idade, indica que as mulleres independízanse do fogar familiar en maior medida que os homes. No ano 2020 o 88% das mulleres de 18 a 24 anos residía no fogar familiar e sube ao 92,5% dos homes.

Nas idades de 25 a 34 o 39,% das mulleres viven no fogar familiar e os homes 56.2%.

A evolución nos últimos anos indica unha maior tendencia a independencia do fogar familiar nas mulleres.


Mozos que viven cos pais/nais segundo o sexo e a idade. Galicia 2020									
	De 18 a 24 anos			De 25 a 34 anos			Total		
	Incidencia	%	Nº	Incidencia	%	Nº	Incidencia	%	Nº
Home	92,47	53,12	75740	56,18	59,34	71581	70,38	55,97	147321
Muller	88,22	46,88	66855	39,07	40,66	49046	57,57	44,03	115901
Total	90,43	100	142595	47,69	100	120627	64,1	100	263222

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares.




Persoa sustentadora económica principal do fogar

Na actualidade as mulleres son as principais sustentadoras económicas no 40% dos fogares, cando fai unha década o eran do 35%.



O número de mulleres sustentadoras principais nos fogares monoparentais acadou o (76%), nos sen núcleo (56%) e nos unipersoais (61%). No caso das parellas con fillos/as son o 27% e as que non teñen fillos o 28%.




EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
 Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
 Concello da Coruña. 2022

Persoas sustentadoras principais do fogar segundo o sexo. Galicia 2020				
	Home	Muller	Total	% mulleres
Unipersoal	101.486	138.150	227.122	60,8
Sen núcleo	11.565	13.137	23.434	56,1
Parella con fillos	228.445	95.107	348.286	27,3
Parella sen fillos	193.793	66.691	237.921	28,0
Monoparental	34.461	77.133	101.381	76,1
Un núcleo e outros	46.481	25.784	76.425	33,7
Varios núcleos	22.004	14.517	40.147	36,2
Total	638.235	430.519	1.054.716	40,8

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares.


Ao analizar estes datos dentro de cada sexo, as mulleres sustentadoras principais do fogar o son en primeiro lugar nos unipersoais (32%), en segundo lugar nos de parella con fillos (22%), terceiro lugar no monoparentais (17%), seguido de parella con fillos (15.5%).



O grupo de idade máis frecuente en que son economicamente as persoas sustentadoras principais en cada sexo, sitúase tanto en mulleres como homes entre os 45 e 64 anos. De feito a idade media é de 56.09 nos homes e 57.31 nas mulleres.

Fogares segundo o sexo e a idade da persoa sustentadora principal Galicia2020							
	Porcentaxe			Número			% fila mulleres
	Home	Muller	Total	Home	Muller	Total	
Menos de 30 anos	3,94	5,17	4,44	25.165	22.273	47.438	47,0
De 30 a 44 anos	23,92	22,89	23,5	152.650	98.525	251.175	39,2
De 45 a 64 anos	39,7	35,95	38,19	253.371	154.755	408.125	37,9
De 65 ou máis anos	32,44	36	33,87	207.049	154.966	362.015	42,8
Total	100	100	100	638.235	430.519	1.068.754	40,3

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares.



Ingresos dos fogares en Galicia

Os importes dos ingresos máis baixos, tanto ao considerar a media como a mediana de ingresos, correspóndense con aqueles tipos de fogares en que os constituídos por mulleres como persoa principal son maioría, como é o caso dos monoparentais (77%) e dos unipersoais (58%).

Media/Mediana de ingresos mensuais segundo a tipoloxía do fogar. Galicia 2020		
	Ingreso medio mensual por fogar	Mediana de ingresos mensuais por fogar
Unipersoal	1236	1050
Parella con fillos	2853	2614
Parella sen fillos	2217	1975
Monoparental	1947	1750
Outro tipo	3145	3010
Total	2277	2011

IGE. Enquisa estrutural a fogares".

Pobreza

O risco de pobreza establecece o como ingreso inferior ao limiar de pobreza, entendido como o 60% da mediana de ingresos dos fogares.

Os diferentes indicadores de xénero elaborados por o IGE en base a enquisa estrutural a fogares, mostran unha situación de maior risco de pobreza nas mulleres, cunha evolución a peor nos últimos anos, mentres que no caso dos homes presenta unha melloría ou menor risco de pobreza.

No indicador que non figura por sexo, como é o de “Taxa de risco de pobreza despois de transferencias (prestacións contributivas e non contributivas e prestacións e subsidios por desemprego) nos fogares formados por un adulto e polo menos un fillo/a dependente”, aumentou pasando de ser o 18.9 % no ano 2015 ata acadar 20.8 % no 2020 . Este tipo de fogar, está formado maioritariamente por muller con fillos/as, tal como se deduce do apartados anteriores.

Indicador	SEXO	2016	2017	2018	2019	2020
Taxa de risco de pobreza despois de transferencias sociais	H	16,3	15,8	15	14,9	15,4
	M	15,8	15,9	16	15,5	16,8
Taxa de risco de pobreza antes de transferencias sociais	H	33,3	32,1	31,1	30,8	32,3
	M	35,9	35,1	34,4	33,2	35,7
Taxa de risco de pobreza antes de transferencias sociais non contributivas	H	18,7	17,4	17	16,7	16,7
	M	18,2	17,5	17,6	17,2	18,2
Taxa de risco de pobreza despois de transferencias sociais entre a poboación maior	H	11,6	10,7	10,7	11,9	9,4
	M	12,2	11,2	13,4	13,1	11,9
Taxa de risco de pobreza despois de transferencias sociais en fogares formados por un adulto con polo menos un fillo dependente		18,9	20,5	18,3	18,7	20,8
Adultos (18-59 anos) que viven en fogares sen ocupados	H	12,3	11,2	10,9	11,5	10,6
	M	11,7	10,9	9,8	10,8	10


Fonte: IGE. Indicadores de xénero. Enquisa estrutural a fogares

CONCILIACION

Excedencia por coidado de fillos e por familiares

Nas excedencias por coidado de fillas/os no ano 2020 en Galicia o 88 % foron de nais e o 12% de homes.

Na última década foi reducíndose a porcentaxe das excedencias por parte das mulleres, que no ano 2010 supuñan o 94.3%, no 2015 o 90,9% e no 2020 o 88.3%. Tamén foi reducíndose a taxa de natalidade, pasando de 22.047 nacementos en Galicia no ano 2010 ata baixar a 15.247 no 2020.



90

Evolución excedencias por coidado de fillos/as											
	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Nº excedencias	482	520	505	506	515	621	834	863	961	1060	1074
% Nais	94,3	93,7	94,2	94,2	92,6	90,9	91,6	92,3	90,2	91,9	88,3
Evolución excedencias por coidado de familiares											
	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Nº excedencias	122	140	121	128	143	163	194	275	306	355	364
% mulleres	78.7	83.6	82.6	82.0	80.4	79.7	77.3	78.2	75.2	76.1	76.6

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social . Agosto 2021. Ministerio de Igualdad

Pola contra, as excedencias por coidado de familiares aumenta e vai tamén incrementándose un pouco a porcentaxe de homes. Do total das 364 excedencias por coidados familiares no ano 2020, o 77% corresponderon a mulleres e o 23% a homes. Xeralmente trátase do coidado a maiores, dado o envellecemento da poboación.

EC_LL


Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
 Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
 Concello da Coruña. 2022

Os datos do Módulo sobre a Conciliación realizado por a Enquisa de Poboación Activa (IGE, 2019), ilustra algunhas diferenzas por sexo en diferentes aspectos vinculados a este tema.

En Galicia hai 302.700 mulleres en idade laboral, de 18 a 64 anos, que teñen responsabilidades de coidado regular a menores de 15 anos ou a familiares dependentes. Esta cifra supón o 36.2 % do total das 835.800 mulleres en idade laboral residentes en Galicia. Nos homes esta porcentaxe redúcese ao 30.6 %, uns 249.100 dun total de 813.300 homes.

As mulleres ocúpanse en maior medida nas diferentes situacións de coidados aquí consideradas e hai por conseguinte unha menor porcentaxe en non ter responsabilidades de ningunha destas circunstancias.

A maior diferenza por a dedicación das mulleres prodúcese cando inclúe a responsabilidade dos coidados regulares a familiares dependentes (9% nas mulleres e 5% nos homes).



Responsabilidades de cuidados regulares segundo a situación laboral

Segundo sexa poboación ocupada, en paro o en inactividade, varían as porcentaxes, na asunción da responsabilidade de cuidados regulares, pero en todas as situacións, as mulleres en maior porcentaxe.




A poboación ocupada é a máis equiparable: un 39% das mulleres e un 37% de homes, incidindo máis en elas o cuidado a familiares dependentes.

Na poboación inactiva é onde hai maior diferenza con o 12,6% dos homes, que duplícase nas mulleres acadando ata 28,7%. Neste caso ademais a diferenza móstrase sobre todo na responsabilidade de cuidados a menores (o 13% das mulleres e 4% dos homes), feito que explica a maior incidencia de homes ocupados con responsabilidades en cuidados, especialmente de fillos/as.

A disparidade destes porcentaxes tamén se produce na poboación en situación de paro xa que o 41,4% das mulleres teñen responsabilidades de cuidados, fronte ao 26,2% dos homes.

Responsabilidades de cuidados regulares. Galicia 2019						
Distribución en relación coa actividade (%)						
Tipo de responsabilidades de cuidados	P. Ocupada		P. Parada		P. Inactiva	
	Muller	Home	Muller	Home	Muller	Home
De fillos propios ou da parella menores de 15 anos	29,3	31,1	31,2	18,7	12,9	4,2
De familiares dependentes	7,5	4,3	6,8	6,3	13,2	7,8
De fillos propios ou da parella menores de 15 anos e familiares dependentes	2,0	1,8	3,4	1,2	2,6	0,6
Non ten responsabilidades de cuidado regular	61,1	62,9	58,6	73,8	71,3	87,4
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
Base da porcentaxe (miles)	511,3	552,4	84,1	80,9	240,4	180
Distribución en miles de persoas						
Tipo de responsabilidades de cuidados	P. Ocupada		P. Parada		P. Inactiva	
	Muller	Home	Muller	Home	Muller	Home
De fillos propios ou da parella menores de 15 anos	149,9	171,6	26,2	15,1	31,1	7,6
De familiares dependentes	38,5	23,5	5,7	5,1	31,8	14
De fillos propios ou da parella menores de 15 anos e familiares dependentes	10,4	10,1	2,9	1	6,2	1,1
Non ten responsabilidades de cuidado regular	312,5	347,2	49,3	59,7	171,3	157,3
Total	511,3	552,4	84,1	80,9	240,4	180

Fonte: IGE_INE,(Enquisa de Poboación Activa 2019)



Medidas laborais de conciliación

A redución de xornada laboral e unha opción de axuda que utilizou o 14,85% das mulleres e o 4% dos homes no ano 2018.

A flexibilización e coordinación do horario e unha medida máis frecuente que foi utilizada por o 23.5% das mulleres con menores de 12 anos e o 21.6% dos homes.

Coidado de menores e conciliación familiar

A asistencia a centros de educación infantil, de carácter voluntario, cubre as etapas de 0 a 3 anos (primeiro ciclo) e de 3 a 6 anos (segundo ciclo).

No ano 2017 en Galicia case a metade (49.3%) da infancia de 0 a 3 anos, acudiu a centros de educación infantil de primeiro ciclo. Isto supón uns 33.311 nenos e nenas, correspondendo a provincia da Coruña 13.730.

O tempo medio que asisten a este centros son 25 horas semanais.

94

Segundo o IGE, os menores de 12 anos pasaron unha media de 32.5 horas semanais entre actividades lectivas e non lectivas.

No grupo de idade de 3 a 12 anos, incluíndo a educación infantil de segundo grado e a ensinanza obrigatoria, o 72% realizou algunha actividade non lectiva dentro dos centros.

De todo este grupo, fixeron uso do comedor escolar (42%), outro tanto (43%) realizou actividades extraescolares, un 26.5% o utilizou o transporte e un 7.5 % o servizo de madrugadores.

Fora do centro escolar asistiron a actividades non lectivas o 68.6%, un 27% foron a academias ou clases extraescolares e un 61% a actividades extraescolares ou deportivas.

Axuda para o coidado de menores

A metade (49.2%) dos núcleos familiares con menores precisaron axuda para cando nenos ou nenas enfermaron e non puideron acudir ao centro escolar e o 38.8% no tempo de vacacións escolares.

O máis frecuente destes fogares que precisan axuda, é valerse de familiares que non viven no fogar familiar, concretamente a avós e avoas (enténdese que principalmente son elas) cando os menores enferman (75%) e tamén en períodos de vacacións escolares.

Outra axuda que precisan, dados os horarios laborais, é para levar aos menores ao centro escolar ou transporte. Entre o 8% e o 12% acode a persoal remunerado para a axuda, e un 13% a familiares que conviven no fogar.

O recurso de campamentos de actividades de ocio, como axuda nos períodos de vacacións o utilizou un 28%.


Como se viu no apartado anterior de conciliación a maioría de núcleos familiares con menores de 12 anos é poboación ocupada. Nun 66% dos núcleos traballan o pai e a nai. Noutro 30% traballa solo un, mentres que nun 7,4% están no paro e hai outro 1,6% en situación de inactividade.

Dedicación de tempo as actividades cos fillos/as

Igualmente a dedicación de tempo a fillos e fillas fora do horario escolar entre luns e venres, tamén é superior nas mulleres en tódalas actividades aquí contempladas.

As actividades que máis realizan tanto pais como nais, superando o 90% en ambos, son as de falar ou charlar con eles, xantar ou cear.

A maior incidencia de realización de actividades coas nais preséntase a hora de axudarlles cos estudos o tarefas, apoialos e acompañalos nas actividades extraescolares, facer actividades compartidas, saír de paseo ou levalos ao parque así como estar pendente de estean entretidos e que fagan cousas.



Actividades que realizan os pais/nais cos nenos de 0 a 12 anos, de luns a venres, tras o fin da xornada educativa por sexo. Galicia 2017. Incidencia (%)			
Actividades	Home	Muller	Total
Axudarlles cos estudos ou tarefas escolares	59,14	77,25	68,63
Saír de paseo, levalos ao parque	81,33	93,59	87,76
Xogar con eles	87,79	94,85	91,49
Acompañalos e/ou apoialos nas actividades extraescolares	47,05	61,26	54,5
Facer actividades compartidas (deporte, cociña, manualidades...)	72,38	85,54	79,28
Xantar e/ou cear xuntos	92,35	96,78	94,68
Falar ou charlar con eles	94,77	97,74	96,33
Estar pendente de que estean entretidos e fagan cousas	84,66	95,6	90,4
Ningunha actividade (non ten tempo, non coinciden...)	*	*	1,44

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. (20/07/2018). Nota: Nota: a incidencia calcúlase, para cada categoría, como a porcentaxe de pais con nenos de 0 a 12 anos que realizan esa actividade cos fillos sobre o total de pais con nenos de 0 a 12 anos nesa categoría.

() Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe*

RELACIÓNS FAMILIARES E SOCIAIS

Frecuencias nas relacións

As diferenzas nas relacións sociais que realizan homes e mulleres están nas frecuencias nas que as realizan.

Entre a poboación de 16 ou máis anos que ten familiares fora do fogar, son as mulleres quen quedan con máis frecuencia cos seus familiares todos ou case tódolos días (27%). Nos homes esta asiduidade é menor (21,93%). Nas diferentes opcións, o máis frecuente é quedar unha vez por semana, tanto homes (45%) como mulleres (42%).

As relacións familiares son máis asiduas nas mulleres. Sete de cada dez mulleres quedaron con familiares a lo menos unha vez á semana, e practicamente tres delas o fan diariamente.

As mulleres falan por teléfono coa familia máis a miúdo que os homes. O 50% das mulleres falan todos ou case todos os días con familiares mentres que nos homes redúcese ao 36,4%. No outro extremo, de non falar nunca cos familiares, son un 9% dos homes e un 6% das mulleres maiores de 16.

97

Non contactaron, de ningún xeito, con familiares no último mes un 2.23 % das mulleres que teñen familiares fora do fogar e un 3.02% dos homes.



Pola contra, quedar con amizades é máis frecuente nos homes o feito de quedar a lo menos unha vez a semana (67 %) e as mulleres o 59 %, se ben contactar por teléfono ten unha frecuencia similar en ambos sexos.

Outra relación que mostra diferenza é a de quedar con compañeiros de traballo ou estudo, algo máis frecuente nos homes, pero é tamén unha das actividades que un 38.6% das mulleres e un 36.06 % de homes non fai nunca.

Unha relación que establecen máis a miúdo as mulleres é a de falar coa veciñanza, sen gran diferenza por sexo, e hai un 19 % de mulleres e 20% de homes que din non facelo nunca.


Frecuencias nas relacións persoais no último mes (% columna) 2019						
Relacións persoais	Sexo	Frecuencia no último mes				Total
		Todos ou Case todos os días	Polo menos 1 vez á semana	Polo menos u 1 vez ao mes	Nunca	
Quedaron con familiares (Persoas >16, que teñen familiares fora do fogar)	Home	21,93	45,09	21,36	11,62	100
	Muller	27,73	41,71	18,7	11,87	100
Falaron por telefono con familiares (Persoas que teñen familiares fora do fogar)	Home	36,39	40,56	13,99	9,06	100
	Muller	50	33,6	10,33	6,06	100
Quedaron con amizades (Persoas >16, que teñen amizades fora do fogar)	Home	23,32	44,19	20,95	11,55	100
	Muller	18,03	40,89	22,88	18,2	100
Falaron por telefono con amizades (Persoas >16, que teñen amizades fora do fogar)	Home	38,16	32,77	14,41	14,65	100
	Muller	38,28	32,83	13,43	15,46	100
Contactaron por internet con amizades (Persoas >16, que teñen amizades fora do fogar)	Home	20,1	15,73	9,23	54,93	100
	Muller	19,3	14,72	8,67	57,31	100
Conversaron con veciñanza (Persoas >16, que teñen veciñanza)	Home	32,55	28,84	18,08	20,52	100
	Muller	33,71	29,41	17,7	19,18	100
Quedaron con compañeiros/as de traballo ou estudo	Home	14,04	26,97	22,93	36,06	100
	Muller	13,06	24,4	23,92	38,63	100

Fonte: Enquisa estrutural a fogares. Capital social: benestar. Nota: os datos fan referencia á poboación de 16 ou máis anos



EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
 Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
 Concello da Coruña. 2022



Comparando os datos do 2014 na actualidade reduciuse a frecuencia en quen visitaba ou quedaba todos ou case todos os días con familiares, pero aumenta o facelo á semana ou nun mes, sobre todo nos homes.

A frecuencia de falar por telefono con familiares apenas varía. O 10% dos homes non fala nunca cos familiares e o mesmo sucede co 6% das mulleres.

Respecto as amizades, redúcese un pouco a porcentaxe que quedaba todos os días, e aumenta o grupo que manifesta a frecuencia dun mes, pero en contrapartida falase máis por telefono, tódolos día ou na semana.

Tamén redúcese a frecuencia de quedar con colegas do traballo ou estudo.

Na enquisa estímase nun 3% de homes e mulleres que non teñen con quen falar de temas persoais, aspecto que mellorou algo dende 2014 no que estaban nesta situación un 5% de homes e un 4% de mulleres.

Persoas a quen pedir axuda

A gran maioría das persoas, entre o 77 % e 81 % pedirían axuda a persoas do fogar e que non son do fogar para coidarlles no caso de enfermidade, facer algunha xestión ou recado e para acudir a consulta médica ou hospital.

EC_LL


Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
 Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
 Concello da Coruña. 2022




A diferenza por sexo mostra que as mulleres contan menos coa axuda dentro do fogar que os homes, xa que precisan acudir a persoas alleas en maior medida (14%), tanto para atenderlles na enfermidade como en facerlles a xestións ou acompañarlles a consulta médica ou hospital. Nos homes esta situación dáse só nun 7%.

Tamén para pedir que lles presten axuda económica as mulleres teñen que acudir en maior medida (13.6) que os homes (11.09) a persoas de fora do fogar.

Persoas a quen pedir axuda en diversos aspectos . Galicia 2019					
Tipos de axuda		Membros e non membros do fogar	Só membros do fogar	Só non membros do fogar	Ninguén
A quen lle poderían pedir axuda económica	Home	78.17	9.16	11.09	1.58
	Muller	76.79	8.3	13.6	1.3
Axuda en coidados en caso de enfermidade	Home	79,45	9,6	9,75	1,2
	Muller	77,43	7,72	14,06	0,8
Para facer algunha xestión ou recados	Home	79,45	9,6	9,75	1,2
	Muller	77,43	7,72	14,06	0,8
Para acudir a consulta médica ou hospital	Home	81,24	7,77	10,23	0,77
	Muller	79,24	5,94	14,22	0,6

IGE. Enquisa estrutural a fogares. Capital social: benestar.
 Nota: os datos fan referencia á poboación de 16 ou máis anos.






SATISFACCIÓN XERAL

A valoración máis baixa débese a situación económica do seu fogar seguido das áreas recreativas ou verdes da zona en que vive e tamén ao tempo que dispón para facer o que lle gusta, mentres que a máxima valoración é para súas relacións persoais.

Non hai gran diferenza por sexo no grado de satisfacción, superando tódolos aspectos a nota intermedia (5-6) en homes e mulleres, pero en conxunto as mulleres mostran unha satisfacción algo máis baixa que os homes en tódolos os aspectos considerados na enquisa menos no tempo necesario para ir ao traballo e a satisfacción coas zonas recreativas ou verdes da zona na que viven. Como se viu en apartados anteriores as mulleres traballan máis cerca do seu fogar e como media tardan menos no seu desprazamento.



Mulleres. Grado de satisfacción con diferentes aspectos				
	0-4	5-6	7-8	9-10
Coa súa vida	5,9	27,11	48,14	18,85
Coa situación económica do fogar	15,48	41,15	34,94	8,44
Coa súa vivenda	5,5	22,69	46,69	25,11
Co seu traballo	8,68	26,38	40,92	24,02
Coas súas relacións persoais	4,46	16,08	42,32	37,15
Co tempo que dispoñen para facer o que lles gusta	17,72	26,65	33,66	21,97
Satisfacción coas áreas recreativas ou verdes da zona na que viven	18,27	25,2	35,05	21,47
Co tempo necesario para ir ao seu traballo	8,39	23,9	34,62	33,08
Coa calidade da zona na que viven	6,22	19,71	41,93	32,13
Medida en que paga a pena o que fan na súa vida	3,33	19,34	44,6	32,73
Homes. Grado de satisfacción con diferentes aspectos				
	0-4	5-6	7-8	9-10
Coa súa vida	5,6	24,54	49,62	20,24
Coa situación económica do fogar	14,63	40,12	37,05	8,19
Coa súa vivenda	4,96	22,17	48,32	24,55
Co seu traballo	7,43	24,23	46,13	22,22
Coas súas relacións persoais	3,91	14,63	44,5	36,96
o tempo que dispoñen para facer o que lles gusta	17,33	26	32,6	24,07
Satisfacción coas áreas recreativas ou verdes da zona na que viven	18,71	24,94	35,02	21,32
Co tempo necesario para ir ao seu traballo	10,41	24,34	38,07	27,19
Coa calidade da zona na que viven	6,38	19,49	41,95	32,18
Medida en que paga a pena o que fan na súa vida	3,91	16,96	45,96	33,18
<i>IGE. Enquisa estrutural a fogares (29/05/2020)</i>				
<i>Nota: os datos fan referencia á poboación de 16 ou máis anos.</i>				
<i>Escala do 0 ao 10: 0 significa nada satisfeito e 10 plenamente satisfeito</i>				

A evolución no sentimento de satisfacción mellorou dende o ano 2014 ao 2019 en tódolos aspectos aquí considerados.

O que máis mellorou foi a situación económica do fogar, reflectindo así o inicio de recuperación que comezou no 2014, tanto en mulleres como en homes. No terceiro e cuarto lugar, as áreas recreativas ou verdes e a calidade da zona na que viven.

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022

Variación (puntos porcentuais) 2014-2019 no grado de satisfacción						
	2014		2019		Variación 2014-2019	
	H	M	H	M	Home	Muller
A súa vida na actualidade	6,76	6,72	7,19	7,11	0,43	0,39
A situación económica do seu fogar	5,53	5,51	6,15	6,1	0,62	0,59
A súa vivenda	7,15	7,2	7,36	7,35	0,21	0,15
O seu traballo actual	6,76	6,65	7,14	7,08	0,38	0,43
O tempo do que dispón para facer o que lle gusta	6,17	6,13	6,66	6,56	0,49	0,43
As súas relacións persoais	7,61	7,65	7,82	7,76	0,21	0,11
As áreas recreativas ou verdes da zona na que vive	5,94	5,96	6,46	6,51	0,52	0,55
A calidade da zona na que vive	7	7	7,49	7,51	0,49	0,51
O tempo necesario para ir ao seu traballo	6,82	7,03	7,1	7,33	0,28	0,3
O que fai na súa vida	7,39	7,44	7,73	7,71	0,34	0,27

*IGE. Enquisa estrutural a fogares (29/05/2020). Nota: os datos fan referencia á poboación de 16 ou máis anos.
Escala do 0 ao 10: 0 significa nada satisfeito e 10 plenamente satisfeito*

Outros factores a considerar na valoración da satisfacción

Sen distinguir por sexo, outras variables matizan estas variacións. Así, a vida na actualidade mellorou na mocidade de 16 a 29 anos e tamén nas persoas de 30 a 44 anos. A situación económica tamén presenta melloras neses dous grupos, ao igual que a súa vivenda.

En xeral no 2019 son os grupos extremos, menores de 29 e maiores de 65 os que adxudican unha maior puntuación nos temas consultados, coa excepción do que fan na súa vida os maiores de 65, aspecto no que apenas teñen mellora.

Nas relacións persoais, mostran mellora tamén a mocidade así como no feito de dispor tempo para facer cousas que lles gustan. Nesta última cuestión tamén as persoas maiores de 65 que son, ao tempo, quen lles dan maior puntuación.

A poboación en idade laboral mostra mellora tanto no traballo actual como no tempo para ir ao seu traballo.

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022

En canto ao nivel de formación teñen puntuación máis alta na satisfacción, dos diferentes aspectos considerados, o grupo de estudos superiores. No período 2014-2019, mellora a súa vida e tamén o tempo para desprazarse ao traballo.

Nas persoas con educación de primeira e segunda etapa de secundaria melloraron máis na situación económica e tamén na súa vivenda, mentres que con educación primaria presentan descenso na satisfacción co seu traballo actual.

Por nivel de ingresos, quen cobra máis de 3000 euros mensuais mostran as maiores puntuacións de satisfacción en tódolos aspectos, agás no tempo que teñen para facer o que lles gusta, cunha puntuación de 6.7, valoración superada por os de menos de 2.000 euros, pero soamente nunhas décimas (dende o 6.9 con menos de 1.000 euros ao 6.6 nos intermedios).

A situación económica mellorou no grupo que ten ingresos inferiores aos 1.000 euros mensuais pero con detrimento da súa vivenda e das relacións persoais.

No grupo de ingresos intermedios, de 1.500 ata 2.000 euros mensuais, melloraron no seu traballo e na vivenda actual, no tempo para ir ao seu traballo e facer o que lles gusta.

No grupo de ingresos superiores aos 3.000 euros mensuais, a mellora foi maior en máis aspectos: na súa vida na actualidade, en poder facer o que lles gusta e nas relacións persoais.

SEGURIDADE

Incidencia de diversos sucesos

Na provincia da Coruña unhas 104.564 persoas sufriron un roubo nos cinco anos anteriores ao ano 2014, cifra que baixou ata os 78.026 no 2019, o que supón unha incidencia do 10.7 % e 8.08 % respectivamente.

En Galicia a incidencia foi algo menor que na provincia, 10.02 % en 2014 e 6.91% no 2019. Por sexo é máis alta nos homes (6.96%) pero non hai moita diferenza coa das mulleres (6.87 %).

Persoas que sufriron un roubo nos últimos 5 anos. Galicia 2014-2019				
	Incidencia		Número	
	2014	2019	2014	2019
Home	10,09	6,96	114.365	77.381
Muller	9,95	6,87	122.873	83.436
Total	10,02	6,91	237.238	160.817


*IGE. Enquisa estrutural a fogares.
Nota: os datos fan referencia á poboación de 16 ou máis anos. A incidencia calcúlase, para cada sexo, como a porcentaxe de persoas que sufriron un roubo nos últimos 5 anos sobre o total de persoas dese sexo.*

Segundo a enquisa, reduciuse tamén a incidencia de persoas que foron obxecto dun engano na compra dun produto ou servizo nos últimos cinco anos. En Galicia este feito sucedulle, a uns 98.805 homes e 95.186 mulleres, resultando unha incidencia de 8.89% e 7.83% respectivamente.

Houbo pois unha incidencia maior nos homes de ser vítimas dun roubo e de ser enganados na adquisición dun produto ou servizo.

Persoas ás que enganaron ao comprar un produto ou servizo nos últimos 5 anos por sexo. Galicia 2014-2019				
	Incidencia		Número	
	2014	2019	2014	2019
Home	13,11	8,89	148.569	98.805
Muller	12,18	7,83	150.472	95.186
Total	12,63	8,34	299.041	193.991

*IGE. Enquisa estrutural a fogares.
Nota: os datos fan referencia á poboación de 16 ou máis anos. A incidencia calcúlase, para cada sexo, como a porcentaxe de persoas ás que enganaron ao comprar un produto ou servizo nos últimos 5 anos sobre o total de persoas dese sexo*




Grado no que temen diversos sucesos

A pesar destes descensos da incidencia no feito de ser vítima dalgún destes sucesos, aumentou a inseguridade en xeral tal como pode deducirse ao comparar as gradacións en que pensan van ser vítimas, nos próximos cinco anos, dun roubo ou dun engano na compra dun produto ou un servizo.

107


As mulleres presentan un grado maior de inseguridade que os homes ao pensar que van sufrir un roubo. Unha probabilidade alta (valoración de 7 a 10) consideran que a teñen o 18,8 das mulleres e o 16,7 dos homes.

Así mesmo, as mulleres tamén constitúen maior porcentaxe nas valoracións máis altas ao pensar que van sufrir un engano na compra dun produto ou servizo.



EC_LL


Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
 Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
 Concello da Coruña. 2022




En canto a evolución no período 2014-2019, descende a inseguridade xa que aumentou a porcentaxe de quen considera posibilidade baixa (0-4) e descende nas puntuacións maiores, tanto nos homes como nas mulleres.

Ao considerar outro tipo de ameazas as persoas, como á agresión física, ou o nivel de seguridade camiñando soas de noite na zona que residen, tamén hai diferenza segundo o sexo.

As mulleres acadan maior porcentaxe que os homes nas puntuacións altas e os homes nas baixas en canto ao temor a sufrir unha agresión física



A diferenza é máis notoria cando se trata de puntuar o nivel de inseguridade cando camiñan soas por a noite na súa zona de residencia. Neste caso hai un 10,66 % de mulleres que séntense moi inseguras fronte a o 1,86 % dos homes. Outro 27,15 % das mulleres séntese un pouco insegura mentres que nos homes ese grado de inseguridade abarca ao 10,6%.



A evolución neste aspecto empeora nas mulleres aumentando a porcentaxe do 36,4% que sentíanse inseguras no 2014 ata o 37,81% no 2019.

No caso dos homes sentían inseguridade o 17,36 % no ano 2014 e baixa a porcentaxe ao 12,46 % no 2019.

XUSTIZA

Condenas



As mulleres son moito menos delituosas que os homes. Por cada dez condenas, na provincia da Coruña, oito corresponden a homes e só dúas a mulleres, porcentaxe similar ao do conxunto de España

A diferenza na taxa global de persoas condenadas segundo o sexo é de 8,5 por cada mil homes e de 1,9 por cada mil mulleres.

O grupo de idade máis frecuente das persoas condenadas corresponde ao intervalo entre os 41 a 50 anos, tanto en homes como mulleres, ao que corresponden entre un 23% e un 24% das condenas.

Sen embargo ao considerar as condenas en relación coa poboación nos mesmos grupos de idade, temos que a taxa máis alta por 1000 habitantes dáse no grupo de 21 a 30 anos e vai reducíndose segundo aumenta a idade.


Atendendo ao número da frecuencia en cada grupo de idade a distribución vai variando segundo o grupo de idade. Entre o grupo de 18 a 20 anos o 25% son mulleres, e dita porcentaxe vai reducíndose ata o 16.7% no de 61 a 70 anos.



Condenas segundo sexo e idades. Provincia da Coruña 2020						
Grupo de idade	Poboación > 18 anos		Nº Condenas		Taxa por 1000 habitantes	
	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller
Total (>18 anos)	454436	505582	3870	953	8,52	1,88
De 18 a 20 anos	13860	13217	232	77	16,74	5,83
De 21 a 25 anos	22869	22106	452	114	19,76	5,16
De 26 a 30 anos	26004	25462	477	122	18,34	4,79
De 31 a 35 anos	30542	30590	482	131	15,78	4,28
De 36 a 40 anos	40559	40744	509	125	12,55	3,07
De 41 a 50 anos	92549	94783	935	217	10,10	2,29
De 51 a 60 anos	81083	86334	470	101	5,80	1,17
De 61 a 70 anos	66839	74833	220	44	3,29	0,59
Máis de 70 anos	80131	117513	93	22	1,16	0,19

Fonte: Elaboración propia con datos do IGE: Padrón Municipal, INE: Estadística de Condenados. Explotación del INE del Registro Central de Penados. Nota: idade á comisión da primeira infracción penal
I.G.E. - Instituto Galego de Estatística. (17/09/2021)

A evolución nos últimos anos mostra unha tendencia ao aumento progresivo de condenas a mulleres, pasando de ser o 11% en 2013 ao 20% na última data (ano 2020).



Outra diferenza por sexo mostrase tamén en que os homes acumulan máis delitos por condena. Se no total de condenas as mulleres eran na provincia o 20%, ao desagregar esta información por número de delitos, as mulleres son o 21% das persoas condenadas con un delito e redúcese ao 16% das condenadas por dous ou máis.


EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022


Segundo o INE en Galicia houbo un total de 15.575 delitos no ano 2020 dos que 2.689 foron de mulleres (17%).

Condenados/as segundo sexo e número de delitos. Provincia da Coruña								
	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Con un delito								
Total	3.723	3.825	4.013	4.693	4.741	3.970	4.303	3.624
Homes	3.294	3.317	3.421	3.850	3.781	3.157	3.348	2.867
Mulleres	429	508	592	843	960	813	955	757
Con dous ou máis delitos								
Total	915	929	1.088	1.281	1.453	1.208	1.396	1.199
Homes	850	861	992	1.116	1.216	1.016	1.164	1.003
Mulleres	65	68	96	165	237	192	232	196

INE: Estadística de Condenados. Explotación del INE del Registro Central de Penados (17-09-2021)



As 953 mulleres supoñen o 20% do total de persoas condenadas pero, dentro deste grupo, pouco máis da metade (53%) foron destinatarias de dous ou máis penas. No caso dos 4583 homes, a porcentaxe con dous penas ou máis é superior chegando ao 70 % os condenados con dúas ou máis penas.



A provincia da Coruña agrupa o 44% das condenas de Galicia. Nas diferentes provincias a distribución por sexo varía presentando o menor porcentaxe de mulleres Ourense co 13%, en Lugo e Pontevedra 18% e A Coruña o 20%.

Segundo o INE, en Galicia a taxa de persoas condenadas por 1.000 es de 4.8, máis baixa que a Nacional (5.7), a taxa de delitos tamén máis baixa en Galicia (5.8) que en España (8.0) e a taxa de infraccións acada un 8.2 en Galicia e 10.3 en España.

Condenas segundo a nacionalidade

No que respecta a o número de condenas en Galicia, houbo un descenso pasando de 13.748 no 2019 a 11.037 no 2020 pero aumentou lixeiramente a porcentaxe das correspondentes a mulleres respecto ao total.

O descenso de condenas prodúcese tanto en persoas con nacionalidade española como estranxeira, aínda que a porcentaxe de nacionalidade estranxeira aumenta comparada co 2019. Se antes eran o 9.3 % no 2020 son o 10%.

Considerando a distribución por sexo segundo a nacionalidade, en Galicia, é algo superior a porcentaxe de mulleres estranxeiras nas condenas (20.7%) que na poboación española (18.1%).

EC_LL

Número de condenas por sexo e nacionalidade. Anos 2019 e 2020. Galicia						
	2019			2020		
	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres
Total	13.748	11.100	2.648	11.037	9.013	2.024
Nacionalidade Española	12.493	10.136	2.357	9.931	8.136	1.795
Nacionalidade estranxeira	1.255	964	291	1.106	877	229

Fonte: I.G.E. - Instituto Galego de Estatística. INE Estadística de condenados

Por outra banda hai unha maior incidencia de persoas condenadas estranxeiras, considerando como referencia a poboación maior de 16 anos na provincia (datos en miles da EPA 2020).

Diferenciando por sexo e nacionalidade, a taxa da mulleres españolas é dun 1,5 por mil e de 4,9 nas estranxeiras. No caso dos homes 7.3 por mil nos españois e 21 nos estranxeiros.

Condenas en relación coa poboación segundo a nacionalidade. Galicia 2020			
	Ambos sexos	Homes	Mulleres
CONDENAS			
Total condenas	11037	9013	2024
Nacionalidade Española	9931	8136	1795
Nacionalidade Estranxeira	1106	877	229
POBOACION >16 ANOS (en miles)			
Total poboación ⁵	2.406,90	1.152,90	1.254,00
Nacionalidade Española	2.318,10	1.111,20	1.207,00
Nacionalidade Estranxeira	88,7	41,7	47
TAXA POR 1.000 HABITANTES			
Incidencia (taxa) por 1000 habitantes	4,6	7,8	1,6
Nacionalidade Española	4,3	7,3	1,5
Nacionalidade Estranxeira	12,5	21,0	4,9

Fonte: Elaboración propia con datos de poboación en miles, da EPA, INE: Estadística de Condenados. Explotación del INE del Registro Central de Penados

Tipos de penas


Como referencia xeral aos tipos de delito, por os que logo se penaliza ou condena, hai que ter en conta que do total de 15.575 en Galicia no ano 2020, 4.715, case unha terceira parte (30%) son contra a seguridade colectiva, concretamente a seguridade vial. No segundo lugar as Lesións (2728) que

⁵ Utilizouse para a estimación da taxa os datos de poboación de 16 e máis anos da EPA 2020 ao non dispoñer do dato da poboación estranxeira por idades simples.

EC_LL

supoñen o 17% e terceiro delito máis frecuente son os furtos (apropiación indebida sen violencia) que foron 1852 que supoñen o 12%.

As mulleres son receptoras de 4.304 penas (14%) das que case a metade son multas (47%). Nos homes o total das penas alcanzan a cifra de 25829 (86%) e as multas tamén son as máis frecuentes pero en menor porcentaxe do total (29%) que as mulleres. Neles, proporcionalmente, superan as mulleres especialmente na privación de tenza de armas, aproximación e comunicación coa vítima, e nos traballos en beneficio da comunidade. Nas penas de prisión a porcentaxe no mesmo sexo é similar, con 4586 nos homes (18%) e 734 nas mulleres (17%).



Distribución por tipo de penas. Galicia 2020					
Penas	Home		Muller		% fila mulleres
	Nº	%	Nº	%	
Prisión	4586	17,8	734	17,1	13,8
Inhabilitación especial para o emprego	4074	15,8	623	14,5	13,3
Privación dereito de conducir vehículos	2862	11,1	340	7,9	10,6
Privación dereito de tenza de armas	1309	5,1	83	1,9	6,0
Prohibición de aproximarse á vítima	1620	6,3	137	3,2	7,8
Prohibición de comunicarse coa vítima	1516	5,9	111	2,6	6,8
Traballos en beneficio da Comunidade	2194	8,5	198	4,6	8,3
Multa	7431	28,8	2007	46,6	21,3
Expulsión do territorio nacional	21	0,1	2	0,0	8,7
Resto de penas	216	0,8	69	1,6	24,2
Total	25829	100,0	4304	100,0	14,3

Fonte: IGE. INE: Estadística de Condenados. Explotación del INE del Registro Central de Penados


Poboación reclusa

A poboación reclusa en Galicia data dunhas 3188 persoas no 2019 das que 2.980 son homes (93.5%) e 208 mulleres (6.5%).

Poboación reclusa nos centros penitenciarios de Galicia e situación procesal- penal. 2019. Galicia				
	Número		Porcentaxe (fila)	
	Home	Muller	Home	Muller
Total	2980	208	93,48	6,52
Preventivos	338	26	92,86	7,14
Prisión	2640	181	93,58	6,42
Penados	2601	180	93,53	6,47
Penados c/preventiva	39	1	97,50	2,50
Medidas de seguridade	2	1	66,67	33,33

Fonte: IGE. INE: Estadística de Condenados. Explotación del INE del Registro Central de Penados

Nos últimos anos non hai grandes variacións. En todo caso unha pequena tendencia ao descenso nos homes que non se aprecia nas mulleres.



Demanda de asistencia xurídica gratuíta

Entre as 13.806 persoas que solicitaron asistencia xurídica gratuíta na provincia da Coruña, por insuficientes recursos para litigar, as mulleres constitúen o 39.2%, Aínda que non hai unha correspondencia directa entre condenas e solicitudes de asistencia gratuíta, esta porcentaxe superior a distribución que presentan nas condenas (18% dun total de 11.037), pode indicar unha maior falta de recursos nas mulleres imputadas.

Estas demandas de xustiza gratuíta foron recoñecidas para as mulleres nun 90% dos casos, o que denota a súa peor situación económica, fronte ao 83.3% dos homes que a solicitaron.

Demandas, recoñecementos e denegacións de demandas de asistencia xurídica gratuíta.				
Provincia A Coruña	Nº	Nº	%	%
	Home	Muller	Home	Muller
Recoñecementos	8120	5686	83,3	90,6
Denegacións	1603	572	16,7	9,4
Total de demandas	9744	6278	100,0	100,0

Fonte: IGE. Benestar e condicións de vida. Actividades dos órganos xudiciais e recursos humanos na Administración de Xustiza

Menores

Segundo o INE, en Galicia no ano 2020 houbo 440 menores con condenas cun total de 749 infraccións penais. Destas 440 persoas o 12.5 % son de nacionalidade estranxeira. A taxa xeral de condenas en menores respecto a la poboación de 14 a 17 anos para Galicia é de 4.8 por mil e a nacional 5.7

Na poboación condenada a porcentaxe de mulleres menores de 18 anos (23%) es maior que na adulta (20%). Así mesmo dos 749 delitos realizados por menores de 18 no ano 2020 en Galicia, 558 corresponden a homes (75%) e 191 (25.5%) a mulleres.

A medida xudicial máis frecuente aplicada en mozos e mozas foi a liberdade vixiada, arredor da metade en ambos sexos, seguida da realización de tarefas socio-educativas e en terceiro lugar o internamento.

Menores. Medidas xudiciais adoptadas Galicia 2020					
Penas	Home		Muller		% fila mulleres
	Nº	%	Nº	%	
Total	523	100,0	159	100,0	23,3
Internamento	82	15,7	18	11,3	18,0
Liberdade vixiada	272	52,0	79	49,7	22,5
Prestación en beneficio da comunidade	14	2,7	1	0,6	6,7
Permanencia de fin de semana	8	1,5	0	0,0	0,0
Realización de tarefas socio-educativas	95	18,2	33	20,8	25,8
Outras medidas	52	9,9	28	17,6	35,0

Fonte: IGE. INE: Estadística de Menores. Explotación del INE del Registro Central de Sentencias de Responsabilidad Penal de los Menores. Nota: idade á comisión da primeira infracción penal.

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022

Igual que na poboación adulta, as mozas presentan un menor porcentaxe de sancións con dúas medidas (24%) que os mozos (31%).

Menores con condena segundo sexo e número de medidas adoptadas						
	Menores cunha medida			Menores con dúas medidas		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
España	7.495	5.922	1.573	3.743	3.160	583
Galicia	302	223	79	138	112	26
Provincia A Coruña	129	85	44	53	39	14

INE: Estadística de Menores. Explotación del INE del Registro Central de Sentencias de Responsabilidad Penal de los Menores.(17-09-2021)

Na provincia da Coruña a distribución por sexo de menores con condena mostra unha porcentaxe maior de mulleres (32%) que en Galicia (24%) e España (19%).

Vendo a evolución hai unha leve tendencia ao aumento nas mulleres que non se produce nos homes.

Evolución menores con condena. Provincia da Coruña								
	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Total	230	272	224	172	185	168	232	182
Homes	173	186	152	124	131	121	157	124
Mulleres	57	86	72	48	54	47	75	58
% Homes	75,2	68,4	67,9	72,1	70,8	72,0	67,7	68,1
% Mulleres	24,8	31,6	32,1	27,9	29,2	28,0	32,3	31,9


INE: Estadística de Menores. Explotación del INE del Registro Central de Sentencias de Responsabilidad Penal de los Menores.(17-09-2021)

A porcentaxe menores con infraccións penais, incrementase coa idade na mocidade. No ano 2020 en Galicia houbo 131 infracción de menores con 14 anos, que supoñen o 5.7 por mil residentes da mesma idade, outras 168 infraccións con 15 anos (7.4 por mil), aos 16 anos 184 (8.2 por mil) e aos 17 anos 266 (12.4 por mil).

Sen embargo, diferenciando o sexo, as condenas revelan que homes e mulleres non mostran a mesma traxectoria. Nos homes vai aumentando a incidencia coa idade mentres que nas mulleres permanece máis estable e con taxas menores.

Taxa de menores con condena por mil habitantes da mesma idade						
		Total 14-17	14 anos	15 anos	16 anos	17 anos
Provincia A Coruña	Total	4,90	3,7	4,7	4,4	6,9
	Home	6,49	4,1	5,9	5,9	10,4
	Muller	3,21	3,4	3,3	2,9	3,3
Galicia	Total	4,9	3,3	4,4	5,0	7,0
	Home	7,3	4,4	6,3	7,3	11,4
	Muller	2,4	2,1	2,4	2,6	2,4

Fonte : Elaboración propia con datos do IGE. Padrón Municipal de habitantes e INE: Estadística de Menores. Explotación del INE del Registro Central de Sentencias de Responsabilidad Penal de los Menores. Nota: idade á comisión da primeira infracción penal.



VIOLENCIA DOMÉSTICA


Vítimas

Nas estatísticas, enténdese por “violencia doméstica” todo acto de violencia física ou psicolóxica exercido tanto por un home coma por unha muller, sobre calquera das persoas enumeradas no artigo 173.2 do Código Penal (descendentes, ascendentes, cónxuxes, irmáns...) agás os casos considerados de violencia de xénero. O número de vítimas refírese a persoas con ordes de protección ou medidas cautelares adoptadas. (IGE).


O carácter familiar desta violencia fai que gran parte destes delitos queden ocultos e non chegan a denunciarse. É importante, polo tanto, coñecer por os casos que saen a luz (a maior parte das denuncias son por lesións o que pon en evidencia as agresións) algunhas características deste problema.

As vítimas de violencia doméstica en Galicia, para as que tiveron que adoptarse medidas de protección por parte da xustiza, ascenderon no ano 2020 a un total de 407 sendo maioritariamente mulleres (64%) entre as que o grupo máis numeroso é o comprendido entre os 45 e 64 anos.

Poñendo en relación as vítimas coa poboación do mesmo grupo de idade, revela que a violencia incide máis nas mulleres en todos os grupos e que o grupo de idade máis afectado é o de menores de 18 anos. Tamén que a incidencia nas mulleres maiores de 65, como vítimas de violencia domestica supera en máis do dobre á dos homes.



EC_LL



Vítimas de violencia doméstica. distribución e incidencia por grupos de idade . Galicia 2020								
	Nº			% idade Home	% idade Mulleres	% fila Muller	Incidencia por 10.000 habitantes	
	Total	Home	Muller				Home	Muller
Total	407	148	259	100,0	100,0	63,6	1,14	1,85
Menos de 18 anos	98	40	58	27,0	22,4	59,2	2,03	3,12
De 18 a 24 anos	28	11	17	7,4	6,6	60,7	1,40	2,29
De 25 a 44 anos	69	30	39	20,3	15,1	56,5	0,89	1,16
De 45 a 64 anos	118	43	75	29,1	29,0	63,6	1,09	1,82
De 65 e máis anos	94	24	70	16,2	27,0	74,5	0,82	1,78

Fonte: Elaboración propia cos datos do Padrón Municipal de Habitantes (INE_IGE) e INE. Estadística de violencia doméstica (20-05-2021)

Practicamente no 90% dos casos, en ambos sexos, o lugar de nacemento das vítimas é España. En cambio no caso das persoas denunciadas a porcentaxe é menor, 83% dos homes e o 64% das mulleres.

Vítimas de violencia doméstica segundo sexo e lugar de nacemento. Galicia 2020					
	Distribución				
	Nº		% columna		% fila mulleres
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	
Total	148	259	100,0	100,0	63,6
Europa	130	234	89,4	90,3	64,3
<i>España</i>	121	229	86,0	88,4	65,4
América	17	21	9,3	8,1	55,3
África	1	3	1,0	1,2	75,0
Asia	0	1	0,2	0,4	100,0
Oceanía	0	0	0,0	0,0	

Fonte: IGE INE. Estadística de violencia doméstica (20-05-2021)

Persoas denunciadas por violencia doméstica

A violencia doméstica, segundo se infire por as denuncias, é exercida con maior frecuencia por homes de entre os 18 e 44 anos, e destaca a incidencia dos homes de 18 a 24 anos en relación coa poboación do mesmo grupo de idade.

Persoas denunciadas por violencia doméstica segundo sexo e grupos de idade Galicia 2020				
	Distribución (Nº)		Incidencia por 10.000	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Menos de 18 anos	1	0	0,05	0,00
De 18 a 24 anos	37	3	4,72	0,40
De 25 a 44 anos	104	29	3,09	0,87
De 45 a 64 anos	59	17	1,50	0,41
De 65 e máis anos	8	1	0,27	0,03
Total	209	50	1,61	0,36

Fonte: Elaboración propia con datos do Padrón Municipal de Habitantes (IGE) e a Estatística de violencia doméstica INE, publicada por o IGE. (20-05-2021)

Relación vítima/persoa denunciada

122


Un aspecto revelador e importante é a relación que ten a vítima coa persoa denunciada, que na maior parte dos casos son pais ou nais que son vítimas da agresión por seus fillos sendo as nais as vítimas máis frecuentes (47 pais e 133 nais). A segunda relación máis frecuente é a do fillo/a agredida por os pais/nais, sendo neste caso tamén en maior número fillas agredidas (70) que os fillos (58).

Relacións vítima/persoa denunciada por violencia doméstica segundo sexo da vítima Galicia 2020			
	Total	Homes	Mulleres
Total	440	157	283
Pai/Nai	180	47	133
Fillo/a	128	58	70
Irmán/Irmá	26	9	17
Avó/Avoa	17	3	14
Neto/a	0	0	0
Resto de relacións	89	40	49

INE. Estadística de violencia doméstica O número de vítimas refírese a persoas con ordes de protección ou medidas cautelares adoptadas. Resultados referidos a asuntos inscritos no Rexistro ao longo do ano correspondente

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022




Delitos imputados

Dun total de 318 delitos imputados, os máis frecuentes son o de Lesións (41.5%), Ameazas (21.4%), e Torturas e integridade moral (18,9%). Os abusos e agresións sexuais (5.3%) e quebranto de condena (7%).

Infraccións penais imputadas por violencia doméstica segundo tipo de infracción. Galicia 2020		
Tipo de delito	Nº	%
Total delitos	318	100,0
Homicidio e as súas formas	1	0,3
Lesións	132	41,5
Detencións ilegais e secuestro	0	0,0
Ameazas	68	21,4
Coaccións	8	2,5
Torturas e integridade moral	60	18,9
Agresións sexuais	10	3,1
Abusos sexuais	7	2,2
Inxurias	1	0,3
Danos	1	0,3
Quebrantamento de condena	23	7,2
Outros delitos sen especificar	7	2,2

IGE: INE. Estadística de violencia doméstica



Persoas condenadas por violencia doméstica

Ao igual que resulta das persoas denunciadas, o perfil máis frecuente nas sentenzas firmes é un home de 25 a 44 anos, case a metade (49%), e tendo en conta a poboación correspondente ao diferentes grupos de idade aquí reflectidos, a maior incidencia prodúcese nos menores de 18 anos.

En total houbo 258 persoas condenadas con sentenza firme, o 64% foron homes e 36% mulleres.

Persoas condenadas por violencia doméstica en asuntos con sentenza firme segundo idade. Galicia 2020						
	Nº	Nº	Nº	Incidencia por 10.000 habitantes		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total	258	164	94			
Menos de 18 anos	40	29	11	2,6	3,7	1,5
De 18 a 24 anos	29	22	7	0,4	0,7	0,2
De 25 a 44	126	69	57	1,6	1,7	1,4
De 45 a 64 anos	57	39	18	0,8	1,3	0,5
De 65 e máis anos	6	5	1	0,0	0,0	0,0

INE. Estadística de violencia de género. Resultados referidos a sentenzas firmes ditadas correspondentes a asuntos (con ordes de protección ou medidas cautelares ditadas) que foron inscritos no Rexistro no ano correspondente ou en anos anteriores).(20-05-2021)

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
 Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
 Concello da Coruña. 2022

Condenas con sentenza firme e absolucións

Dun total de 258 persoas condenadas con sentenza firme, o 64% foron homes e 36% mulleres. Destas 258 sentencias firmes foron absoltas 26, o 7 % nos homes e o 16% das correspondentes a mulleres. Deste feito se conclúe que houbo máis razóns para a absolución de mulleres que nos homes

Medidas cautelares


Das 660 medidas cautelares ditadas sobre as persoas denunciadas, 56 civís e 604 penais, as máis frecuentes son a prohibición de aproximarse a determinadas persoas (256) ou ben de comunicarse con determinadas persoas (208).

Medidas cautelares ditadas sobre a persoa denunciada por violencia doméstica. Galicia 2020	
Total	660
Total medidas civís	56
Atribución, uso e desfrute da vivenda familiar	8
Determinación do réxime de comunicación	2
Determinación do réxime de prestación de alimentos	10
Determinación do réxime de custodia	19
Determinación do réxime de estadía	1
Suspensión da patria potestade	2
Suspensión do réxime de visitas	1
Determinación do réxime de visitas	12
Outras medidas do artigo 158 do Código Civil	1
Total medidas penais	604
Internamento en centro de réxime axeitado (menores)	1
Apud Acta: obriga de comparecer	18
Liberdade provisional	60
Prohibición de acudir a un determinado lugar	20
Prohibición de aproximarse a determinadas persoas	256
Prohibición de comunicarse con determinadas persoas	208
Prohibición de saída do territorio nacional	2
Prohibición de residir nun determinado lugar	6
Prisión provisional	22
Retirada do pasaporte	1
Privación do dereito a tenza e porte de armas	1
Outras medidas preventivas penais sen especificar	9
<i>INE. Estadística de violencia doméstica(..) Dato non disponible. I.G.E. - Instituto Galego de Estatística</i>	

Penas e medidas ditadas con sentenza firme por violencia doméstica

Dun total de 1.126 penas e medidas ditadas no ano 2020, unhas 1.794 foron penas (93%) sendo 121 f de prisión e 778 privativas doutros dereitos. Entre estas últimas destacan, por ser máis frecuentes, a prohibición e acercarse a vítima (207) ou comunicarse con ela (174), privación do dereito de armas (175) inhabilitación especial para o emprego (115) e responsabilidade civil (70).

A estas penas, súmanse 49 medidas ditadas contra menores e 28 de seguridade e outras.



Penas e medidas ditadas con sentenza firme por violencia doméstica. Galicia			
	2018	2019	2020
Total Penas	2.293	2.087	1.794
Penas privativas de liberdade	170	155	136
Penas privativas doutros dereitos	985	884	778
Medidas adoptadas contra menores	22	23	17
Medidas de seguridade e outras	42	76	28

INE. Estadística de violencia de género. Resultados referidos a sentenzas firmes ditadas correspondentes a asuntos (con ordes de protección ou medidas cautelares ditadas) que foron inscritos no Rexistro no ano correspondente ou en anos anteriores). As infraccións penais inclúen calquera grao de participación ou execución. (...) Dato non dispoñible. I.G.E. - Instituto Galego de Estatística.

Estas penas e medidas se detallan a continuación, na seguinte páxina.

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022

Penas e medidas ditadas con sentenza firme por violencia doméstica. Galicia			
	2018	2019	2020
Total Penas	2293	2087	1794
Penas privativas de liberdade	170	155	136
Prisión	154	145	121
Responsabilidade persoal subsidiaria	1	1	2
Localización permanente	15	9	13
Penas privativas doutros dereitos	985	884	778
Inhabilitación absoluta	0	1	0
Inhabilitación especial para emprego	145	144	115
Privación dereito tenencia de armas	227	191	175
Privación dereito residir en determinados lugares	1	0	0
Prohibición aproximarse á vítima	252	231	207
Prohibición comunicarse coa vítima	202	185	174
Traballos en beneficio da comunidade	0	1	0
Privación dereito conducir vehículos	2
Multa	52	62	0
Responsabilidade civil	86	77	70
Outras penas sen especificar	1	1	3
Medidas adoptadas contra menores	22	23	17
Convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo	2	0	2
Internamento aberto	3	0	0
Internamento semiabierto	9	11	4
Internamento terapéutico en réxime pechado, semiabierto ou aberto	6	8	7
Liberdade vixiada	1	1	0
Realización de tarefas socio-educativas	0	1	1
Tratamento ambulatorio	1	2	3
Medidas de seguridade e outras	42	76	28
Privación dereito tenencia de armas	1	1	0
Privación dereito residir en determinados lugares	1	0	0
Prohibición de aproximarse, comunicarse coa vítima	12	21	9
Traballos en beneficio da comunidade	0	1	0
Liberdade vixiada	1	1	0
Obrigación de seguir tratamento médico externo	9	18	1
Obrigación de comparecer	0	1	0
Custodia familiar	2	3	..
Internamento en centro de deshabitación	2	0	0
Internamento en centro educativo especial	0	0	1
Internamento en centro psiquiátrico	4	0	0
Obrigación de residir nun determinado lugar	0	0	0
Tratamento de deshabitación	5	7	2
Cumprir os deberes impostos polo xuíz	4	21	15
Participar en programas formativos	0	2	0
Prohibición de contactar con persoas	1

INE. Estadística de violencia de género. Resultados referidos a sentenzas firmes ditadas correspondentes a asuntos (con ordes de protección ou medidas cautelares ditadas) que foron inscritos no Rexistro no ano correspondente ou en anos anteriores). As infraccións penais inclúen calquera grao de participación ou execución.(..) Dato non dispoñible. I.G.E. - Instituto Galego de Estatística.

VIOLENCIA DE XENERO

Refírese esta apartado a violencia exercida contra unha muller por un home que é ou foi a súa parella. Comprende todo acto de violencia, física ou psicolóxica, incluídas as agresións á liberdade sexual, as ameazas, as coaccións ou a privación arbitraria de liberdade. Prodúcese como manifestación da discriminación, a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres.⁶

A tendencia nos últimos anos e un aumento de delitos coñecidos por abuso, acoso e agresión sexual ao igual que tamén aumentaron o número de denuncias e ordes de protección.

Mulleres mortas por violencia de xénero a mans da súa parella ou ex-parella

Mentres que a taxa por millón de mulleres vítimas mortais mostra un pequeno descenso en España, cunha relación en 2020 de en 1.86 por millón de mulleres. En Galicia a taxa é superior (2.14) e non se reduciu nos últimos tres anos.

Vítimas mortais por violencia de xénero Evolución do número de casos e taxa por millón Galicia e España											
	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
España											
Número	73	62	51	54	55	60	49	50	51	55	45
Taxa por millón de mulleres	3,07	2,59	2,13	2,26	2,31	2,53	2,07	2,11	2,14	2,29	1,86
Galicia											
Número	2	3	4	3	6	8	4	2	3	3	3
Taxa por millón de mulleres	1,38	2,07	2,78	2,1	4,22	5,65	2,84	1,42	2,14	2,14	2,14

Denuncias por violencia de xénero


No ano 2020 contabilízanse unhas 6000 denuncias en Galicia, e 2009 ordes de protección solicitadas, das que foron acordadas o 64%.

Hai que ter en conta que estes datos que se publican na estatística son unha mostra dunha realidade soterrada na sociedade. No ano 2019 en España unicamente o 20% das vítimas mortais por violencia de xénero denunciaron ao seu agresor e soamente o 7% tiña ordes de protección activadas⁷.

⁶ Ley Orgánica 1/2004, de medidas de protección integral contra la violencia de género

⁷ INE. Hombres y Mujeres 2020

Como referencia, no “Informe de la violencia de género 2019”, del Consejo de Poder Judicial”, consta, dentro do total das denuncias en Galicia, que soamente o 2.34% son presentadas directamente por a vítima no xulgado. Os familiares son tamén quen menos denuncia (0.57%) e case tódalas demais proceden dun atestado policial nas diferentes circunstancias (85%). Outra vía importante é o parte de lesións recibido directamente no xulgado (9.6%) e os servizos asistenciais o por parte de terceiros en xeral.




Nos últimos anos a tendencia foi dun aumento das denuncias, superando as 6.000 anuais dende o ano 2017 aínda que no 2020 a pandemia e confinamento conseguinte puideron frealas. As solicitudes de ordes de protección tamén mostran unha tendencia ao aumento.

De feito as denuncias, tendo como referencia unha década, no ano 2011 con 5.153 aumentaron nun 17% chegando as 6.078 no 2020. As solicitudes de ordes de protección aumentaron de 1.249 anuais no ano 2011 ata a cifra de 2.009 no ano 2020, un 61% máis, pero as que son finalmente acordadas son entre o 60 e o 70% delas.

As ordes de protección dadas só corresponden ao 24% das denuncias no ano 2011. No ano 2020 son o 33%.

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022



O número de denuncias por violencia de xénero en Galicia no ano 2020 foron 6.078, o que ven a supoñer 5 denuncias por cada mil mulleres maiores de 14 anos. Esta taxa, aplicada a unha cidade como A Coruña indicaría 574 denuncias no ano. Feito moi preocupante se coñecemos que non todas as violencias son denunciadas.

	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Denuncias por violencia de xénero	4788	5174	5209	5210	5683	6436	6537	6551	6078
Ordes de protección solicitadas	1443	1490	1327	1564	1693	1928	2021	2022	2009
Ordes de protección acordadas	912	885	829	931	1134	1284	1356	1335	1292
Vítimas de violencia de xénero	1294	1253	1215	1187	1280	1255	1306	1356	1187
Vítimas perceptoras da RAI	1063	1197	1311	1303	1331	1213	1109	1047	873

Vítimas perceptoras da Renda Activa de Inserción

Por a secuencia dos datos anuais relativos ao número de mulleres vítimas de violencia de xénero e a do número de vítimas que cada ano perciben a Renda Activa de Inserción, indican que a lo menos o 70% das vítimas cumpren cos requisitos para esta axuda.

	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Total Vítimas	1294	1253	1215	1187	1368	1294	1253	1215	1187
Vítimas perceptoras da Renda Activa de inserción	1063	1197	1311	1303	1331	1213	1109	1047	873

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
 Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
 Concello da Coruña. 2022


ASUNTOS INCOADOS

Vítimas de violencia de xénero

O número de vítimas contabilizadas en Galicia, entendendo por vítima as mulleres dos casos nos que se ditaron medidas cautelares ou ordes de protección, foron 1.369 no ano 2019 e 1.187 no 2020 o que indica que para unha poboación de 1.347.598 mulleres maiores de 14 anos en Galicia, a taxa de denuncias é de 4.5 por mil e a taxa de vítimas de 0.9 por mil mulleres maiores de 14 anos.

A idade máis frecuente nas vítimas sitúase entre os 25 e 44 anos, grupo en que contabilízanse 700 (59 % do total), seguido de 45 a 64 anos con 290 (24%) e de 18 a 24 anos con 141 vítimas (11%) .


Sen embargo, en relación coa poboación dos mesmos grupos de idade a maior incidencia prodúcese na idade de 25 a 44 (2,09 por mil) e nas de 18 a 24 (1,9).



Vítimas segundo a relación co denunciado

En canto a relación do denunciado coa vítima, uns 691 (o 58%) son cónxuxes ou parella actual (sexa de feito ou noiva) e outro 42% corresponden a relacións cortadas.

Relación co denunciado	Nº	% COLUMNA
Cónxuxe	280	23,6
Excónxuxe	49	4,1
Noiva	176	14,8
Exnoiva	232	19,5
Parella de feito	235	19,8
Exparella de feito	200	16,8
En proceso de separación	15	1,3



Vítimas segundo a nacionalidade

Segundo o lugar de nacemento das 1.187 vítimas de violencia de xénero en Galicia no ano 2020, 828 naceron en España (70%) e 359 (30 %) no estranxeiro, o que indica unha maior incidencia neste grupo, xa que as mulleres maiores de 14 anos residentes en Galicia pero nadas no estranxeiro son 125.616 e as nadas en España 1.122.640.

Así a taxa de vítimas para as nadas en España é de 0.74 por mil e nas nadas no estranxeiro 1.99.

Delitos imputados aos denunciados

Os delitos máis frecuentes son as Lesións, Torturas e integridade moral, Ameazas e Quebrantamento de condena.

Delitos imputados aos denunciados. Galicia				
	2017	2018	2019	2020
Total Delitos	1467	1572	1598	1338
Homicidio e as súas formas	5	6	4	6
Lesións	792	805	853	707
Detencións ilegais e secuestro	1	3	2	1
Ameazas	175	198	179	141
Coaccións	47	37	46	35
Torturas e integridade moral	308	366	357	329
Agresións sexuais	6	11	8	6
Abusos sexuais	0	0	1	2
Violación de morada	0	3	1	1
Inxurias	7	6	4	4
Danos	12	14	10	9
Quebrantamento de condena	98	119	124	95
Outros delitos sen especificar	16	4	9	2

Fonte: INE. Estadística de violencia de género. (20-05-2021)

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
 Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
 Concello da Coruña. 2022

Medidas cautelares ditadas

No ano 2020 as medidas penais máis comúns ditadas sobre o denunciado por violencia de xénero son a prohibición de aproximarse (1.059) e comunicarse (1.010) con determinadas persoas. Os casos de prisión provisional foron 79 e de liberdade provisional 331.

As principais medidas civís ditadas sobre a persoa denunciada son a determinación do réxime de prestación de alimentos, a determinación do réxime de custodia e a do réxime de visitas e atribución e desfrute da vivenda familiar.

Medidas cautelares ditadas sobre a persoa denunciada por violencia de xénero Galicia ano 2020	
Total medidas cautelares	3.767
Total medidas civís	1.077
Atribución, uso e desfrute da vivenda familiar	197
Determinación do réxime de comunicación	17
Determinación do réxime de prestación de alimentos	289
Outras disposicións para a protección de menores	6
Determinación do réxime de custodia	280
Determinación do réxime de estadía	2
Suspensión da patria potestade	7
Suspensión do réxime de visitas	19
Determinación do réxime de visitas	248
Outras medidas do artigo 158 do Código Civil	12
Total medidas penais	2.690
Apud Acta: obriga de comparecer	45
Liberdade provisional	331
Uso de instrumento tecnolóxico de verificación de aproximación	49
Prohibición de acudir a un determinado lugar	55
Prohibición de aproximarse a determinadas persoas	1.059
Prohibición de comunicarse con determinadas persoas	1.010
Prohibición de residir nun determinado lugar	10
Prohibición de saída do territorio nacional	2
Prisión provisional	79
Retirada do pasaporte	2
Privación do dereito a tenza e porte de armas	34
Incautación de armas ou outros instrumentos perigosos	3
Outras medidas preventivas penais sen especificar	11
<i>Fonte: INE. Estadística de violencia de género. (20-05-2021)</i>	

SENTENZAS FIRMES NA VIOLENCIA DE XÉNERO

Delitos imputados con sentenza firme


Os delitos imputados aos condenados por violencia de xénero con sentenza firme en 2020 foron 1.555, número inferior ao ano anterior, seguramente a causa da lentitude ou retraso nos xulgados por mor da pandemia.

En calquera caso os máis frecuentes, en todas as estatísticas anuais, son as Lesións (39%), Ameazas (16%) Torturas e integridade moral (15%). Sobresae tamén o quebranto de condena dos imputados (18%).

A evolución nos últimos anos, nas cifras dos delitos máis comúns, mostra un descenso nas Ameazas pero cun aumento as Lesións e Torturas e integridade moral. Tamén aumentaron os quebrantos da condenas.

Delitos imputados a condenados por violencia de xénero con sentenza firme. Galicia 2020		
Tipos de delitos	Nº	%
Total Delitos	1.555	100.0
Homicidios e as súas formas	4	0,26
Lesións	607	39,04
Detencións ilegais e secuestro	0	0,00
Ameazas	252	16,21
Coaccións	86	5,53
Torturas e integridade moral	239	15,37
Agresións sexuais	2	0,13
Abusos sexuais	1	0,06
Violación de morada	2	0,13
Inxurias	24	1,54
Danos	36	2,32
Quebrantamento de condena	279	17,94
Outros delitos sen especificar	23	1,48

Fonte: IGE



Penas e medidas ditadas sobre o condenado por violencia de xénero en asuntos con sentenza firme

As condenas con sentenza firme foron aumentando ata o ano 2020 no que houbo un descenso, cun total de 6.141 penas e 304 medidas de seguridade e outras.

Das 6.141 penas, unhas 783 son privación de liberdade, sendo 695 de prisión e outras 87 de localización permanente.

As penas máis frecuentes son as privativas doutros dereitos como a prohibición de acercarse a vítima (1.209), de comunicarse coa vítima (1.169), privación do dereito de tenencia de armas (1.124) e Inhabilitación especial para emprego (638). Outro tipo de pena, como as multas por responsabilidade civil (por danos físicos e morais) foron 367.

En canto as medidas de seguridade e outras, ditáronse 304. A información sobre as sentencias firmes ditadas no ano de referencia, corresponden a asuntos que foron inscritos no Rexistro do mesmo ano ou de anos anteriores. Non obstante, as estatísticas do Consello do Poder Xudicial indican unha porcentaxe de sentencias condenatorias que acadan ao 76,9% en Galicia no ano 2020 e 72.5% no conxunto de España.

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
 Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
 Concello da Coruña. 2022

Medidas ditas sobre o condenado por violencia de xénero en asuntos con sentenza firme. Galicia					
	2016	2017	2018	2019	2020
Total	5.881	6.607	7.065	7.753	6.454
Penas	5.756	6.433	6.858	7.366	6.141
Penas privativas de liberdade	642	730	801	961	783
Prisión	594	653	748	892	695
Responsabilidade persoal subsidiaria	4	4	2	5	1
Localización permanente	44	73	51	64	87
Penas privativas doutros dereitos	4.724	5.224	5.633	5.883	4.886
Inhabilitación absoluta	3	4	7	7	3
Inhabilitación especial para emprego	519	595	713	835	638
Suspensión emprego ou cargo público	1	2	0	0	0
Privación dereito conducir vehículos	1	1	3	2	1
Privación dereito tenencia de armas	1.140	1.240	1.286	1.313	1.124
Privación dereito residir en determinados lugares	1	0	4	5	1
Prohibición aproximarse á vítima	1.182	1.312	1.399	1.436	1.209
Prohibición comunicarse coa vítima	1.108	1.212	1.301	1.355	1.169
Traballos en beneficio da comunidade	3	5	5	5	1
Multa	0	0	0	1	0
Responsabilidade civil	301	358	320	372	367
Outras penas sen especificar	0	0	0	4	0
Medidas adoptadas contra menores	7	11	4	4	9
Internamento semiaberto	1	2	1	1	3
Liberdade vixiada	1	1	2	1	1
Realización de tarefas socio-educativas	1	2	0	0	1
Tratamento ambulatorio	0	1	0	0	..
Outras medidas sen especificar	0	2	0	0	0
Medidas de seguridade e outras	118	163	203	383	304
Privación dereito tenencia de armas	3	0	1	0	1
Privación dereito residir en determinados lugares	1	0	4	5	0
Prohibición de aproximarse, comunicarse coa vítima	50	75	81	149	129
Traballos en beneficio da comunidade	3	5	5	5	0
Multa	0	0	0	1	0
Liberdade vixiada	1	1	2	1	0
Someterse a programa tipo formativo	1	0	0	1	1
Obrigación de seguir tratamento médico externo	8	2	3	5	5
Obrigación de comparecer	0	0	0	1	0
Custodia familiar	0	0	0	1	0
Internamento en centro de deshabitación	0	2	0	0	0
Internamento en centro psiquiátrico	0	1	1	0	1
Prohibición a contactar con persoas	0	0	0	1	0
Tratamento de deshabitación	1	2	2	10	9
Cumprir os deberes impostos polo xuíz	23	16	39	81	57
Participar en programas formativos	27	59	65	122	98


Fonte: INE. Estadística de violencia de género. Resultados referidos a sentenzas firmes ditas correspondentes a asuntos (con ordes de protección ou medidas cautelares ditas) que foron inscritos no Rexistro no ano correspondente ou en anos anteriores). As infraccións penais inclúen calquera grao de participación ou execución. (..) Dato no disponible

Idade e lugar de nacemento das vítimas e condenados

Se a incidencia máxima nas vítimas da violencia de xénero por idade está nos 25 a 45 anos, nos condenados prevalecen eses grupo de idade tamén pero algo máis repartido.

	Vítimas nº)	Taxa por mil no grupo de idade	Condenados con sentenza firme (nº)	Taxa por mil no grupo de idade
Menor (14 -17)	19	0.4	7	0.2
18-24	141	1,9	117	1,5
25-44	700	21	607	1,8
45-64	290	0,7	341	0.9
65 e máis anos	37	0,1	52	0.2
Total	1.187	0.9	1.124	1.0

Fonte:Elaboración propia con datos do IGE,



No que respecta ao lugar de nacemento, a incidencia de vítimas é maior nas mulleres nadas fora de España, e nos condenados por estes delitos de violencia de xénero tamén. A taxa de condenados nados no estranxeiro é do 2.2 por mil homes de 15 o máis anos e no caso de nados en España 0.9 por mil.

Absolucións

Os casos de absolución de condenados, cada vez é menor. De feito no 2015 foron o 21% baixando ata o 13% no 2019 e ao 9% no ano 2020. Foron absoltos o 10.6% dos nados no estranxeiro e o 9.1% dos nados en España.

Evolución anual do nº de condenados e de absolucións						
	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Condenados	996	1048	1160	1213	1319	1124
Absoltos	196	150	153	147	177	106
% absoltos	19,7	14,3	13,2	12,1	13,4	9,4

Fonte: IGE

Ademais das absolucións, tamén hai que considerar os casos nos que se renunciou as denuncias (víctimas que se acollen a dispensa na obriga de declarar, art. 146 LECrim). No ano 2020 dun total de 6.097 denuncias houbo 672 (11%) renunciadas ao proceso. No ano 2019 as denuncias foron 6.604 e 366 renunciadas (5.5%).

138

	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Número de denuncias	4788	5174	5209	5210	5683	6436	6537	6604	6097
Renunciadas ao proceso	301	366	451	286	314	402	378	366	672
% renunciadas	6,3	7,1	8,7	5,5	5,5	6,2	5,8	5,5	11,0

Fonte: IGE

A información procedente dos Xulgados de violencia sobre a Muller publicados por o Instituto Galego de Estatística sinalan a relevante cifra de 4.494 delitos por lesión e malos tratos no ano 2020, e que na serie dos últimos anos non baixa dos 4.000 anuais.

	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Total delitos instruídos	4875	5483	5333	5388	5683	6371	6785	7429	6773
Delitos por lesións e malos tratos	4148	4392	4486	4489	4477	4817	4800	4632	4494
% Delitos por lesións e malos tratos	85,1	80,1	84,1	83,3	78,8	75,6	70,7	62,4	66,4

Fonte: IGE

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022

Axudas

Entre os diferentes programas de axuda a mulleres que sofren violencia de xénero as estatísticas oficiais ofrecen datos de persoas usuarias dos aloxamento de emerxencia e axuda psicolóxica.

Unha axuda importante son as casas de acollida, un recurso limitado de prazas, que ofrece un aloxamento temporal para situacións de emerxencia das mulleres e as persoas o seu cargo.

Persoas usuarias de casas de acollida en Galicia. Mulleres e menores (Número)										
	2015		2016		2017		2018		2019	
	Muller	Menor	Muller	Menor	Muller	Menor	Muller	Menor	Muller	Menor
Total	82	78	80	78	83	75	91	86	93	86
A Coruña	26	19	31	25	29	25	35	21	34	25
Lugo	9	6	10	10	11	13	8	10	14	15
Ourense	22	23	20	21	27	18	29	29	21	16
Culleredo	4	5	5	4	4	5	6	9	6	7
Ferrol	21	25	14	18	12	14	13	17	18	23

Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (10-12-2020)

139

Os importantes danos derivados destas situacións de violencia de xénero nas persoas que a sofren, non saen a luz sempre, pero a Secretaría Xeral de Igualdade no seu programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, tivo 683 usuarias no ano 2020.


Atención psicolóxica a persoas que sofren violencia de xénero. Galicia. Nº de persoas										
	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Mulleres	376	347	408	221	252	399	463	602	562	683
Menores	129	157	171	88	93	119	134	200	201	225
Persoas dependentes	4	29	21	14	10	30	24	28	29	47

Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Datos recollidos do programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, os mellores ao seu cargo, así como outras persoas dependentes delas que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero. 10-12-2020) I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

Os datos dos últimos anos mostran un aumento continuo tanto de mulleres, menores ao cargo e tamén de persoas dependentes

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022




CONFIANZA

Confianza nos ámbitos das relacións persoais

Os grados de confianza nas distintas relacións sociais das persoas supera, en tódolos aspectos aquí considerados, a nota de 5, nunha escala de puntuación 0 a 10.

A relación que inspira maior confianza é familia e despois as amizades. Seguen nesta valoración colegas de estudos e traballo, despois a veciñanza e por último a maior parte das persoas. A proximidade do trato marca pois os grados de confianza e non hai diferencias notables por sexo.



De xeito xeral tamén, sen desagregar por sexo, a confianza nas persoas aumenta a valoración media coa idade e co nivel de estudos. Así a menor valoración, 0 a 4 que podería considerarse como pouca confianza, nunha escala de 0 ata 10, corresponde ao 23.1% das persoas con estudos primarios e vai reducíndose lixeiramente a porcentaxe segundo aumenta o nivel de estudos ata chegar ao 19.2% no estudos superiores.



Segundo co mesmo criterio, os grupos de menor idade (16-29 anos e de 30 a 44) puntúan por debaixo do 4 un 21.9% e 22.24 % respectivamente. Pero nas idades de 45 a 64 anos baixa a 19.5% e ata 18.83% nos maiores de 65 anos.


No período 2014-2019 aumentou un pouco a confianza nestes ámbitos de relación agás a confianza na maioría de persoas por parte das mulleres.

Onde máis aumentou a confianza neste tempo foi nos familiares e amizades.


O grado de confianza é algo máis baixo nas mulleres. As diferencia segundo o sexo móstranse nalgúns matices.

No caso de familiares e amizades, inspiran máis confianza ás mulleres, sendo para ambos sexos as relacións que teñen puntuacións máximas.







A veciñanza inspira tamén máis confianza ás mulleres que aos homes.



Nas relacións de traballo hai máis mulleres nas puntuacións baixas e tamén con compañeiros/as de estudo. Para ambos sexos hai maior confianza no ámbito dos estudos que no laboral.




Confianza nas institucións

No conxunto xeral apenas hai variación por sexo. As institucións por as que máis confianza senten son as forzas e corpos de seguridade, cunha puntuación de 7. No segundo lugar o sistema sanitario (6,8) no terceiro lugar o Exército (6,6) e de cuarto o sistema educativo. Xunto con esas catro, superan a nota media de 5 en confianza, as ONGs e as Administracións Públicas.

Por debaixo desta cualificación do 5, atópanse o Empresariado e o Sistema xudicial, tanto en mulleres como homes.

Nas valoracións inferiores as mencionadas pode haber matices, nunhas décimas, pero en calquera caso as que menos confianza ofrecen, despois das institucións europeas e o s medios de comunicación (que teñen de catro a cinco de puntuación media) son a Banca e as Institucións Relixiosas. A menor confianza, cun 3.3 en ambos sexos figura o sistema político.



SOLIDARIEDADE E CONDUTA CÍVICA

Accións solidarias

A Enquisa Estrutural a fogares indaga sobre aspectos da vida que se consideran propios dunha conduta cívica.

Os actos solidarios máis frecuentes, realizados por mais da metade das persoas, son a doazón de roupa ou alimentos e a utilización de puntos de reciclaxe. Nun segundo nivel de frecuencia, sen chegar ao 30%; están a doazóns a ONG, e coidar sen remuneración a persoas que non son da familia (menos dun 20%).

Por último, as menos frecuentes das accións consultadas son a contribución a fins culturais ou artísticos, menos do 15% das 'persoas, e o traballo voluntario non remunerado nalgunha ONG ou asociación con fins sociais (menos dun 10%).

As mulleres presentan mais frecuencia na realización de accións solidarias que os homes coa excepción na de realizar algunha contribución con fins culturais ou artísticos, pero a diferenza é nimia entre ambos sexos neste caso.

146

A diferenza mais notoria por sexo mostrase na doazón de roupa ou alimentos, feito que fixeron varias veces ao ano máis da metade das mulleres (55%) mentres que os homes a porcentaxe quédase no 38%:

Outras accións que fan as mulleres máis a miúdo que os homes son as de facer doazóns a ONGs ou asociacións e a de coidar a persoas que non son da súa familia, sen remuneración.


Respecto as conductas de reciclaxe de produtos tamén superan as mulleres neste feito aos homes, pero a diferenza é moito menor que nas citadas anteriormente, e no caso de realizar traballos voluntario sen remuneración en ONGs a porcentaxe de frecuencias é similar.

A única acción con maior frecuencia nos homes, aínda que sen apenas diferenza, é a de facer algunha contribución con fins culturais ou artísticos.


Frecuencias na realización de accións solidarias. Poboación >16 anos. Galicia 2019					
Accións		Varias veces	Unha vez	Ningunha	Total
Doaron roupa ou alimentos a persoas necesitadas	Home	38,21	13,19	48,6	100
	Muller	54,49	14,04	31,47	100
Axudaron ou coidaron a persoas que non son da súa familia sen remuneración	Home	10,11	4,9	84,99	100
	Muller	15,91	4,69	79,41	100
Usaron o punto limpo do Concello, punto SIGRE dunha farmacia...	Home	41,63	12,06	46,31	100
	Muller	45,3	12,17	42,52	100
Realizaron traballo voluntario sen remuneración nalgunha ONG ou asociación	Home	4,16	2,19	93,65	100
	Muller	4,93	2,32	92,76	100
Fixeron doazóns a ONG ou asociacións con fins sociais	Home	15,44	7,39	77,17	100
	Muller	18,77	8,41	72,82	100
Realizaron algunha contribución con fins culturais ou artísticos	Home	6,97	5,69	87,34	100
	Muller	5,89	5,67	88,43	100

Base da %: Poboación de 16 e máis anos, 1.111.196 homes e 1.214.907 mulleres
Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. (29/05/2020)

% Doaron roupa ou alimentos




% Utilización puntos de recollida /reciclaXe




EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022


% que fixeron doazóns a ONG ou asociación con fins sociais




% Coidaron sen remuneración a persoas alleas a familia



% contribuíron a fins culturais ou artísticos



Realizaron traballo voluntario sen remuneración en asociacións, ONGs,



Cidadanía

Ao igual que noutros temas os aspectos valorados seguen a mesma orde de importancia en homes e mulleres. As diferencias que mostran as valoracións é que as mulleres, en todos estes aspectos considerados de boa cidadanía, danlle unha importancia máis alta que os homes.

A premisa máis valorada é ser unha persoa honesta e responsable, feito que puntúan de 9 a 10 o 85 % das mulleres e o 82,25 % dos homes. No segundo lugar está, para ambos sexos, o feito de respectar as opinións dos demais aínda que sexan diferentes das propias (o 77,7% das mulleres e o 73,7 % dos homes) seguida de cumprir sempre as leis e as normas (71,7% das mulleres e 67,09 % dos homes).



No cuarto lugar, a conducta de non evadir impostos, sinalado coa nota máxima por o 67,7% das mulleres e o 64,3% dos homes.

Despois estaría a importancia de ser persoa solidaria coa xente que está peor, como consideración de boa conduta cívica, a que dan puntuación máxima o 61.45 % das mulleres e o 55.52% dos homes xunto co e votar nas eleccións 48.5 % e 45.1 % respectivamente.





Nestes dous últimos aspectos mostrase a maior distancia entre homes e mulleres, primeiro no caso de votar nas eleccións e logo na de ser solidario.

Aspectos na consideración de boa cidadanía. Representación gráfica (%).

(Base da porcentaxe: Poboación de 16 ou máis anos, 1.111.196 homes e 1.214.907 mulleres)



EC_LL




SAÚDE

Estado de saúde

A Enquisa aos fogares do IGE, na valoración en grados do estado de saúde, indica indican que, agrupando a boa e moi boa saúde, o 63% dos homes maiores de 16 anos atópanse ben de saúde. As mulleres en menor medida (57%).

A saúde regular ou mala é máis frecuente nas mulleres, mentres que con saúde moi mala e similar a porcentaxe de homes e mulleres.



Considerando outros aspectos, de xeito xeral, os ingresos mensuais do fogar e nivel de formación superiores asociasen a unha maior porcentaxe en boa saúde. Ao tempo, a maior idade leva a un deterioro da mesma.

	Ata 1.000,00 €	De 1.000,01 a 1.500,00 €	De 1.500,01 a 2.000,00 €	De 2.000,01 a 2.500,00 €	De 2.500,01 a 3.000,00 €	Máis de 3.000,00 €	Total
Boa e Moi boa saúde	46,11	52,57	57,27	62,46	64,66	67,96	60,19

	Educación primaria e inferior	Primeira etapa de educación secundaria	Segunda etapa de educación secundaria e educación postsecundaria non superior	Educación superior	Total
Boa e Moi boa saúde	24,08	55,22	74,27	77,1	60,19

	De 16 a 29 anos	De 30 a 44 anos	De 45 a 64 anos	De 65 ou máis anos	Total
Boa e Moi boa saúde	84,85	78,97	60,69	32,42	60,19

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
 Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
 Concello da Coruña. 2022

Discapacidade


Ademais da súa percepción está o feito da maior lonxevidade da mulleres o que repercute nunha probabilidade maior de padecer enfermidades crónicas e discapacidades.

Segundo a explotación do Censo de Discapacidade de Galicia, as mulleres son o 51.4% das persoas maiores de 16 anos cunha discapacidade recoñecida superior ao 33%, pero tomando como fonte de datos a Enquisa de Poboación Activa, que considera en unhas 1.668.000 persoas como a poboación de entre os 16 e 64 anos (839.700 mulleres e 828.800 homes), a discapacidade entre este colectivo son o 6,4% das mulleres e o 9.0 % dos homes. O que viría a confirmar a maior discapacidade por a lonxevidade da muller.

Discapacidade superior ao 33% por grupo de idades						
	Número			% (fila) mulleres	% columna	
	Mulleres	Homes	Total		Mulleres	Homes
De 0 a 6 anos	803	1.818	2.621	30,6	0,45	1,15
De 7 a 15 anos	2.920	5.785	8.705	33,5	1,62	3,66
De 16 a 29 anos	5.303	7.830	13.133	40,4	2,94	4,95
De 30 a 49 anos	21.715	25.765	47.480	45,7	12,05	16,28
De 50 a 64 anos	42.025	42.365	84.390	49,8	23,32	26,78
De 65 a 74 anos	35.211	32.513	67.724	52,0	19,53	20,55
75 ou máis anos	72.271	42.147	114.418	63,2	40,10	26,64
Total	180.248	158.223	338.471	53,3	100,0	100,0

*Fonte: IGE-. Consellería de Política Social. Explotación do censo de persoas con discapacidade Datos referidos a decembro de cada anos.
Os datos están cuantificados por tipo de discapacidade asociado a persoas, de tal forma que si unha persoa ten recoñecidos máis dun tipo de discapacidade, na estatística se recollen tantos items como tipos recoñecidos*

152




EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022

Por tipo de enfermidade, máis da metade de casos corresponde a enfermidade física, en mulleres e homes. Tras ela está a enfermidade mental, máis frecuente nas mulleres tamén debido a incidencia do Alzheimer por a maior porcentaxe de mulleres maiores de 75 anos. Pola contra a enfermidade intelectual preséntase máis nos homes.

Discapacidade superior ao 33% por tipo de enfermidade						
	Número			% mulleres	% columna	
	Mulleres	Homes	Total		Mulleres	Homes
Física	99040	86127	185167	53,5	54,9	54,4
Intelectual	19184	20621	39805	48,2	10,6	13,0
Mental	36811	27504	64315	57,2	20,4	17,4
Sensorial	25051	23821	48872	51,3	13,9	15,1
Enfermidade rara	162	150	312	51,9	0,1	0,1
Total	180248	158223	338471	53,3	100,0	100,0

Fonte: IGE-. Consellería de Política Social. Explotación do censo de persoas con discapacidade
 Datos referidos a decembro de cada ano.
 Os datos están cuantificados por tipo de discapacidade asociado a persoas, de tal forma que si unha persoa ten recoñecidos máis dun tipo de discapacidade, na estatística se recollen tantos items como tipos recoñecidos




Por outra banda, na “Encuesta de discapacidade, autonomía personal y situaciones de dependencia 2020” (INE), manifesta que o 99,5% de menores con discapacidade están escolarizados. Nesta poboación catro de cada dez con idades entres 6 a 15 anos sufriu discriminación, acoso o ciberacoso (buylling) por causa da súa discapacidade no ámbito escolar. En Galicia o acoso presenta taxas maiores: afectando ao 21.6 % de menores de 15 anos con discapacidade. No caso dos nenos un 10.2% o sofre” moitas veces ou constantemente” e no caso das nenas dito grado de frecuencia é 7%.

Limitacións para realizar actividades habituais

As dificultades para facer actividades habituais por problemas de saúde afecta a máis mulleres que homes. As mulleres atópanse en maior medida con esta dificultade que as limita, principalmente nas que non son de gravidade. Así teñen limitación, sexa grave ou non, o 32% das mulleres e o 25% dos homes.

Problema de saúde para realizar actividades habituais. 2019 Persoas maiores de 16 anos					
	Muller	Home	% mulleres	Muller	Home
Gravemente limitado	68233	51278	57,1	5,62	4,61
Limitado pero non gravemente	318.715	231.891	57,9	26,23	20,87
Nada limitado	740.403	747.953	49,7	60,94	67,31
Non contesta	87.556	80.074	52,2	7,21	7,21
Total	1.214.907	1.111.196	52,2	100	100

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares



Entre o ano 2014 e 2019 aumentou a porcentaxe de persoas sen limitacións, o que indica unha mellor saúde xeral na poboación, pese a que tamén aumentaron as persoas con problemas graves no grupo de maiores de 65.


Problema de saúde para realizar actividades habituais. Ano 2019				
Persoas maiores de 16 anos				
	2014		2019	
	Home	Muller	Home	Muller
Gravemente limitado	47.440	64.951	5.1278	68.233
Limitado pero non gravemente	241.494	331.727	231891	318.715
Nada limitado	746.532	736.367	747.953	740.403
Non contesta	97.793	101.866	80.074	87.556
Total	1.133.259	1.234.911	1.111.196	1.214.907

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares.

Acceso a cuidados sanitarios

Do total de poboación en Galicia que necesitaba acudir a un profesional médico ou dentista nos últimos doce meses, non o fixeron 181.397 homes (16%) e 220.205 mulleres (18%), unha porcentaxe menor que no 2014 (18 % dos homes e o 19% das mulleres que o precisaban).

A principal razón para non ir a consulta, tanto en homes como mulleres, era o ser demasiado caro para o 48% destas persoas no ano 2014. En segundo lugar por outras razóns. No ano 2019 mellorou o acceso descendendo as trabas económicas, aínda que seguindo como primeira causa (37% dos homes e 38% nas mulleres), e aumentando a porcentaxe de que non pode por non dispoñer de tempo por causa do traballo ou outras obrigas.



Nestes aspectos tamén se fai evidente, por os datos da enquisa, que entre as persoas maiores aumentou a porcentaxe das que non acudiron porque estaban en lista de espera, pasando se ser o 17% ao 33,5%. Nos menores de 64 anos, por non dispoñer de tempo.

Razóns por as que no consultaron ao medico ou a dentista cando o necesitaban no último ano						
Poboación de 16 ou máis anos. Galicia(% columna)						
Razóns de non acudir a consulta	2014			2019		
	Home	Muller	Total	Home	Muller	Total
Demasiado caro	47,63	47,63	47,63	37,06	37,9	37,52
Estaba en lista de espera ou tiña volante	9,26	11,28	10,34	17	19,44	18,34
Non dispoñía de tempo debido ao traballo ou outras obrigas	18,06	15,81	16,85	22,79	22,02	22,37
Demasiado lonxe para viaxar ou non dispoñía de medios de transporte	1,76	3,21	2,54	2,48	2,39	2,43
Outra	23,29	22,07	22,64	20,67	18,26	19,35
Total	100	100	100	100	100	100
Base total da porcentaxe (nº de persoas)	203.895	234.123	438.017	181.397	220.205	401.602

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares.

O nivel de ingresos é unha das razóns principais para non acudir a consulta médica. Das persoas de fogares con ingresos inferiores a 1.000 euros, non o fixo o 24%, porcentaxe que vai reducíndose segundo o tramo de ingresos é maior, ata chegar ao 14 % nos que ingresan máis de 3.000 euros.

Segundo a Enquisa Europea de Saúde 2020, nos resultados para Galicia, considerando como referencia a poboación maior de 15 anos, acudiron a consulta de medicina de familia no último mes, en cifras redondas, medio millón de persoas, uns 200.000 homes e 300.000 mulleres, o que supoñen o 27% das mulleres e o 19% dos homes. Unha porcentaxe maior que no conxunto de España (24.2 % mulleres e 17.6 % homes).

Acudiron a consulta de especialistas 230.300 persoas no último mes, neste caso en porcentaxes similares, o 10.4% das mulleres e o 9.4% dos homes.

Foi a consulta de medicina de familia no último mes (miles e % en cada sexo)				Foi a consulta de especialista no último mes (miles e % en cada sexo)			
	Total	Sí	% Si		Total	Sí	% Si
Ambos sexos	2.360,6	552,7	23,4	Ambos sexos	2.360,60	230,3	9.8
Home	1.129,4	219,6	19,4	Home	1.129,40	105,7	9.4
Muller	1.231,2	333,0	27,0	Muller	1.231,20	124,6	10.4

Fonte: INE. Enquisa europea de saúde 2020


Do total de persoas que acudiron a consulta médica o 45% foron para o diagnóstico dun problema de saúde, o 9.5 % para revisión e un 4% para receitas.

A diferenza por sexo mostrase nunha maior porcentaxe de homes por motivo do diagnóstico (47% dos homes e 44% das mulleres). No caso da revisión e maior a porcentaxe de mulleres (12% fronte ao 5.4% dos homes), e por consultas administrativas para receitas ou partes van máis os homes (6.3%) que as mulleres (2.4%).

O 90% da poboación acudiu na última consulta a Sanidade Pública (Seguridade Social), outro 9% a consulta privada e case un 2% a unha Sociedade médica.

A consulta privada acudiron máis os homes (8.8%) que as mulleres (81%).

Motivo da consulta médica (% cada sexo)




- Diagnóstico de una enfermedad o problema de salud
- Revisión por enfermedad
- Consultas administrativas (solo dispensación de recetas o partes de baja/confirmación de alta)
- Otros motivos


Dependencia funcional última consulta médica				
	Número (miles)		Porcentaxe	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Sanidade Pública (Seguridade Social)	237,9	348,4	89,5	89,0
Sociedade médica	4,6	7,3	1,7	1,9
Consulta privada	23,3	31,7	8,8	8,1
Outros	0	4,1	0,0	1,0
TOTAL	265,8	391,5	100,0	100,0

Fonte: INE.

Dependencia funcional da última consulta médica (% cada sexo)



No que respecta a outro tipo de profesionais sanitarios a que se acudiu ao longo dos últimos 12 meses, por orde de frecuencia en ambos sexos son: hixienista dental ou dentista, fisioterapeuta, enfermaría ou matrona e psicoloxía /psicoterapia ou psiquiatría. A frecuencia en todos estes tipos e consultas foi superior en mulleres.



Asistencia a outros profesionais sanitarios nos últimos doce meses			
Tipo de profesional	Total	Homes	Mulleres
Enfermaría/ ou matrona	22,1	19,9	24,2
Fisioterapeuta	26,7	24,5	28,7
Psicoloxía, psicoterapia ou psiquiatría	6,6	4,4	8,5
Dentista/hixienista dental	51,15	47,80	54,23
Base da % en miles	2360,6	1129,4	1231,2

Fonte: INE. Enquisa Europea de Saúde 2020

Estado emocional

A porcentaxe de mulleres que se sentiron con tan baixa moral que nada podía animalas nas últimas 4 semanas é superior aos homes. No caso deles houbo un 50.7% que non se sentiron nunca baixos de moral, mentres que nas mulleres dita porcentaxe redúcese ao 38.3%.

No outro extremo, persoas que sempre ou case sempre sentíronse baixas de moral atópanse 49.794 homes (4.48 %), cifra que duplican as mulleres chegando a 102.814 (8,5 %).

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
 Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
 Concello da Coruña. 2022

Sentíronse con moral baixa o último mes (2019)						
	Porcentaxe			Número		
	Home	Muller	Total	Home	Muller	Total
Sempre	0,78	1,67	1,25	8.654	20.314	28.969
Case sempre	3,7	6,79	5,32	41.140	82.500	123.640
Algunhas veces	16,84	24,1	20,63	187.132	292.852	479.983
Só algunha vez	17,37	19,53	18,5	193.038	237.241	430.279
Nunca	50,73	38,34	44,26	563.668	465.838	1.029.505
Non contesta	10,58	9,56	10,05	117.565	116.162	233.726
Total	100	100	100	1.111.196	1.214.907	2.326.103


Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares.



Semellante distribución presenta naquelas persoas que se senten desanimadas ou deprimidas

Sentíronse desanimada sou deprimidas no último mes (2019)						
	Porcentaxe			Número		
	Home	Muller	Total	Home	Muller	Total
Sempre	0,85	1,91	1,4	9.422	23.213	32.635
Case sempre	3,71	6,32	5,08	41.244	76.837	118.082
Algunhas veces	15,75	23,15	19,61	174.986	281.224	456.210
Só algunha vez	21,47	23,01	22,27	238.521	279.534	518.055
Nunca	47,87	36,07	41,71	531.937	438.206	970.143
Non contesta	10,36	9,54	9,93	115.085	115.894	230.979
Total	100	100	100	1.111.196	1.214.907	2.326.103

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares.


A frecuencia de sentirse especialmente tensas no último mes e un aspecto que manifestan sentir con máis asiduidade que a baixa moral e que o desánimo ou depresión. Os grupos de idade tamén indican unha maior incidencia destes malestares segundo aumenta a idade. Tamén inflúe o nivel de ingresos do fogar, sentíndose con máis frecuencia coa moral baixa segundo diminúen o nivel de ingresos.





No período 2014 a 2019 mellorou un pouco o estado anímico en xeral, pero soamente arredor dun punto porcentual nos casos da persoas que padecen de xeito frecuente estes estados de tensión, baixa moral, depresión ou desanimo.

Respecto a sentirse calmadas ou tranquilas, é o estado no que estiveron máis da metade (58,6%) das persoas maiores de 16 anos no último mes de cando fixeron a enquisa. Agrupando as respostas de "sempre" e "case sempre", os homes mostran unha porcentaxe superior (63%) que as mulleres (55%).



Persoas segundo a frecuencia coa que se sentiron calmadas e tranquilas nas últimas 4 semanas (% en cada r sexo). Galicia 2019

	2014			2019		
	Home	Muller	Total	Home	Muller	Total
Sempre	13,26	9,09	11,09	14,23	10,33	12,19
Case sempre	44,86	40,45	42,56	48,64	44,43	46,44
Algunhas veces	20,4	25,43	23,02	17,87	24,16	21,16
Só algunha vez	6,73	9,92	8,39	6,56	8,73	7,7
Nunca	3,04	3,49	3,27	2,19	2,97	2,6
Non contesta	11,72	11,62	11,67	10,5	9,38	9,92
Total	100	100	100	100	100	100
Nº Base da porcentaxe	1.133.259	1.234.911	2.368.170	1.111.196	1.214.907	2.326.103

IGE. Enquisa estrutural a fogares

Por idades, no conxunto da poboación, este estado de calma e tranquilidade é maior na mocidade de 16 a 30 anos (63%) superior a porcentaxe media (58.6%)


Ao igual que pasa cos outros estados anímicos melloraron no ano 2019 en relación a o 2014.

Continuando coa tendencia a o mellor estado anímico en homes e mulleres, o sentimento de felicidade mostra os mesmos parámetros. O 59 % dos homes sentiuse sempre ou case sempre feliz, mentres que nas mulleres a porcentaxe sitúase no 55%.

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022

A variación no período 2014-2019 tamén aumentou o sentimento de felicidade para máis persoas, tanto homes coma mulleres, pero en maior medida nos homes que pasaron a ser o 62% e as mulleres o 56 %.



Ao marxe do sexo, tendo en conta o grupo de idade, as persoas considéranse menos felices segundo aumenta a idade, pasando de ser o 70% de 16 a 29 anos que se sentiron felices sempre ou case sempre ata o 50.6% nos maiores de 65 anos.

En relación coa actividade as persoas ocupadas móstranse en maior medida felices (65.3%) que as paradas ou as inactivas (53.8%).


Como se viu nos outros aspectos do estado emocional e saúde, o nivel de ingresos tamén inflúe. De feito sentíronse felices sempre ou case sempre un 66% da persoas dos fogares con ingresos superiores aos 3.000 euros e baixa a porcentaxe ata un 45% nos que non superan os 1.000.

En todos estas variables aumentou a porcentaxe de persoas que se sentiron frecuentemente felices, considerando as datas de 2014 e 2019, agás nos fogares con menos de 1.500 euros e de xeito máis notorio nos de menos de 1.000 euros.

O sentimento de soidade é algo maior nas mulleres. De feito, no grado de “nunca” agrúpanse o 59% delas. Nos homes esa resposta acadou o 66%.

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022



Persoas segundo a frecuencia coa que se sentiron soas nas últimas 4 semanas por sexo Galicia 2019						
	Porcentaxe			Número		
	Home	Muller	Total	Home	Muller	Total
Sempre	0,36	0,44	0,4	3.987	5.296	9.283
Case sempre	2,48	4,33	3,45	27.593	52.557	80.150
Algunhas veces	8,95	12,44	10,77	99.499	151.128	250.627
Só algunha vez	11,79	14,28	13,09	130.983	173.483	304.466
Nunca	65,81	58,93	62,22	731.270	715.957	1.447.227
Non contesta	10,61	9,59	10,07	117.865	116.485	234.350
Total	100	100	100	1.111.196	1.214.907	2.326.103

IGE. Enquisa estrutural a fogares. Nota: os datos fan referencia á poboación de 16 ou máis anos.(29-05-2020)

Considerando outros factores, resulta que por relación coa actividade económica a incidencia de sentir soidade é menor nas persoas ocupadas que nas paradas ou inactivas. Por idade nas máis maiores de 65 (18%) cando a media é do 15%


Por tipoloxía do fogar, afecta máis aos núcleos unipersoais, nos que un 16% sentiron soidade sempre ou case sempre e logo os fogares monoparentais 5.27%, mentres que para o total de fogares a porcentaxe sitúase en 3.84%.

Este feito mostra unha posición máis desfavorable as mulleres pois xa dende o ano 2021 os fogares unipersonais están constituídos maioritariamente por mulleres, dende o 52% nas idades máis temperás de 16 a 34 anos e que vai aumentando progresivamente ata o 65.2% en maiores de 85. Tamén os monoparentais adoitan ser de muller coa súa descendencia.

Morbilidade hospitalaria

No ano 2019 foron dadas de alta da hospitalización en Galicia 303.111 persoas: 153.643 mulleres e 149.468 homes. Do total de altas, 20.181 corresponden a mulleres por diagnósticos de “Complicacións do embarazo, parto e puerperio”. Excluindo esas causas as mulleres superían o 47%.

A maior frecuencia dos diagnósticos na hospitalización das mulleres corresponden a “Complicacións do embarazo, parto e puerperio”.(13.1%). Nos demais diagnósticos o orde na frecuencia das hospitalizacións máis comúns por enfermidade foron similares en homes e mulleres: aparello respiratorio, aparello circulatorio, aparello dixestivo, tumores, traumatismos e envelenamentos.



Altas hospitalarias segundo o diagnóstico principal. Ano 2019			
Diagnósticos definitivo	Home	Muller	% muller
I. Infecciosas e parasitarias	3192	2597	44,9
II. Tumores	16329	14651	47,3
III. Sangue, órganos hematopoiéticos e trastornos inmunitarios	1300	1351	51,0
IV. Endócrinas, nutricionais e metabólicas	1914	2851	59,8
V. Trastornos mentais e do comportamento	2715	2556	48,5
VI. Sistema nervioso	3261	3248	49,9
VII. Enfermidades do ollo e anexos	617	594	49,1
VIII. Enfermidades do oído e da apófese mastoide	725	720	49,8
IX. Aparello circulatorio	22856	17710	43,7
X. Aparello respiratorio	23995	19921	45,4
XI. Aparello dixestivo	21526	16639	43,6
XII. Pel e tecido celular subcutáneo	2181	1943	47,1
XIII. Sistema osteomuscular e tecido conxuntivo	11045	13080	54,2
XIV. Aparello xenitourinario	10538	10363	49,6
XV. Complicacións do embarazo, parto e puerperio	..	20181	100,0
XVI. Afeccións do período perinatal	1734	1446	45,5
XVII. Anomalías conxénitas	1021	826	44,7
XVIII. Síntomas, signos e estados mal definidos	5491	4508	45,1
XIX. Traumatismos e envelenamentos	15321	14078	47,9
Outras causas	3707	4379	54,2
Total . Diagnósticos definitivos	149468	153643	50,7
<i>INE. Encuesta de morbilidad hospitalaria</i>			

Estadía media de hospitalización

A estadía media nun hospital antes de recibir a alta sitúase en 7,8 días, sendo superior nos homes (8.4) que nas mulleres (7.3). Agás no grupo de maiores de 90 anos e no de menores de 14 a media de días de hospital é superior nos homes, especialmente dos 24 aos 64 anos.

De xeito xeral a estadía media hospitalaria aumenta coa idade. Nas mulleres a superan as maiores de 90 anos.


A maior duración da hospitalización, con gran diferenza respecto as demais, é por causa de trastornos mentais e de comportamento (44 días nos homes e 37.7 nas mulleres). Pola contra, a causa de menor estadía é por complicacións do parto, embarazo ou puerperio (3.3 días) e enfermidades do ollo e anexos (3.1).

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022

Días de estadía media (Persoas enfermas dadas de alta por diagnóstico principal). Galicia 2019				
	Total	Home	Muller	H-M
Todas as causas	7,8	8,4	7,3	
I. Infecciosas e parasitarias	10,7	11,4	9,9	1,5
II. Tumores	8,6	9,4	7,8	1,6
III. Sangue, órganos hematopoiéticos e trastornos inmunitarios	8,9	9,1	8,7	0,4
IV. Endócrinas, nutricionais e metabólicas	8,2	9,7	7,1	2,6
V. Trastornos mentais e do comportamento	41	44	37,7	6,3
VI. Sistema nervioso	9,5	10,9	8	2,9
VII. Enfermidades do ollo e anexos	4,8	4,3	5,4	-1,1
VIII. Enfermidades do oído e da apófese mastoide	3,1	3,2	3,1	0,1
IX. Aparello circulatorio	8,7	8,8	8,7	0,1
X. Aparello respiratorio	7,7	7,8	7,7	0,1
XI. Aparello dixestivo	6,6	6,4	6,8	-0,4
XII. Pel e tecido celular subcutáneo	8,4	8,1	8,7	-0,6
XIII. Sistema osteomuscular e tecido conxuntivo	5	5,1	5	0,1
XIV. Aparello xenitourinario	6	6	6	0
XV. Complicacións do embarazo, parto e puerperio	3,3	..	3,3	
XVI. Afeccións do período perinatal	8,5	8,3	8,9	-0,6
XVII. Anomalías conxénitas	4,6	4,6	4,6	0
XVIII. Síntomas, signos e estados mal definidos	6,5	6,6	6,3	0,3
XIX. Traumatismos e envelenamentos	8,7	8,6	8,8	-0,2
XXI. Factores que inflúen no estado da saúde e contacto cos servizos sanitarios	4,9	5	4,8	0,2
Altas sen diagnóstico	10,6	12,5	8,2	4,3

INE. Encuesta de morbilidad hospitalaria





EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
 Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
 Concello da Coruña. 2022

Interrupcións voluntarias de embarazo

Dende o ano 2010 da última lei do aborto, que ampliou os dereitos anteriores, o número de interrupcións voluntarias do embarazo mostra un continuo descenso, cun total de 2868 no ano 2019, segundo os datos publicados por o IGE procedentes da Dirección Xeral de Saúde Pública. Xunta de Galicia.

Nestes anos na distribución por idade houbo cambios, diminuíndo o porcentaxe de menores de 30 anos.



EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
 Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
 Concello da Coruña. 2022

Casos de VIH e sida

Tanto o VIH (virus da inmunodeficiencia humana) como os casos de SIDA presentan unha tendencia clara de descenso.

Dende o ano 1996 no que foron diagnosticadas en Galicia 362 persoas con sida, 289 homes e 73 mulleres, a cifra foi reducíndose ata chegar aos 23 de 2020 con 17 homes e 3 mulleres (26%). A porcentaxe de mulleres sempre é inferior e soamente no ano 2010 acadou a máxima do 36% dos casos.


Evolución diagnósticos anuais de sida													
	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Homes	70	58	37	40	44	40	30	25	33	14	5	21	17
Mulleres	13	20	21	13	11	8	3	6	6	4	3	1	6
Total	83	78	58	53	55	48	33	31	39	18	8	22	23
% mulleres=	15,7	25,6	36,2	24,5	20,0	16,7	9,1	19,4	15,4	22,2	37,5	4,5	26,1

Fonte: IGE: Consellería de Sanidade. Dirección Xeral de Saúde Pública. Información subministrada directamente

Casos de VIH (virus da inmunodeficiencia humana) por ano de diagnóstico e sexo

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Homes	161	169	137	143	194	168	155	136	106	93	100	141	88
Mulleres	52	47	33	45	31	22	30	27	26	27	23	12	17
Total	213	216	170	188	225	190	185	163	132	120	123	153	105
% mulleres	24,4	21,8	19,4	23,9	13,8	11,6	16,2	16,6	19,7	22,5	18,7	7,8	16,2

Fonte: IGE: Consellería de Sanidade. Dirección Xeral de Saúde Pública. Información subministrada directamente



Defuncións


Defuncións por idade

O número de defuncións en Galicia no ano 2020 foi similar en ambos sexos 16571 mulleres (50,45%) e 16.274 homes

Agás no grupo de 85 e máis anos, no que as mulleres foron o 62% en tódolos demais grupos é superior o número das defuncións de homes.

Defuncións segundo o sexo e grupos de idade. Ano 2020				
	Total	Homes	Mulleres	Porcentaxe Mulleres
Menores dun ano	41	29	12	29,27
De 1 a 4 anos	5	2	3	60,00
De 5 a 14 anos	14	10	4	28,57
De 15 a 24 anos	46	34	12	26,09
De 25 a 34 anos	116	83	33	28,45
De 35 a 44 anos	321	201	120	37,38
De 45 a 54 anos	932	594	338	36,27
De 55 a 64 anos	2268	1544	724	31,92
De 65 a 74 anos	4050	2764	1286	31,75
De 75 a 84 anos	8029	4593	3436	42,79
De 85 e máis anos	17023	6420	10603	62,29
Total	32845	16274	16571	50,45

Fonte: IGE, INE. Movemento natural da poboación.




EC_LL

Defuncións segundo a causa

A causa máis frecuente causa é por enfermidades do sistema circulatorio (infartos, anxina de peito, cerebro-vascular,..) tanto en homes como mulleres pero con maior incidencia nas mulleres para as que supoñen o 31 % das defuncións no 2020 e nos homes o 27%. A taxa por estas enfermidades cada 100.000 habitantes acada a cifra de 364.7 nas mulleres e 351.9 nos homes.

A segunda causa son os tumores, e neste caso con maior incidencia nos homes con unhas 5.000 defuncións (31%) e nas mulleres 3492 (21%). A taxa por cada 100.00 habitante é de 384 e 249 respectivamente.

A terceira causa é diferente por sexo. Nas mulleres é por trastornos mentais e do comportamento, vinculada a súa maior lonxevidade, rexistrándose 1.650 defuncións por esta causa (10%) e 781 nos homes (5%). Nos homes a terceira causa de son enfermidades do sistema respiratorio con 1.663 defuncións, o 10%; e nas mulleres 1.462 (9%).



Defuncións segundo a súa causa por sexo. Ano 2020				
Enfermidades	Número total		Nº cada 100.000 habitantes	
	Home	Muller	Home	Muller
I Enfermidades infecciosas e parasitarias (1)*	1022	954	78,6	68,1
II Tumores	4993	3492	384	249,1
III Enf. do sangue/órg. hematop/inmunidade	68	99	5,2	7,1
IV Enf. endócrinas/nutricionais/metaból.	338	423	26	30,2
V Trastornos mentais e do comportamento	781	1650	60,1	117,7
VI-VIII Enf. do sistema nervioso e dos órganos dos sentidos	682	1035	52,5	73,8
IX Enfermidades do sistema circulatorio	4396	5112	338,1	364,7
X Enfermidades do sistema respiratorio	1663	1482	127,9	105,7
XI Enfermidades do sistema dixestivo	825	721	63,5	51,4
XII Enf. da pel e do tecido subcutáneo	48	98	3,7	7
XIII Enf. sist. osteomusc. e tec. conectivo	62	104	4,8	7,4
XIV Enf. do sistema xénitourinario	430	584	33,1	41,7
XV Embarazo, parto e puerperio	0	0	0	0
XVI Afeccións orixinadas no per. perinatal	15	8	1,2	0,6
XVII Malf. conxén./deformid./anom. cromosómicas	23	25	1,8	1,8
XVIII Síntomas/signos/achados anormais, ncop. (2)	132	281	10,2	20
XX Causas externas de mortalidade	796	503	61,2	35,9
Total	16274	16571	1251,7	1182,2

Fonte: INE. Defunciones según la causa de la muerte.
 Nota: (1) : Por motivos de comparabilidade, inclúese VIH+ (R75) no capítulo I. Enfermidades infecciosas e parasitarias aínda que a CIE-10 encádrao no capítulo XVIII. Síntomas, signos e achados anormais clínicos e de laboratorio, non clasificados noutra parte. Por recomendación da OPS inclúese neste capítulo o SRAG (Síndrome Respiratorio Agudo Grave) U04
 (2): Por motivos de comparabilidade, inclúese VIH+ (R75) no capítulo I. Enfermidades infecciosas e parasitarias aínda que a CIE-10 encádrao no capítulo XVIII. Síntomas, signos e achados anormais clínicos e de laboratorio, non clasificados noutra parte. Poboación a 1 de xaneiro de cada ano segundo o Padrón municipal de habitantes.

(*) Covid-19 virus identificado e virus no identificado (sospeitoso) inclúese no grupo das enfermidades infecciosas e parasitarias

Defuncións por Alzheimer

O número de mortes rexistradas como Alzheimer mostra tendencia lenta ao ascenso. No ano 2018 houbo case 800 mortes por dita causa, das que 547 (70%) eran mulleres, unha porcentaxe similar a dos anos anteriores.

Respecto ao total de mortes en cada sexo no grupo de enfermidades incluídas no grupo de “Trastornos mentais e de comportamento”, o Alzheimer ven a ser a causa do 33% das defuncións das mulleres e 30% nos homes.

Defuncións por enfermidade de Alzheimer segundo o sexo								
	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Homes	206	228	194	320	222	249	204	237
Mulleres	539	546	466	379	536	555	524	547

Fonte: IGE.

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
 Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
 Concello da Coruña. 2022

Defuncións por causas externas

Das 1169 mortes por causas externas no ano 2018 as principais causas foron as caídas accidentais (34%), seguido dos suicidios (23%) e os accidentes de tráfico (14%).

Defuncións por suicidio



Galicia é a segunda Comunidade Autónoma con maior taxa de suicidios por 100.000 habitantes, tanto en homes como mulleres. Ademais, como indica a Fundación Española para Prevención del Suicidio, "baixo outras causas externas (afogamentos, envelenamentos, caídas ou outros accidentes) poden ocultarse mortes por suicidio que, por distintos motivos, non son asinadas a esta causa"

Tres de cada dez suicidios son de mulleres e sete de homes, oscilando de xeito constante ao longo dos anos arredor desta porcentaxe.

A cifra máis frecuente e nas idades intermedias pero en relación coa poboación do mesmo grupo de idade, as taxas aumentan coa mesma, sendo a taxa máis alta nas persoas maiores de 65.

Evolución nº de suicidios											
	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Homes	216	256	210	241	262	243	284	224	238	247	201
Mulleres	82	91	76	70	89	88	92	85	103	85	89
% mulleres	27,5	26,2	26,6	22,5	25,4	26,6	24,5	27,5	30,2	25,6	30,7

Fonte:




EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
 Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
 Concello da Coruña. 2022

Defuncións por accidentes de tráfico

O número de defuncións por accidentes de tráfico foi reducíndose nas últimas décadas, pero a porcentaxe nas mulleres mantense arredor de 25% en todos estes anos.



Evolución das defuncións por accidentes de tráfico. Galicia 1999-2018													
	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Total	346	325	253	251	238	195	160	136	152	146	159	131	157
Home	260	245	198	197	186	136	120	98	103	106	121	93	119
Muller	86	80	55	54	52	59	40	38	49	40	38	38	38
% muller	24,9	24,6	21,7	21,5	21,8	30,3	25,0	27,9	32,2	27,4	23,9	29,0	24,2

Fonte: IGE

A taxa de mortalidade por lesións debidas a accidentes de tráfico no ano 2020 acadou o valor de 6,5 por 100.000 habitantes no caso dos homes e moito máis baixa nas mulleres nas que se reduce ata 2,0. Na redución entre o ano 2018 e 2020 é seguro que un dos factores foi a menor circulación por as restricións de mobilidade impostas durante a pandemia, tal como confirma o aumento de accidentes detectados unha vez que finalizou.

Taxa de defunción por accidentes de tráfico por 100.000 habitantes. Galicia			
	2018	2019	2020
Homes	9,438	7,523	6,527
Mulleres	2,794	2,865	2,005
Total	6,002	5,113	4,187

Fonte: INE

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
 Área de Igualdade, Benestar Social e Participación
 Concello da Coruña. 2022


Como referencia a estas cuestións, segundo un informe da DGT as mulleres teñen menos accidentes de tráfico e os que teñen son menos graves.

E se ben por idade a cifra superior sitúase nas idades centrais, a taxa en relación coa poboación da mesma idade corresponde as persoas maiores.

Todo isto pode considerarse unha maior prudencia e respecto por as normas de seguridade viaria por parte das mulleres, tanto en condución como peonil. O número de permisos de condución é similar por sexo, e aínda que os homes fan máis desprazamentos non parece suficiente para tan notoria diferenza.

Taxa de defunción por accidentes de tráfico por 100.000 habitantes			
	Total	Homes	Mulleres
Menores de 1 ano	0,000	0,000	0,000
De 1 a 14	0,000	0,000	0,000
De 15 a 29	4,664	7,959	1,197
De 30 a 39	5,714	9,492	1,911
De 40 a 44	4,488	5,400	3,580
De 45 a 49	2,274	3,653	0,906
De 50 a 54	5,227	8,713	1,867
De 55 a 59	3,040	6,248	0,000
De 60 a 64	3,232	5,585	1,040
De 65 a 69	4,859	8,933	1,159
De 70 a 74	2,528	4,098	1,176
De 75 a 79	6,796	6,829	6,769
De 80 a 84	5,935	9,771	3,324
De 85 a 89	9,464	13,037	7,429
De 90 a 94 s	13,315	25,565	7,747
95 e máis	8,808	35,228	0,000
Todas as idades	4,187	6,527	2,005

Fonte: INE



EC_LL

DETERMINANTES DE SAÚDE


Características físicas

O IMC (índice de masa corporal) é unha medida estándar para avaliar a saúde xeral en base a relación entre peso e altura e utilízase como indicador para un grupo de poboación.

O Índice de masa corporal na poboación adulta maior de 18 anos en Galicia presenta mellores datos nas mulleres . O peso considerado normal o normopeso caracteriza ao 47% das mulleres e baixa ata 36,4% dos homes.

As mulleres tamén teñen menor sobrepeso (33%) que os homes(46%).

Nos valores extremos hai un 3.3% de mulleres cun peso insuficiente e nos homes unicamente o 1%. No caso de obesidade é similar, entre 16 e 17 % aínda que unhas décimas máis na porcentaxe nos homes.



Consumo de tabaco



Segundo a enquisa europea de saúde 2020 (INE) No consumo de tabaco teñen hábitos máis saudables as mulleres, cun 73% que nunca fumou, porcentaxe que nos homes redúcese ata o 53%.

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022

No caso de consumir, o 21 % dos homes fuma diariamente e as mulleres o 15%. Tamén o número de cigarros que fuman, dentro do grupo que fuma diariamente, as mulleres consumen menos que os homes.

Contrastando coa información das enquisas realizadas por o INE e IGE nos anos 2006, 2012 e 2017, aumenta a porcentaxe de persoas ex-fumadoras e redúcese as que fuman diariamente. Os cambios neste sentido foron máis acusados nos homes, pasando de ser un 30% fumadores diarios ao 20%. As mulleres, aínda que tenden a un menor consumo, as porcentaxes permanecen similares, manténdose nun 16%.



A exposición ao fume de tabaco en lugares pechados cunha frecuencia diaria e unha situación na que están o 5% das mulleres e o 4% dos homes. E nunca se atopan nesa situación o 90% das mulleres e o 89% dos homes.


Por outra banda tamén consumen menos o cigarro electrónico as mulleres (0.3%) que os homes (0.9%).


Consumo de alcohol

Practicamente a metade das mulleres (48%) non consumiu bebidas alcohólicas nos últimos 12 meses e aumenta ata o 89 % as que non fixeron consumo intensivo destas bebidas (máis de 5 unidades de bebida estándar 50 g de alcohol puro nun intervalo de 4-6 horas).

En xeral, diminúe o consumo respecto a 2017 no que non consumiran o 31%.

No caso dos homes o 25% non consumiu alcohol nos últimos 12 meses e ,no caso contrario, de xeito intensivo o 22% nalgunha ocasión (consumiron no intervalo de 4-6 horas máis de 6 unidades de bebida estándar 60 g de alcohol puro),






Actividade física

Segundo a Enquisa Europea de Saúde en España do ano 2020 (INE), a poboación maior de 15 anos, no seu traballo ou actividade principal (ocupada, estudante, ou dedicada as tarefas do fogar), pasan sentados/as a maior parte do día o 31% das mulleres e un 33% de homes, pero a metade da poboación fai un exercicio moderado, sexa camiñando, levando algún peso ou facendo desprazamentos frecuentes ou ben pasan de pé a maior parte da xornada sen efectuar grandes desprazamentos. Nesta última situación, de estar de pé, atópanse o 38% das mulleres e un 31% de homes.

178

A maior diferenza por sexo está na realización de tarefas que requiren gran esforzo físico, que o fan o 12% dos homes e o 3% das mulleres.



EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
 Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
 Concello da Coruña. 2022

O 44% das mulleres considéranse sedentarias, e os homes un 39%.

De feito, hai un 19% de mulleres e un 15% de homes que non camiñan na semana para desprazarse, pero a maior frecuencia e de quen fai desprazamentos a pé todos os días, O 34% das mulleres e o 37% dos homes.

Número de días na semana nos que camiña para desprazarse		
	Home	Muller
Ningún	15,41	18,82
1 ou 2 días na semana	11,65	7,99
3 ou 4 días na semana	16,18	15,45
5 ou 6 días na semana	19,18	23,59
7 días na semana	37,58	34,15
Total	100	100

No tempo de ocio, os homes tamén desprázanse mas a miúdo camiñando que as mulleres, pero practicamente a metade en ambos sexos se despraza a pé un mínimo de cinco días na semana.

Frecuencia de facer exercicio no tempo de ocio (% en cada sexo)		
	Home	Muller
Ningún	58,26	64,61
1 ou 2 días na semana	12,43	13,24
3 ou 4 días na semana	16,81	11,13
5 ou 6 días na semana	7,92	7,64
7 días na semana	4,58	3,38
Total	100	100

Fonte: Enquisa Europea de Saúde. INE

O desprazamento en bicicleta unicamente o utiliza o 4 % das mulleres, mentres que nos homes aumenta ata o 14%.



En canto a facer exercicio físico no tempo de ocio, gran parte da poboación non o fai, soamente o practica o 35% das mulleres e o 42% dos homes.

O 35% das mulleres fan exercicio no tempo de ocio e distribúense nun 13% cunha frecuencia de un a dous días na semana, outro 11% 3 a 4 días e, un 8 % 5 ou 6 días e 3% todos os días

No caso dun exercicio orientado ao fortalecemento de músculos tamén ocúpanse máis os homes no seu tempo de ocio (22%), que as mulleres (17%).

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022



Alimentación

As mulleres tenden a alimentarse de xeito máis saudable que os homes, con hábitos máis adecuados as recomendacións das fontes sanitarias.


A maior diferenza no consumo frecuente mostrase que elas toman máis froitas frescas, verduras, ensaladas e hortalizas, pescado e produtos lácteos. Eles toman máis embutidos e friames, refrescos con azucre, carne, comida rápida, aperitivos ou comidas salgadas de picar.

EC_LL

Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022

Patrón no consumo de determinados alimentos . (Frecuencias en %) Galicia										
	A diario		4 ou máis semana		1 ou 2 na semana		Menos de 1 na semana		Nunca	
	H	M	H	M	H	M	H	M	H	M
Froita fresca (non zumes)	57,0	68,0	21,2	18,0	12,9	7,8	5,5	4,5	3,3	1,76
Carne	9,4	4,4	69,6	67,5	19,5	25,0	0,4	1,6	1,1	1,39
Ovos	2,8	0,7	40,1	40,1	51,4	52,4	5,2	6,0	0,5	0,69
Pescado	0,3	1,0	42,3	46,9	50,1	45,7	5,0	4,4	2,2	2,14
Pasta ,arroz, patacas	31,7	28,2	54,0	49,6	12,9	20,2	1,4	1,5	0,0	0,47
Pan,cereais	82,1	81,3	9,1	8,5	5,4	6,4	2,1	2,0	1,4	1,95
Verduras, ensaladas e hortalizas	23,9	36,1	46,9	47,1	20,6	13,4	5,9	3,2	2,7	0,32
Legumes	1,9	1,7	22,0	23,2	58,2	58,4	14,9	14,8	3,0	1,89
Embutidos e fiambres	12,5	7,1	34,0	23,2	28,9	29,7	15,1	24,5	9,4	15,48
Produtos lácteos	82,4	87,1	7,2	5,9	5,1	3,9	2,6	1,6	2,8	1,54
Doces	24,9	29,0	17,2	15,8	19,6	20,4	19,6	20,3	18,8	14,52
Refrescos con azúcre	5,5	3,1	10,7	3,7	12,4	10,2	19,9	20,9	51,7	62,12
Comida rápida	2,8	1,1	9,7	4,3	19,4	18,5	30,7	29,0	37,4	47,15
Aperitivos ou comidas salgadas de picar	1,2	0,5	5,0	2,8	16,5	13,0	32,0	30,0	45,3	53,72
Zume natural de froitas ou verduras	16,3	15,8	12,9	12,3	11,5	13,1	12,3	15,0	47,0	43,89

Fonte. Encuesta Europea de Salud 2020. (INE)



EC_LL

*Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022*

EC_LL

*Observatorio Municipal de Igualdade. OMID. Servizo de Igualdade
Area de Igualdade, Benestar Social e Participación
Concello da Coruña. 2022*